

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 74

Sesión plenaria
2 de decembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2024

(doc. núm. 38373, 12/IVAL-000002)

Publicación do Informe anual, BOPG nº 284, do 13.11.2025

Punto 2. Texto lexislativo

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia (doc. núm. 27520, 12/PPL-000009)

Publicación do Informe da Ponencia, BOPG nº 286f1, do 19.11.2025

Punto 3. Comparecencia

3984 (12/CPP-000075)

Da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre o balance das actuacións en materia de vivenda no que vai de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

Punto 4. Mocións

4.1 39027 (12/MOC-000092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 3345, publicada no BOPG núm. 24f1, do 15 de maio de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 18 de novembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

4.2 39137 (12/MOC-000093)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 38080, publicada no BOPG núm. 279f1, do 5 de novembro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 18 de novembro de 2025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025

4.3 39146 (12/MOC-000094)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36479, publicada no BOPG núm. 272f2, do 22 de outubro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 18 de novembro de 2025.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f1, do 26.11.2025



Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 37437 (12/PNP-002739)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e dous deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 29.10.2025

5.2 37586 (12/PNP-002752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Hermelo Piñeiro, María Dolores e oito deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

5.3 37701 (12/PNP-002760)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que avance no desenvolvemento de ferramentas que garantan a neutralidade ideolóxica nas actividades dos centros de ensino

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 276, do 29.10.2025

5.4 38461 (12/PNP-002826)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para asegurar a continuidade e a calidade asistencial dos servizos de pediatría, obstetricia e urxencias do Hospital Comarcal de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

5.5 38484 (12/PNP-002829)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda ao Goberno galego da realización dunha avaliación urxente verbo da dotación dos centros educativos públicos galegos de persoal coidador e de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

5.6 38724 (12/PNP-002859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e seis deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rexeite o plan industrial de Altri e desenvolva como alternativa plans de investimentos nos sectores económicos estratéxicos das comarcas afectadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025



Punto 6. Interpelacións

6.1 34268 (12/INT-001236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre os obxectivos do Goberno galego no que concirne á actualización da normativa en relación coa Administración local e co modelo de financiamento dos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260f2, do 25.09.2025

6.2 34662 (12/INT-001258)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre o rigor da avaliación do impacto medioambiental e socioeconómico na tramitación dos plans industriais estratéxicos (PIE) promovidos polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f2, do 01.10.2025

6.3 38717 (12/INT-001422)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as valoracións e declaracións que está a facer o Goberno galego verbo das resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relacionadas co sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 286f2, do 19.11.2025

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 39286 (12/POPX-000063)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co enfoque que lles está a dar ás súas políticas de benestar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

7.2 39287 (12/POPX-000064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a situación da vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 35531 (12/POP-005149)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar a Xunta de Galicia para garantir a suficiencia de prazas de autobús desde Carballo ata A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265f2, do 8.10.2025



8.2 39282 (12/PUP-000173)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a capacidade orzamentaria dos concellos galegos ante o progresivo aumento das súas competencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025

8.3 35660 (12/POP-005157)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a política de protección do Parque Natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268f3, do 15.10.2025

8.4 38768 (12/POP-005517)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Chao Rivas, Saleta e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as demandas da comunidade educativa do CEIP Monte dos Postes, de Santiago de Compostela, relativas á dotación deste centro de profesorado especialista e persoal coeducador

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287f1, do 20.11.2025

8.5 37777 (12/POP-005379)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a información facilitada polo Goberno central á Xunta de Galicia verbo do alcance dos fallos detectados en Galicia nas pulseiras antimaltrato de prevención da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f2, do 05.11.2025

8.6 38792 (12/POP-005520)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a posibilidade de impulsar un convenio entre o Concello de Foz e o IGVS para construír vivenda de alugueiro social nunha parcela previamente adquirida pola Administración local desa vila

Publicación da iniciativa, BOPG nº 287f1, do 20.11.2025

8.7 39284 (12/PUP-000174)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas da sanidade galega no ámbito da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290f2, do 26.11.2025



8.8 29372 (12/POP-004397)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre o plan que o Goberno galego prevé implantar nesta nova lexislatura para o fomento da remuda xeracional no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 228, do 05.08.2025

8.9 30693 (12/POP-004588)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da previsión de fondos europeos pesqueiros na proposta do Marco financeiro plurianual 2028-2034

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O presidente comunica a inasistencia do deputado Brais Ruanova Vilas-Boas, quen, ao abeiro do disposto no artigo 84.4 do Regulamento da Cámara, exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión na deputada Ana Belén Pontón Mondelo. Ademais, o presidente tamén comunica a inasistencia da deputada Patricia Iglesias Rey e do deputado Iago Suárez Fernández (Páx. 11.)

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2024 (Punto primeiro da orde do día.)

O presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo. (Páx. 11.)

A vicepresidenta primeira, María Elena Candia López, acompaña a valedora do pobo ata a tribuna. (Páx. 11.)

Exposición da valedora do pobo: María Dolores Fernández Galiño. (Páx. 11.)

A vicepresidenta primeira, María Elena Candia López, acompaña a valedora do pobo, que abandona o salón de sesións. (Páx. 15.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións: Armando Ojea Bouzo (M) (Páx. 15.), Paloma Castro Rey (S) (Páx. 17.), Óscar Insua Lema (BNG) (Páx. 20.) e Paula Prado Del Río (P). (Páx. 24.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a este ditame, que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 27.)

Presentación do Ditame: presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Julio García Comesaña). (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o Ditame e, se é o caso, para defenderen as emendas mantidas: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 28.), Paloma Castro Rey (S) (Páx. 28.), Daniel Castro García (BNG) (Páx. 32.) e Roberto Rodríguez Martínez (P). (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Paloma Castro Rey (S) (Páx. 38.), Daniel Castro García (BNG) (Páx. 40.) e Roberto Rodríguez Martínez (P). (Páx. 41.)



Votación do texto lexislativo

Votación das emendas números 1 a 6 do G. P. Socialista de Galicia mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *rexeitadas por 8 votos a favor, 38 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación das restantes emendas do G. P. Socialista de Galicia mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 44.)

Votación das emendas números 1, 2 e 4 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *rexeitadas por 24 votos a favor, 46 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 44.)

Votación da emenda número 5 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego mantida ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 44.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Comparecencia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre o balance das actuacións en materia de vivenda no que vai de lexislatura. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue).* (Páx. 45.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 52.), Alexandra Fernández Gómez (BNG) (Páx. 56.) e José Alberto Pazos Couñago (P). (Páx. 59.)*

Réplica do Goberno: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue).* (Páx. 63.)

A presidenta María Elena Candia López abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 66.) Nesta rolda interveñen o Aitor Bouza Manso (S) (Páx. 66.), Alexandra Fernández Gómez (BNG) (Páx. 68.), José Alberto Pazos Couñago (P) (Páx. 69.) e a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue). (Páx. 71.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Olalla Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Armando Ojea Bouzo (M)* (Páx. 77.), *Silvia Longueira Castro (S)* (Páx. 79.) e *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 81.)

Nova intervención da deputada Olalla Rodil Fernández (BNG). (Páx. 84.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega. (Punto cuarto da orde do día.)

A presidenta María Elena Candia López comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da moción: *Iria Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 86.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 91.), *María Encarnación Amigo Díaz (P)*. (Páx. 91.)

A deputada Iria Carreira Pazos (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 93.)

O deputado Julio García Comesaña (P) pide a palabra e intervén para facer unhas aclaracións con respecto a intervención da señora Carreira (Páx. 96.)

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *María Elena Espinosa Mangana (S)*. (Páx. 98.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Páx. 100.), *María Monserrat Prado Cores (BNG)* (Páx. 100.) e *María Encarnación Amigo Díaz (P)*. (Páx. 103.)

Nova intervención da deputada María Elena Espinosa Mangana (S). (Páx. 105.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 107.)



Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as lis-taxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas: *re-xeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno ga-lego co fin de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Daniel Castro García (BNG).* (Páx. 108)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Carlos López Font (S)* (Páx. 110.) e *Roberto Rodríguez Martínez (P).* (Páx. 112.)

Nova intervención do deputado Daniel Castro García (BNG). (Páx. 114.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Dolores Hermelo Piñeiro e oito deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da elabo-ración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente. (Punto quinto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 116.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *María Dolores Hermelo Piñeiro (P).* (Páx. 106.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *María Elena Espinosa Mangana (S).* (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Paulo Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 120.)

A deputada María Dolores Hermelo Piñeiro (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 123.)

Suspéndese a sesión ás sete e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

Xustificaron inasistencia o deputado Brais Ruanova Vilas-Boas, que delega o seu voto na deputada Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, conforme o artigo 84.3 do Regulamento, e tamén dona Patricia Iglesias Rey e don Iago Suárez Fernández.

Sen máis, entramos na orde do día.

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2024

O PRESIDENTE: O punto primeiro é o Informe anual do Valedor do Pobo. Todo iso faise en aplicación da norma terceira reguladora das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991.

O debate ante o Pleno do Informe anual axustarase ao seguinte procedemento: a valedora exporá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o pasado 21 de novembro. Ao seu remate, abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións. Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, as ou os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de dez minutos cada un para fixar a súa posición respecto do informe presentado. Con motivo deste debate, non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo de posteriores iniciativas regulamentarias.

Para isto, voulle dar a palabra á valedora, dona María Dolores Fernández Galiño.

Prégolle á vicepresidenta primeira que teña a ben acompañala ata esta tribuna. (A vicepresidenta primeira, María Elena Candia López, acompaña a valedora do pobo ata a tribuna de oradores.)

A VALEDORA DO POBO (María Dolores Fernández Galiño): Bo día, presidente do Parlamento, membros da Mesa e deputadas e deputados.

É unha honra comparecer hoxe ante este Parlamento para presentar o Informe anual da Valedora do Pobo correspondente ao exercicio 2024. Nestes últimos anos vivimos un contexto marcado por desafíos sucesivos: a pandemia, as guerras de Ucraína e Gaza, a crise inflacionista... Todo isto impactou tanto no tecido social como na capacidade de resposta das administracións, poñendo a proba a protección e a tutela dos dereitos fundamentais. Neste escenario, desde a Valedora do Pobo quixemos reforzar o noso compromiso cunha acción pública baseada nun enfoque nos dereitos humanos. O noso obxectivo é claro: que ninguén quede atrás, en consonancia coa Axenda 2030.



Débase garantir a igualdade real e a non-discriminación e prestar especial atención á situación das mulleres, das persoas maiores, das persoas con discapacidade, da infancia, da mocidade e, en definitiva, dos colectivos en risco de exclusión, como as persoas pobres, sen fogar e en situación de vulnerabilidade. A nosa actividade institucional centrouse, ademais, en fomentar a colaboración coas administracións e en manter sempre abertos tanto o diálogo como a escoita activa coa cidadanía. Nesta liña, mantivemos unha relación fluída con entidades do terceiro sector de acción social, coas que nos reunimos, e organizamos eventos para dar a coñecer problemáticas sociais como a discapacidade, o senfogarismo, o antixitanismo ou as mulleres rurais.

Unha análise anual precisa de datos cuantitativos. Durante o ano 2024 rexistramos un crecemento importante tanto no número de queixas como na participación cidadá. Así, recibíronse máis de 16.500 queixas; admitimos o 94 por cento, concluímos o 75 por cento e inadmitimos o 3 por cento. Desas 16.500 queixas, o 60 por cento foron presentadas por mulleres. O uso do galego nas comunicacións superou o 80 por cento, e é un feito que case dous terzos das queixas se presentaron de xeito presencial ou postal.

Cabe salientar as achegas colectivas á institución. Entre os exemplos, podemos mencionar as máis de 8.500 sinaturas procedentes do Carballiño para reclamar melloras sanitarias; as 9.500 sinaturas de Sada en relación coa modificación dunha liña de transporte; ou un escrito de 338 persoas de Tordoia sobre a falta de profesorado de apoio nun colexio. No ano, tramítáronse 4.155 asuntos, o que supón un incremento dun 11 por cento respecto do ano anterior e dun 43 por cento desde o ano 2020. En atención á administración afectada, do total de asuntos admitidos, o 65 por cento referíronse á Administración autonómica e o 34 por cento implicou as deputacións e os concellos.

Por temática, as queixas centráronse nos servizos públicos máis demandados: sanidade, inclusión social e educación —de competencia autonómica—. Ademais, destacou o volume de queixas relacionadas cos servizos municipais e co emprego público. Como consecuencia das súas investigacións, a institución da Valedora do Pobo emitiu 608 resolucións; o 57 por cento dirixíronse á Administración autonómica —maioritariamente en relación cos servizos que comentamos— e o 42 por cento remitíronselles ás deputacións e aos concellos. Cómpre destacar que a colaboración coas administracións foi boa: máis do 80 por cento das respostas ás recomendacións que se fixeron foron admitidas. Tamén tivemos unha boa colaboración na recepción dos informes e mesmo das conclusións positivas, esas que se resolven satisfacendo o interese da persoa que se queixa unha vez que solicitamos informe, sen ter que chegar a facer unha resolución.

Paso agora a expoñer os enfoques temáticos salientables, empezando por violencia de xénero. Continuamos insistindo na necesidade de recoñecer e protexer todas as formas de violencia de xénero. Debe incluírse a violencia económica, en liña co Convenio de Istambul e a xurisprudencia actual. Como consecuencia das nosas actuacións, o Defensor del Pueblo recomendoulle ao Goberno que impulsase as reformas necesarias neste sentido. O Pacto do Estado do 2025 de loita contra a violencia de xénero inclúe a violencia en parella, a violencia da exparella, a violencia sexual, as vítimas de trata e a violencia económica. Tamén puxemos o foco na situación das mulleres que, tras o cumprimento das medidas xudiciais ou a saída



do agresor da cadea, quedan nunha situación de vulnerabilidade. Para elas, promovemos o deseño de medidas específicas de recuperación e integración plena, co obxectivo de evitar o illamento e de garantir unha protección efectiva e continuada, especialmente no ámbito rural. O Defensor del Pueblo compartiu a nosa preocupación e recomendoulle ao Goberno que adoptase medidas neste sentido.

O Pacto de Estado de loita contra a violencia de xénero do ano 2025 xa inclúe a discriminación interseccional da muller rural, establecendo unha serie de medidas —hai que ver agora a súa efectividade, en canto se apliquen—, pero non contempla como situación de especial vulnerabilidade aquela na que quedan as mulleres unha vez que o agresor extingue a responsabilidade penal. Tamén tivemos unha actuación cun concello para que elaborase un mapa de zonas seguras para previr e actuar ante o acoso en espazos públicos.

Sobre a vulnerabilidade económica, recibimos queixas de persoas obrigadas a devolver axudas de inclusión social, como a risga, por pagos indebidos que non foron causados por fraude, senón pola falta de coordinación entre as administracións. Instamos a Administración a limitar estas reclamacións aos casos en que exista mala fe, de acordo coa xurisprudencia; do contrario, as débedas poden agravar a vulnerabilidade e desvirtuar a finalidade asistencial das rendas.

Tamén propuxemos axilizar o aboamento das prestacións, posto que pretenden cubrir necesidades básicas. En dependencia, constatamos demoras na valoración de dependencia e na elaboración dos programas individuais de atención, con prazos que nalgúns ocasións superan o límite legal. En primeiro lugar, propuxemos recuperar os prazos máis curtos que prevía a normativa anterior para as revisións só de grao ou de PIA. En segundo lugar, aconsellamos ampliar os supostos de prioridade, por exemplo, para persoas sen cuidados adecuados polas circunstancias da contorna. E, en terceiro lugar, pedimos axustar a oferta de prazos de diferentes servizos ás necesidades reais detectadas.

No eido da discapacidade, tamén constatamos atrasos. Recomendamos que se dese efectividade á prórroga dos efectos dos graos que estean a piques de caducar mentres non se resolva a revisión para evitar prexuízos ás persoas afectadas. Mostramos especial preocupación polas prácticas de subxección ou contención en centros sociosanitarios; lembramos que calquera restrición de liberdade debe ser excepcional, estar xustificada, contar con control xudicial ou consentimento informado e revisarse periódica e presencialmente. Ademais, analizamos a situación dos internamentos involuntarios de persoas maiores en centros residenciais, pedindo o informe por colaboración á Fiscalía de Discapacidade de Galicia.

En sanidade, as listas de espera foron un dos motivos máis frecuentes de queixa. Moitas destas situacións resolvéronse cando pedimos informe sobre o problema: máis de trescentas. Nos casos en que se excede o prazo establecido na normativa, recomendámoslle á Administración que programe as intervencións en canto sexa posible. Nos casos en que non hai un prazo máximo previsto, recomendámoslle á Consellería que os atendese cando a espera excedese manifestamente do que podía considerarse un prazo razoable.



Tamén avogamos por que se respectasen os tempos de revisión indicados polo persoal facultativo. Así mesmo, traballamos para que, cando se propoña unha derivación a centros concertados, a persoa sexa informada das consecuencias e sexa atendida no sistema público nun prazo razoable para rechazar esa derivación. Non esquecemos as carencias de profesionais en Atención Primaria e en Pediatría, especialmente nas zonas rurais. Neste sentido, propuxemos medidas formativas, incentivos e melloras na información á cidadanía sobre as alternativas ante a ausencia de persoal sanitario de referencia.

Na área de educación, recibimos queixas sobre o cumprimento das *ratio* establecidas, que recordamos a necesidade de cumprir. Tamén nos achegaron protestas sobre E-Dixgal, e propuxemos flexibilizar a obriga dos centros de continuar no programa, que, na actualidade, se estende durante catro anos desde que se acabe de implantar na etapa educativa.

En fin, tamén abordamos, como en anos anteriores, a problemática do acoso escolar e incidimos na necesidade de formar a comunidade educativa para reforzar a prevención, a detección e a reacción. Por unha banda, o alumnado de secundaria e de bacharelato manifestounos preocupacións sobre a discreción dos puntos laranxa físicos e avogaba por que todos os centros dispuxesen dun punto virtual. Iniciamos unha actuación de oficio e a consellería indicounos que lles dera instrucións aos centros neste sentido. Por outra banda, recibimos queixas en relación coa actuación da Administración en casos concretos de acoso. Nun deles, recomendámoslle á consellería que, cando se impoña un cambio de centro a finais do curso, non permita solicitar praza nel para o curso seguinte. Noutro asunto, recomendámoslle á consellería que escoite sempre a vítima antes de adoptar unha decisión sobre un posible caso de acoso, mesmo cando xa non estude no centro educativo. Tamén, propuxémoslle á consellería que se disculpase nun caso en que un centro non detectou o acoso ata que a persoa afectada tivo que cambiar de instituto, no xeito dunha xustiza restauradora ou reparativa.

No tema de vivenda, mantivemos o acordo de colaboración co Instituto Galego da Vivenda e Solo para informar as persoas afectadas por desafuzamentos sobre os programas aos que poden acceder. En 2024 recibimos un escrito dunha persoa, nai dun neno de 10 anos, que nos indicaba que ía ser desafuzada da súa vivenda habitual. Coordinámonos co Instituto e cos Servizos Sociais para resolver esta situación; aprazouse o desafuzamento e o Instituto concedeulle unha axuda para o alugamento. Tamén instamos o Instituto para que resolvase as solicitudes de axudas para o alugamento. A Administración indicounos que recibira un volume elevado de peticións e resolveu todos os casos que deron lugar ás queixas.

Nas relacións coa Administración, unha boa parte das queixas proceden do silencio administrativo ou demoras para resolver procedementos. Instamos que se cumpran os prazos e se reforcen os servizos onde haxa colapsos. Tamén avogamos por informar de forma transparente sobre o estado dos procedementos. Isto levou á implantación dunha nova aplicación informática no Instituto Galego de Consumo e da Competencia. Finalmente, avogamos para que se mellore a atención cidadá, en especial a das persoas maiores; en concreto, recomendamos separar fisicamente as colas para as persoas con e sen cita, de xeito que ambas as dúas sexan atendidas.



Quero pechar esta exposición centrando a atención nun desafío tan novo como transcendental —e descoñecido—: o impacto da intelixencia artificial sobre os dereitos fundamentais. Ao tempo que a IA abre oportunidades incuestionables, tamén incrementa os riscos sobre a privacidade, sobre a igualdade de trato e incluso sobre a formación da opinión pública.

Primeiro, a protección dos datos persoais pode verse comprometida se se usan informacións sen consentimento ou sen control efectivo do seu uso. En segundo lugar, os algoritmos e os negos nos datos teñen potencial para perpetuar ou agravar discriminacións existentes, especialmente de xénero, raza ou condición social. En terceiro lugar, a IA pode condicionar o dereito á información veraz diante da proliferación de ultrafalsificacións, que xa supoñen riscos serios para a intimidade, a propia imaxe e a integridade dos procesos democráticos. E, por último, avánzase en tecnoloxías que afectan a esfera da liberdade individual, como o recoñecemento facial ou os sistemas de manipulación cognitiva, polo que emerxen xa propostas de protección dos chamados «neurodereitos», que ofrecen unha nova fronteira de defensa xurídica. A tecnoloxía nunca pode ser unha escusa para vulnerar dereitos, senón unha ferramenta ao servizo da igualdade e da dignidade das persoas. Canto máis intelixencia artificial, máis dereitos humanos.

E conclúo, como comisionada deste Parlamento, quedando á disposición do mesmo, e tamén recoñecendo e agradecendo o equipo que traballa na Valedora do Pobo pola dedicación e a profesionalidade con que abordan os seus labores, e tamén poñendo en valor —outra vez máis— o programa de bolsas para a integración de persoas con diversa capacidade funcional.

Moitas grazas.

Ata logo. (*Aplausos.*)

Debate do Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2024

O PRESIDENTE: Grazas, valedora.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Grazas á señora valedora do pobo polo informe.

Efectivamente, a valedora do pobo parece estar cumprindo a misión que se lle encomenda a ese cargo: velar por que a Administración respecte en todo momento os dereitos fundamentais das persoas, especialmente dos colectivos máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Nomeou diferentes exemplos da actividade que están realizando en relación con esa



defensa dos dereitos humanos das persoas, sobre todo, efectivamente, cando se enfrontan á burocracia e ás administracións.

Fixo unha interesante reflexión acerca dos novos riscos que supoñen a intelixencia artificial e as novas tecnoloxías á hora de poder agredir os dereitos das persoas. Decía o señor Orwell que, cando un abuso se disfrazaba de tecnoloxía, a xente estaba máis disposta a soportalo —isto é algunha reflexión que me volveu vir á cabeza despois do que dixo a señora valedora—; cando se disfrazaba de tecnoloxía punta, os abusos son moito máis fáciles de impoñer á xente, e iso está incluso na historia.

Si quería facerlle unha reflexión á señora valedora do pobo. Desde logo, ten un criterio totalmente autónomo e non se somete a ningunha outra autoridade; a súa figura non ten —digamos— máis función que a de persuasión, máis que de coerción.

Quería recordarlle que tamén a súa función implica que debe manterse imparcial a todo o que teña que ver coa actividade política. Iso está na definición das súas funcións, ¿non? A figura da Valedora do Pobo debe manterse á marxe, entre outras moitas cousas, da actividade política —que seguramente o ten perfectamente claro—. Entón, eu quería recordarlle que, por exemplo, os partidos políticos —e sobre todo os partidos políticos que teñen poder, e sobre todo os partidos políticos que poden estar incluso no Goberno do Estado— non son precisamente colectivos en risco de exclusión social; non son como persoas, como mulleres sometidas a violencia de xénero ou como persoas con algunha discapacidade física ou doutro tipo e que teñan dificultades para enfrontarse a unha administración. Non; os partidos políticos —e, en especial, os partidos políticos que son maioritarios e que están en gobernos— pois non son precisamente colectivos en risco de exclusión ou desfavorecidos, que non teñan ferramentas para enfrontarse ao que interpretan como abusos dalgunha administración.

Entón, claro, se atende peticións desa clase de partidos, pois está deixando de atender, ao mellor, funcións máis perentorias ou a defensa de dereitos fundamentais das persoas. Os partidos políticos —sobre todo, os partidos políticos grandes— teñen ferramentas para defenderse das administracións que sexan, indo ao xulgado, indo ao fiscal ou sometendo as cuestións ao poder xudicial, e non deberían restar recursos á Valedora do Pobo, que teñen mellor destino, desde logo, defendendo o que a señora valedora, fundamentalmente, falou nos últimos minutos: persoas que ven conculcados os seus dereitos sanitarios ou os seus dereitos á educación ou persoas e colectivos que non dispoñen ás veces das ferramentas potentes das que dispoñen os partidos políticos para enfrontarse á Administración ou ás administracións. Se se atenden determinadas peticións dos partidos políticos por parte da valedora, estalles dando titulares; e, en política, un titular é un activo. O feito de —digamos— prestar atención a esa clase de conflitos por parte da valedora é, na miña opinión, unha forma de interferir na actividade política.

Entón, eu pediríalle á señora valedora e ao seu equipo que, cando cheguen peticións de partidos políticos que pretenden instrumentalizar a figura da valedora para un titular o outro día ou durante tres ou catro días na prensa —cando eses partidos políticos dispoñen doutras ferramentas potentes para defender o que eles entendan como os seus dereitos ou as súas



reivindicacións, como son o fiscal, os xuíces e os tribunais—, que non recorran á Valedora do Pobo, como está sucedendo hoxe en Ourense, por exemplo —temos un caso así—.

Volvendo recordar que a Valedora do Pobo non se somete a ningún criterio máis que ao seu propio —entendida como institución, loxicamente, como figura prevista no Estatuto de autonomía e definida por unha lei— e recoñecéndolle, desde logo, esa capacidade de actuar de forma autónoma, pois tamén lle recordaría esa obrigação de manterse á marxe das confrontacións políticas.

Ao mesmo tempo, recordaríalle esa misión de persuadir que ten e que a utilízase para persuadir os partidos políticos —especialmente os partidos políticos grandes— de que non usasen a súa figura con fins políticos ou con fins de promoción política. Recórdolle que eses partidos políticos teñen outras ferramentas á súa disposición e non son precisamente colectivos con risco de exclusión.

Nada máis, moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, valedora, e moitas grazas, un ano máis, por dar conta do traballo que desenvolven dende unha institución, malia as dificultades que afronta, que continúa a ser un referente na defensa dos dereitos da cidadanía, e malia, tamén, o Goberno de Rueda, que, para incrementar a opacidade da súa xestión, decidiu apartar a Valedoría do Pobo do control da transparencia en Galicia. Transferiu esa función a un órgano, como é o Consello Consultivo de Galicia, cuxa composición está baixo o seu control, ao ter maioría absoluta. Dende o Partido Socialista denunciámos esta decisión e entendemos que supón un atentado á independencia institucional e á rendición de contas e vulnera o espírito mesmo da normativa de transparencia, que atribúe á Valedoría un papel como comisionado independente. Rueda leva máis de tres anos gobernando e máis de tres anos de xestión, nos que non dubidou en limitar o control da transparencia e manipular politicamente todos os organismos; entre outros exemplos, temos este que acabo de citar, pero tamén a modificación do IGE ou dos directores territoriais.

Por iso, ante isto, necesitamos institucións que actúen con independencia, e a Valedoría é un exemplo. Vostedes levan anos priorizando a protección das mulleres e das persoas máis vulnerables dende moitos aspectos.

Este ano falaba vostede de introducir un elemento, a intelixencia, para advertir dos riscos que pode supoñer se non se regula axeitadamente. Nós compartimos esta visión. Os avances tecnolóxicos, por suposto, melloran a calidade de vida, permiten progresos médicos impen-



sables hai uns anos ou abren as portas a tratamentos menos invasivos ou máis eficaces, pero, sen marcos legais sólidos e sen respecto estrito aos dereitos fundamentais, o risco de traspasar os límites é evidente. Isto require gobernos responsables, con visión e con capacidade de planificación. Vostede, valedora, falou de institucións sólidas, eficaces e inclusivas. Nós compartimos esta necesidade e denunciámos que non todas as institucións galegas están á altura do que a cidadanía merece.

Quero, antes de entrar no fondo de cada unha das áreas, parabenizala a vostede tamén polo funcionamento da Valedoría. O 2024 remata cun récord histórico de asuntos recibidos, e, polo tanto, parabéns por esta dilixencia e tamén parabéns a todo o equipo que forma parte da Valedoría. ¿Isto que reflicte? Por unha banda, reflicte que hai unha maior confianza na institución que vostede representa, pois a cidadanía sabe que aquí vai atopar escoita e rigor, cousas que non sempre atopan na Administración autonómica; pero tamén —non podemos deixar de advertilo— reflicte que medra o malestar da cidadanía co funcionamento das administracións públicas, e isto é negativo. Aquí a Xunta non pode mirar para outro lado. É imprescindible unha reflexión profunda e, sobre todo, cambios reais na forma de gobernar.

Se entramos por áreas, falamos, ¡como non!, de sanidade. A sanidade é o fracaso máis evidente das políticas da Xunta de Galicia. Un ano máis, a sanidade lidera as queixas por goleada: o 52 por cento do total. Mentres, a Xunta e o Partido Popular seguen repetindo que todo funciona estupendamente e que somos unha referencia. A cidadanía non opina o mesmo e tampouco os profesionais, que levan moito tempo demandando os seus dereitos e non aguantan máis. A distancia entre o discurso triunfalista da Xunta e a realidade é abismal, e isto reflíctese en todas as queixas.

Recóllense reclamacións sobre listas de espera inasumibles, incumprimento reiterado dos tempos máximos e atrasos nas consultas e nas probas diagnósticas, que afectan directamente a saúde da xente, tanto en rehabilitación, oftalmoloxía ou traumatoloxía como en TAC, resonancia...; podería seguir así porque a lista é interminable. Por riba, está a derivación forzosa á privada, que o conselleiro sempre nega, pero é unha realidade. Isto non é unha liberdade de elección, é unha chantaxe sanitaria. *(Aplausos.)*

A valedora é clara nas súas conclusións: cómpre garantir tempos razoables, ofrecer solucións a curto, medio e longo prazo e apostar de verdade por unha sanidade pública, non dismantelala. A falta de médicos e de pediatras é máis importante, ou cobra especial relevancia, no rural. Segue e segue sen solución e hai máis reclamacións colectivas en comarcas como a do Carballiño e Chantada ou a zona da Mariña. A Xunta leva anos mirando para outro lado.

A política social é a segunda gran fenda, sen visión nin compromiso. A política social concentra o 19,3 por cento das queixas. Falamos dun sector clave para o estado do benestar, que a Xunta leva anos convertendo en parches, bonos e fotos, sen planificación, sen aposta polo servizo público e sen compromiso coa igualdade real.

As entidades sociais fan malabares para manter servizos básicos e os concellos están asumindo competencias que a Xunta debería garantir. Falo, por exemplo, da xestión do SAF. Señorías do Partido Popular, é unha vergoña. Isto sería para que todos os concellos, incluídos



os do Partido Popular, se puxesen en folga e se cruzasen de brazos, porque estanos a afogar economicamente. (*Aplausos.*) E vostedes, de forma capciosa, o único que din é que ofertan máis horas, cando saben que é inasumible para todos os concellos poder coller máis horas co sistema de cofinanciamento que teñen na actualidade. Porque estamos a falar, como dicía, de persoas e do dereito a unha atención digna e os concellos son responsables; se non, merecían un plantón xeneralizado.

Tamén é evidente o abandono das persoas con discapacidade, que están a ser asistidas unicamente por asociacións do terceiro sector. Están vostedes tamén sometendo as mesmas a un endebedamento terrible por non actualizar as achegas da forma que corresponde. En materia de discapacidade, tamén é moi relevante a notoria cantidade de queixas que hai en relación coa accesibilidade universal, algo que tería que ser inconcibible no ano 2025. As reclamacións son recorrentes, tanto na Administración autonómica como moitas que son municipais, en relación coa existencia de barreiras físicas, de servizos mal deseñados e de espazos públicos que exclúen unha parte da cidadanía. Non hai desculpa posible.

¿Que dicir dos recursos residenciais, insuficientes e saturados, e das listas de agarda interminables? A Xunta presume de benestar, pero a realidade de moitos maiores é moi distinta.

Cos menores pasa outro tanto do mesmo: anos de abandono e desinterese político. Os menores tutelados amosan o que vimos nós denunciando dende hai moitos anos: que non é unha prioridade para este goberno e que faltan programas, recursos e vontade política. Sen oportunidades, o que se está é a condenar estes nenos a un futuro de vulnerabilidade.

No acollemento familiar, pasa igual: hai unha falla de impulso político e non hai unha aposta por isto. Despois a Xunta di que non se poden acoller menores migrantes porque non hai espazo. Claro que non hai espazo, porque levan desatendendo un sistema que debería estar preparado precisamente para isto durante anos.

O sistema educativo é outro pilar do estado de benestar, e pasa igual. As queixas falan de recortes, de redución e de abandono no rural, sendo un 11,9 por cento das queixas. Non é ningunha sorpresa para nós, que vimos denunciando durante tempo o desmantelamento da educación pública galega, por redución do profesorado, recortes nos servizos complementarios, deterioración da escola rural e incumprimentos reiterados dos acordos asinados cos sindicatos. Nesta situación, pois falar de educación inclusiva é un exercicio de ficción. O alumnado con necesidades educativas especiais é o máis prexudicado dentro desta xestión política. É igual en relación co alumnado máis vulnerable e co acoso escolar, do que falaba a valedora. Existen denuncias sobre a colocación dos puntos laranxas e sobre a pouca información ou os poucos programas que hai.

Sobre igualdade, agradecemos o traballo que se está a facer dentro deste eido dende a Valedoría. Compartimos a necesidade de defendernos das diferentes formas de violencia —algunhas moi silenciadas, como a económica— e de buscar un equilibrio entre a xustiza penal, a extinción da responsabilidade penal do agresor e os dereitos humanos do mesmo.

Despois, en relación coa vivenda —non quería deixala sen nomear, porque é outra das principais preocupacións da cidadanía—, as queixas reflicten a realidade: o déficit de vivendas



sociais e a dificultade para adquirir as mesmas; a escaseza do Bono Alugueiro e os erros na tramitación do mesmo, que deixan moita xente sen poder acceder a esta axuda; e a permanencia durante anos no Rexistro de Demandantes de Vivenda en Galicia sen resposta. Isto evidencia a ausencia dunha política de vivenda durante moitos anos por parte do Partido Popular, ata que, dende o Goberno de Pedro Sánchez, a colocaron como unha prioridade política e se destinaron inxentes fondos. Agora si hai política de vivenda; antes, nada.

Tamén quero falar, por último, da falla de colaboración dalgunhas consellerías que resaltan dentro deste informe como, por exemplo, a de Educación e a de Sanidade. Foron nas que máis tiveron que insistir con esas suxestións ou esas recomendacións por parte da Valedoría, sobre todo en educación. Isto evidencia que o señor Román Rodríguez vai por libre, porque tivo que insistir en numerosas ocasións para unha contestación e moitas das reclamacións non foron contestadas.

En conclusión, e xa para rematar, quero concluír dicindo que a análise deste informe evidencia que non hai nada novo baixo o Sol e que as carencias nas xestións se perpetúan ano tras ano, e iso que «todo vai fenomenal e somos pioneiros en todo». Recoñecemos tamén, como insisto novamente, o exercicio de transparencia da Valedoría, reflectido neste informe riguroso e detallado. Este é un exemplo de bo goberno que, lamentablemente, non atopamos na Xunta de Galicia, onde a opacidade e a autopropaganda están substituindo o servizo público.

Parabéns polo seu traballo e o de todo o seu equipo e oxalá a Xunta tome nota dunha vez.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bos días e benvinda, outra vez e outro ano máis, ao Parlamento, señora Fernández Galiño, valedora do pobo galego.

Como lle dixeran a semana pasada na comisión, xa van seis anos e medio desde que foi elixida como valedora do pobo neste Parlamento. Foi un 31 de xullo de 2019 e é un mandato que está esgotado, caducado desde xullo de 2024. Xa sabemos que vostede non ten culpa ningunha, pero cómpre dicilo aquí na Cámara da soberanía galega, que é a que debера activar o proceso de elección cada cinco anos —non cando ao Partido Popular pois lle pete—, tal e como dispón o artigo 2 da Lei 6/1984, que di que o valedor do pobo será elixido polo Parlamento de Galiza para un período de cinco anos.

Se o PP puidese nomear o titular da Valedoría a través da Lei de acompañamento, seguro e sen dúbida que o tería feito. O que pasa é que, ben, tería que modificala, pois fan falta tres



quintas partes do Parlamento. Unha cousa parecida pasou tamén co director da antiga CRTVG e xa sabemos o que pasou; ou sexa, que tampouco ninguén se estrañe se aparece unha iniciativa lexislativa para modificar a Lei da Valedoría do Pobo.

¿E todo isto por que? Pois porque o Partido Popular de Galiza está pechado en banda; é dicir, non quere acordos e non quere ningún tipo de consenso, só quere que todo o mundo se pregue aos seus posicionamentos; ou eles ou nada; un xeito de entender a democracia bastante *sui generis*, parecido ao que había, igual, hai máis de cincuenta anos. É dicir, hai unha obriga legal de renovar esta institución cada cinco anos, pero o PP, non sabemos por que motivo — a ver se un día o explica aquí —, pasa de todo. A forza da lei só existe para eles, é dicir, para as leis que lles conveñen, sen saber que a forza da lei non entende de rúbricas nin de títulos. O que piden ao Goberno do Estado pois non o fan aquí. Acusan o Goberno central de non presentar os orzamentos, que é unha obriga legal, pero aquí o PP, ante a obriga legal de renovar aos cinco anos esta valedoría, pois non o fai.

Esta é a hipocrisía do Partido Popular de Galiza. Pasa a lei polo forro cando lle peta. Estamos ante unha hipocrisía do PP, que vai de legal e de cumpridor das leis coas institucións galegas, pero é o primeiro en quebrantar, vulnerar, infrinxir, violar, desacatar, desobedecer ou —chámenlle como queiran— conculcar a Lei, como esta da Valedoría do Pobo.

Temos hoxe o PP máis ultra da historia da democracia. ¿E todo isto por que? Pois por dúas razóns: porque, cando ao PP lle interesa, torpedea a renovación das institucións que precisan de consensos, ben para que siga o que lle interesa ou ben porque non ten marxe de manobra; xa o vimos co Tribunal Constitucional, co Consello do Poder Xudicial e co director da CRTVG. Por outra banda, pasa porque isto obedece ao «ruedismo». Non sei se saben o que é o «ruedismo». Explícoo eu, pero poden buscar en Google, que vai aparecer o mesmo que lles vou dicir eu.

O termo «ruedismo» fai referencia á técnica e á práctica de aproveitar o rebufa, ou o ronsel, doutro ciclista para reducir a resistencia ao vento e aforrar enerxía. Aínda que o «ruedismo» non é un termo oficial que estea recoñecido pola RAE, é amplamente utilizado no argot ciclista para describir a acción de ir á roda doutro corredor. Seguro que o presidente, que goza deste deporte, o coñece. Non soamente o practica no ciclismo, senón que parece que tamén o practica na política. Para que nos entendamos: ir detrás do camiño que marcan outros, que é o que fai o PP: seguir a estela do que marca Madrid; o «ayusismo», o «cayetanismo», o «feixoonismo» ou «feixismo», que tanto ten.

É dicir, ¿que os do PP de Madrid din que hai que opoñerse á condonación da débeda e recorrer ao Tribunal Constitucional? Aí van os de aquí. ¿Que os do PP de Madrid di que hai que opoñerse á repartición dos menores migrantes non acompañados? Pois aí van os de aquí. ¿Que os do PP de Madrid din que hai que opoñerse e evitar a declaración de zonas tensionadas e ir contra a vivenda? Aí van os de aquí. ¿Que os do PP din que hai que opoñerse ás transferencias conseguidas por outras nacións —como Euskadi e Cataluña—, como a xestión de secretarios-interventores habilitados, ou ao Réxime económico da Seguridade Social de Euskadi? Pois xa van os de aquí votar tamén en contra das mesmas propostas. ¿Que os do PP de Madrid din que hai que ir á manifestación a Madrid para protestar por «Anotop at»? Pois aí van os de aquí. (Aplausos.)



Pero ¿non dixestes, por activa e por pasiva, que non se pode ir ás manifestacións a facer alboroto e ruído? Parece que estades desesperados por xerar malestar no Estado español, porque esta é a estratexia tradicional do PP: manifestacións e ruído. Xa van sete manifestacións do PP no mesmo sitio. Non sei, no PP tedes unha actitude de negación permanente centrada en dicir que todo vai mal en Madrid, crear crispación e transmitir a idea de que nada funciona. Alí van os do PP de Galiza servir os intereses políticos do PP máis rancio de «¡Eh-paña!», coller as pancartas e facer algarada con bandeiras roxigualdas. Ides crear tensión como estratexia política, en vez de traballar e gobernar o noso pobo, que está paralizado.

Non tedes ideas nin proxectos, nin temas interesantes que levar ao Consello da Xunta, que, cada vez, a verdade, son máis insignificantes. É dicir, un domingo máis a madrugar e a respirar aire puro no refuxio climático da metrópole. Si, si... Por certo —¡eh!—, ¿quen vos pagou o autobús? ¿Foi a caixa de resistencia do Partido Popular? (*Murmurios.*) ¿Non dicides que ninguén pode pagar para poder ir ás manifestacións? ¿Déronvos tamén un bocadillo? (*Murmurios.*) É dicir, o PP de Madrid declárase insubmiso ás leis aprobadas no Congreso (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o PP de Galiza fai «ruedismo»: segue ao rebufa e declárase tamén insubmiso. ¡Quen o diría! É insubmiso, fai manifestacións en Madrid, leva pancartas e incumpre a lei, como esta do Valedor do Pobo. En fin, o PP de Galicia está instalado no máis absoluto «ruedismo». Madrid dita e o PP de Galiza vai polo rebufa, polo ronsel, guiadiño e polo rego de Madrid, como bos vasalos. Non sei. ¿Alguén coñece algunha decisión do señor Rueda? Digan unha propia que sexa do presidente ¡unha soa!—, porque eu non a coñezo. Puido ter unha, cesando, polo menos, o conselleiro do Mar, pero nin iso fixo porque dimitiu antes de que o cesase. En fin, temos «ruedismo» para un tempo. Ata que os da boina recuperen o poder da dirección galega, a verdade é que aquí non teredes autonomía nin para respirar. Eu pídolles que, polo menos, activen a elección da Valedoría do Pobo sen esperar a que ditén instrucións os señores da metrópole.

En fin, señora valedora, centrándonos xa no informe deste ano, como ve, pasa o tempo, pasan os anos, e os problemas e as queixas da cidadanía a verdade é que non mudan moito. É vostede, desde logo, a proba dese algodón, da mala xestión do Partido Popular gobernando este país. Ten vostede ese metro para medir as preocupacións da xente e os problemas do día a día que se atopan na relación coa Administración. Comentáballe na comisión pasada que non era fácil facer unha valoración en dez minutos de todo o informe do ano 2024, tendo en conta que estamos ante un documento que, desde logo, engloba toda a actividade desenvolvida pola Valedoría no tocante a todas as administracións coas que se relaciona e a todas as materias. Por tanto, non podemos tampouco parar a valorar cada unha das áreas do documento. Para nós, son todas igual de importantes, mais o tempo limítanos e témonos que cinguir a algunhas cousas.

En primeiro lugar, máis alá das estatísticas comparativas con anos anteriores, é para destacar o volume dos asuntos e das queixas que tiveron entrada.

O primeiro asunto é o da sanidade, con 1.086 queixas, o 26,14 por cento do total. Aumentaron aínda un catro por cento as queixas polas listas de espera en sanidade e polos atrasos nas valoracións. Xusto temos iso, un aumento das queixas, e todo é debido ás políticas do Partido Popular en materia sanitaria. A verdade é que está ben que diga vostede certas cousas, porque cando as dicimos nós, din aquí que as inventamos. Está ben que queden patentes no seu informe.



Sobre o tema da inclusión social, este é o segundo problema máis importante con 530 queixas, o 12,76 por cento. Sobe dous puntos e xa é a segunda área con máis queixas. Eu queredía destacar aquí algunhas cousas, como os atrasos na valoración da discapacidade. Isto sácoo do informe: «Os días de espera e valoración de discapacidade seguen sendo superiores ao previsto no prazo de tres meses». É dicir, hai un prazo de tres meses e resulta que na Coruña se tardan 422 días; en Lugo, 675 —case dous anos—; en Ourense, 452 días; en Pontevedra, 690 días —case dous anos, cando o prazo é de tres meses—; en Santiago, 356 días, e en Vigo, 426 días. Tamén hai atrasos na valoración da dependencia e na aprobación de programas. Isto pódeno ver no informe: o prazo para resolvelo é de seis meses, pero na Coruña tardan 442 días, 14 meses; en Lugo, 386 días, trece meses; en Ourense, 456 días, quince meses, e en Vigo, 288 días, nove meses. Despois, vostedes din que todo vai ben e que fan o máximo posible. Entón, non sei a que se debe.

O das listas de agarda para as residencias tamén é tremendo, ¡tremendo! Na perspectiva de xénero na valoración da discapacidade, a verdade é que esa falla de priorización nas solicitudes das mulleres que son vítimas de violencia de xénero queda tamén reflectida no informe. O dereito á accesibilidade universal, en fin... No tema da dependencia, falamos de atrasos nas valoracións das listas de agarda e nas de residencias, da espera das ofertas a persoas con necesidades específicas, das esperas no SAF, das libranzas e das persoas falecidas en espera tamén desa atención. Comentaba o outro día na comisión que non hai residencias preparadas tamén para os da ELA. A vostede écheselle moito a boca e di que son os primeiros co tema da ELA. Non temos residencias en Galiza para enfermos da ELA.

O terceiro problema é o da educación. Xa digo, non dá tempo a todo. Hai falta de recursos para os colectivos máis vulnerables. En fin, eu simplemente quero dicirlle, señora Fernández Galiño, que volvemos darlle as grazas polo seu traballo e polo seu esforzo por resolver as queixas e os problemas da xente que acode, como último reduto, a esta institución que ostenta. Falamos, sobre todo, desa xente que se atopa nunha situación de vulnerabilidade, a xente máis indefensa da sociedade polas situacións particulares que teñen. Entón, moitas grazas polo seu bo facer.

Señorías do Partido Popular, volvo repetirlles: sexan formais e cumbran, ademais, coa lei que regula esta institución. Cando menos, escoiten as suxestións e as recomendacións da valedora do pobo. Polo menos, no tocante á sanidade e aos servizos sociais...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ÓSCAR INSUA LEMA: ...fáganlle —si, remato presidente— algo de caso a quen vostedes mesmos avalaron no cargo. Cambien dunha vez e fagan políticas para a xente, en vez de facer políticas contra a xente e contra o noso pobo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.



PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora valedora.

Bo día. Moitas grazas, a vostede e a todo o seu equipo, por acompañarnos esta mañá e por trasladarnos todas as suxestións, recomendacións e indicacións que fai no seu informe. Teño que agradecer tamén, a vostede e a todo o seu equipo, todo o traballo que hai detrás deste informe. Ás veces vese un volume de follas, pero detrás hai moitísimas horas de traballo e de dedicación. Moitísimas grazas.

Antes de entrar no contido do informe, vanme permitir que, dada a razón de ser da Valedoría, que é a defensa dos dereitos fundamentais e dos principios de bo goberno consagrados na nosa Constitución, aproveite para denunciar a situación de emerxencia democrática que vive o noso país. É unha emerxencia provocada polo progresivo proceso de colonización das institucións e dos poderes concibidos para ser independentes e que, tristemente, están hoxe ao servizo dunha única persoa, Pedro Sánchez, e dunha esquerda que perdeu por completo o respecto á democracia. É unha esquerda que non respecta a xustiza. Só así se entenden as súas reaccións ante a anomalía democrática de ter ata o último minuto no seu cargo o fiscal xeral do Estado, o primeiro na historia do noso Estado en ser condenado e inhabilitado por servirse do seu poder con fins partidistas. Sobre isto, ninguén di absolutamente nada.

Por unha banda, temos un goberno que nomeou o fiscal atacando o Tribunal Supremo por facer xustiza e, por outra, a señora Pontón falando de *lawfare* e dicindo, sen rubor e abro comiñas, que «hai togas que queren facer política porque non aceptan o resultado das eleccións». Logo, vén aquí o señor Insua intentar darnos leccións de legalidade. Señor Insua, teñen moitas leccións que dar aínda dentro do seu grupo (*Aplausos.*) e do seu partido; despois, veña darllas aos demais. A este respecto, señorías, só lle vou dicir unha cousa: como democrata e como xurista, cando as sentenzas xudiciais deixan de respectarse, a democracia comeza a desmoronarse, porque, sen confianza na xustiza, todo poder se volve arbitrario.

Estamos ante unha esquerda que tampouco respecta a pluralidade política. Só así se entenden os ataques violentos, como o que o pasado 25 de novembro o Bloque Nacionalista Galego instigou a través do seu sindicato á sede do Partido Popular de Santiago. É tan escandaloso como lamentable que, precisamente nun día como o 25 de novembro para a eliminación da violencia contra a muller, que ten que ser de unidade, o BNG decidise, unha vez máis, optar pola confrontación, pola polarización, pola división e pola violencia. (*Aplausos.*) Esta vez foron máis alá, chegando ata o punto de exercer coaccións e intimidacións e de recorrer á violencia verbal contra traballadoras do Partido Popular de Santiago e mesmo contra xornalistas. Señorías, a violencia enxendra violencia. O peor é que non o condenan porque, no fondo, o BNG considera que hai mulleres de primeira e de segunda e que as do PP merecemos iso, pero xa lles digo que nós dicimos, como Rosalía de Castro, «nin caladas nin submisas». (*Aplausos.*)

Dito isto, entrando no propio informe, vemos que as cuestións que máis espazo ocupan son as relacionadas coa sanidade e coa inclusión social, algo que é lóxico porque son dúas das



principais preocupacións da cidadanía. Son preocupacións que, por sorte, tamén comparte o Goberno galego e que se traducen nun traballo constante pola mellora dos servizos. Por exemplo, no que se refire ás listas de espera sanitaria e aínda que, evidentemente, sempre hai marxe de mellora, hai que poñer en valor que sexamos a segunda comunidade na que os pacientes teñen que esperar menos días para unha consulta. Por exemplo, para unha primeira consulta co especialista, os galegos esperamos 39 días menos que o resto dos españois.

Do mesmo xeito (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —pido respecto, como eu respectei os seus compañeiros cando falaron. Diso vai a democracia: primeiro falan uns e despois falan outros—, (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) somos tamén a cuarta comunidade na que os pacientes teñen que esperar menos días para unha cirurxía. En concreto, agardamos preto de cincuenta días menos de espera respecto ao resto de España, onde a media do que hai que esperar é de case catro meses. Eu entendo que son datos que non lles gustan, pero son os datos reais de Galicia. Son uns datos que, como digo, podían ser mellores, pero, para iso, por moito que cada vez a Xunta invista máis recursos en sanidade, señorías, fáltanos un recurso fundamental: os médicos especialistas. Este é un problema que, como todos vostedes saben, é común en toda España e en todas as comunidades autónomas, governe quen governe, a todos os niveis. Que llo digan ao ministro Marlaska, que non é capaz de encontrar médicos para os cárceres, ou á ministra Mónica García, que tampouco é capaz de cubrir as prazas de Ceuta e de Melilla. Por tanto, cando o PSOE e o BNG queiran falar de sanidade, falen primeiro co Goberno que sustentan en Madrid e díganlle que, dunha vez por todas, poña enriba da mesa as solucións que levamos anos demandando dende todas as comunidades.

En Galicia si estamos a traballar e a ofrecer solucións. A proba está en que a Xunta xa actuou para cumprir as recomendacións da Valedora no que se refire a ofrecer incentivos entre os facultativos para cubrir as prazas desertas de difícil cobertura e para cubrir, de xeito voluntario, as quendas de traballo vacantes. Isto foi, por certo, co voto en contra do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Señor Insua, seguindo co símil do ciclismo, que parece que lle gustou, ¿sabe o que fai o BNG? Levan tempo «facendo a goma». ¿Sabe que significa «facer a goma» en ciclismo? É engancharse ao líder do pelotón, pero vostedes amosan que cada vez lles fai falta menos forza para seguilo. (*Aplausos.*)

Tamén no eido da dependencia, vemos que o Goberno galego xa vai camiño do que recolle o informe no que se refire á mellora dos tempos de valoración e do cumprimento de prazos e, de feito, así se fai constar. Parece que o señor Insua saltou esa páxina ou, intencionadamente, non quixo falar dela aquí. Aí está o plan de choque aprobado pola Xunta, que permitiu avanzar neste sentido, reducindo en 47 días o tempo de tramitación, alcanzando unha *ratio* de cobertura das prestacións de case o noventa e nove por cento e simplificando o proceso para o recoñecemento automático da discapacidade.

Coincidirá comigo, señora valedora, en que o que non vai na liña das súas recomendacións é o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno de España contra este plan, xa que, de saír adiante, botaría por terra todos estes avances conseguidos. É un Goberno central que só pon atrancos, porque o que é poñer cartos enriba da mesa, non. Estaría ben que as señorías do PSOE e do BNG, tan bravos aquí e tan mansiños en Madrid, fosen quen de re-



clamar, como fai a Xunta, os case tres mil millóns de euros que nos debe en materia de dependencia. Se os tivésemos, señorías, señora Castro, eu comprométome, como secretaria xeral do Partido Popular de Galicia, a que todos os concellos do Partido Popular, xunto cos do Partido Socialista —xa que vostede veu aquí dicir que fósemos todos unidos—, vaíamos a Madrid pedirlle ao señor Sánchez que nos dea eses 3.000 millóns de euros que debe para a dependencia, (*Aplausos.*) porque, con iso, resolveríamos o problema do SAF. (*Aplausos.*) E tamén, señora Castro, prazas de residencias. Pero, claro, se o Goberno de España non pon o cincuenta por cento que ten que poñer conforme lle obriga a Lei da dependencia, pois difícilmente se pode cumprir. Explíquelles aos seus alcaldes e aos seus portavoces que isto é a débeda que ten o Goberno de España con Galicia.

No eido da igualdade, eu quero agradecerlle, señora valedora, que se faga eco neste informe da desprotección que sofren as mulleres vítimas de violencia de xénero, porque os representantes do PPdeG tivemos que escoitar nesta tribuna ata hai moi pouco tempo como se nos acusaba de negacionistas por denunciar que o sistema de protección non estaba funcionando, tanto o das pulseiras AliExpress que puxo o Goberno de España en marcha desprotegendo as mulleres, como a lei do só si é si, que o único que fixo foi poñer na rúa ou reducir penas a agresores sexuais. E agora temos que escoitar que iso é negacionismo. Eses fallos das pulseiras, que vostede tamén recolle, provocan a desprotección que sofren estas mulleres unha vez que teñen eses dispositivos. E tamén están as disfuncións das valoracións de risco, pois xa vimos como moitas mulleres que tiñan no sistema de Viogén foron asasinadas a pesar de estar nese sistema, que non as protexeu.

Por iso, é máis urxente que nunca que o Goberno de España deixe de perder o tempo en campañas publicitarias de *pinkwashing* e se poña a traballar no que realmente importa: en recoñecer a violencia económica —como vostede pide— como unha forma de violencia de xénero —que en Galicia xa temos recoñecida—; en aprobar a Lei de trata, que Sánchez leva anunciando dende que chegou á Moncloa e que segue gardada nun caixón, e en cumprir as medidas recollidas no Pacto do Estado do 2017, que reformularon no 2021 e que agora reformulan no 2025 porque non son capaces de cumprir. E aí hai modificacións lexislativas moi importantes, como suprimir no Código penal os atenuantes de confesión e reparación do dano; modificar na Lei de axuízamento criminal os criterios de risco, para impedir que poidan diminuír as ordes de protección, ou cambiar a Lei do poder xudicial para que a revisión de medidas poidan ser tramitadas polo mesmo xuíz. Cando vostedes, señorías do BNG e do PSOE, sexan capaces de reclamar todo isto, estarán validados para falar de violencia de xénero. (*Aplausos.*) Mentres tanto, seguirán sendo cómplices do Goberno que máis atentou contra os dereitos das mulleres neste país. (*Aplausos.*)

Dito isto —e xa para rematar—, señorías —como dicía ao principio—, nós si tomamos boa nota das preocupacións dos galegos e das galegas e das recomendacións da valedora. Pero penso que tamén estaría ben que fixesen isto alí onde gobernan vostedes. Estaría ben que o fixese a alcaldesa independentista de Santiago, un dos concellos do que máis queixas recibiu a valedora e ao que máis veces tivo que insistir para que colaborase ou enviase información requirida. Estaría ben que o fixese o presidente socialista da Deputación de Lugo, ao que se lle tivo que recordar que non pode prohibir aos deputados da oposición acceder ás dependencias provinciais. E estaría ben que o fixesen tamén os alcaldes socialistas de Vigo, Lugo



e A Coruña, dos cales se recibiron queixas por negarlles acceso á documentación a concelleiros da oposición. Por tanto, leccións de transparencia, señorías, ningunha; ¡ningunha! (*Aplausos.*) Todas estas cuestións inciden na falta de respecto á democracia e na emerxencia democrática que vimos denunciando. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

PAULA RADO DEL RÍO: Remato xa.

Nós, dende logo, seguirémolo facendo porque no noso obxectivo está mellorar a vida dos galegos. Nunca haberá cabida para o conformismo; máis ben todo o contrario. O que hai é ambición, responsabilidade e, por suposto, traballo diario para ofrecer uns servizos públicos de calidade e á altura do que os galegos e as galegas demandan.

Moitas grazas, señora valedora, por axudarnos a seguir traballando nesa liña e a conseguir ese obxectivo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Antes de pasar ao segundo punto da orde do día, permítanme que saúde os alumnos de cuarto de ESO do Centro Sofía Casanova, de Ferrol, que hoxe visitan o Parlamento. Benvidos ao Parlamento e tamén quen nos acompaña hoxe na tribuna.

Continuamos coa orde do día; texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

O PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame da Comisión, ten a palabra o presidente da Comisión 1ª, don Julio García Comesaña.

O PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Julio García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Esta proposición de lei do Grupo Parlamentario Popular tivo entrada no Rexistro do Parlamento no día 17 de xuño de 2025, co número de rexistro 27520. A proposición de lei foi tomada en consideración na sesión plenaria deste Parlamento o día 23 de setembro do ano 2025. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 30 de setembro do ano 25, abriu o prazo de



presentación de emendas ao articulado, que rematou o 31 de outubro deste mesmo ano. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordouse a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior. As emendas ao articulado presentadas, que foron cualificadas pola Mesa da Comisión na sesión do 7 de novembro de 2025, foron 19: 8 do Grupo Parlamentario Socialista, 6 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 5 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 7 de novembro de 2025, designou os ponentes seguintes: do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, don Roberto Rodríguez Martínez, titular, e José Alberto Pazos Couñago, como suplente; do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Iago Suárez Fernández, titular, e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, como suplente; do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, dona Paloma Castro Rey, titular, e Patricia Iglesias Rey, suplente; e do Grupo Parlamentario Mixto, don Armando Ojea Bouzo, como titular.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o día 10 de novembro coa miña presenza como presidente da Comisión 1ª, e coa asistencia dos ponentes titulares Roberto Rodríguez Martínez, Iago Suárez Fernández e Armando Ojea Bouzo, e, neste caso, a ponente suplente dona Patricia Iglesias Rey. Na seguinte reunión, no día 12 de novembro de 2025, coa asistencia dos e das ponentes titulares, analizouse o texto articulado obxecto desta proposición de lei e as emendas presentadas e formuláronse propostas de transacción. Na reunión do 17 de novembro de 2025, coa asistencia dos ponentes titulares, estes concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia, posicionándose sobre todas as emendas presentadas e as transaccións propostas. No Ditame recolléronse todas as recomendacións feitas pola ponencia no seu informe, que foi obxecto de debate e aprobación na sesión da Comisión 1ª do pasado día 21 de novembro.

Ata aquí un resumo sucinto da tramitación parlamentaria levada a cabo pola Comisión 1ª, que eu presido. Correspondéndolle hoxe ao Pleno desta Cámara o seu coñecemento e a súa definitiva aprobación, se procede.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto... *(O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Bo día.

E bo día a todos os alumnos que hoxe nos acompañan tamén.



Quero iniciar a miña intervención pedíndolle perdón á Valedoría, que xa non está pero seguramente si que o escoita, porque segue os debates parlamentarios, pola falla de respecto do Partido Popular, que, no canto de facer unha valoración do seu informe, vén aquí falar dos seus problemas persoais; e con problemas persoais refírome a que non gobernan no Estado español. (*Aplausos.*) É unha falla de respecto total cara a esta institución. (*Aplausos.*)

E, entrando xa en materia, quería falar da tramitación desta lei, unha tramitación *express* do que foi unha raquíutica e puntual modificación da Lei do deporte. Por fin chegamos ao seu debate final e, presumiblemente, á súa aprobación tamén en Pleno. E teño que volver insistir en que nos enfrontamos neste momento a unha nova oportunidade perdida, deixamos pasar outra oportunidade para que Galicia avance; agora no eido deportivo.

Señorías do Partido Popular, dende que, no ano 2012, se aprobou a lei vixente, vimos como mozos e mozas do noso país convertían os esforzos en medallas e os soños en realidade. E podo citar moitísimos. Ana Peleteiro, medallista olímpica en Tokio 2020; Adrián Ben; a piragüista Teresa Portela, que, tras case dúas décadas de loita, conseguiu finalmente a medalla olímpica; o meu veciño Jaime Duró; Javier Gómez Noya, no triatlón, que seguiu ampliando unha carreira que xa era lenda; Uxío Abuín, ou Marta Francés demostraron como a chama do talento galego nunca deixa de medrar. Ou no fútbol feminino, Verónica Boquete, que abriu portas, ou tamén Tere Abilleira, que conseguiu que a Selección Española de Fútbol fose campioa do mundo. Tamén o motociclista Jorge Prado. ¿E como non citar a Melania Rodríguez? Aproveito para felicitala por lograr o ouro mundial de dobre mini tramp a principios deste mes de novembro, nun ano que persoalmente foi moi duro ademais. E podería seguir así, nomeando deportistas galegos, disciplina tras disciplina: taekwondo, baloncesto, motociclismo, deportes de auga, de terra...

Galicia demostrou nestes tres últimos anos que hai moito talento deportivo. Temos a materia prima, pero falta unha boa xestión e unha regulación axeitada. Primeiro, dicía unha regulación axeitada porque necesitamos unha regulación actualizada. A Lei do ano 2012 deixaba aspectos fundamentais condicionados ao desenvolvemento regulamentario; e, hoxe, no 2025, aínda non se fixo.

Por outra banda, cómpre tamén unha nova regulación ou modificación ampla da lei actual que permita adaptar aos tempos actuais a evolución do papel do deporte na sociedade. Temos unha lei estatal do ano 2022 que supuxo un avance notable, e nós, Galicia, con competencias en materia deportiva dende o ano 1981, non podemos quedar atrás. Necesitamos unha lei como a estatal, que non só actualizou a normativa desfasada, senón que colocou no centro aquilo que realmente importa, que son as persoas, a igualdade e a integración da cidadanía no eido deportivo. Necesitamos, en Galicia, unha lei que entenda o deporte como unha realidade transversal, porque o deporte está presente na economía, no turismo, na educación, na saúde, nos medios de comunicación e, por suposto, no benestar social.

O deporte cambiou profundamente na última década, e esta transformación fai imprescindible que mudemos tamén as regras do xogo. É necesario recoller nesta nova lei unhas demandas históricas do sector deportivo, e é necesario determinar os aspectos que, con esta modificación, non se abordaron. Cítoos:



Primeiro, avanzar no recoñecemento do deporte como un dereito esencial para toda a cidadanía. Iso significa que os poderes públicos teñen a obriga de garantir o acceso ao exercicio físico en condicións de igualdade, seguridade e dignidade.

Segundo, unha nova lei que sexa unha aposta decidida por unha igualdade real, non só mediante principios xerais, senón mediante medidas concretas, como recoñecer, por exemplo, determinados dereitos de mulleres deportistas: embarazo, maternidade ou moitas reivindicacións históricas que levan anos mantendo. O impulso do deporte feminino non pode ser que as mulleres só sexamos o 23 por cento das federadas; somos o 52 por cento da poboación. Se facemos cálculos, está un pouco descompensado. Pois ben, este impulso tamén ten que garantirse por lei para incorporar por mandato real o impulso mesmo, e non só programas voluntarios puntuais ou declaracións de intencións, senón unha lei con obrigas, con financiamento e con seguimento real. ¿E por que é imprescindible? Porque, se non, as desigualdades entre mulleres e homes no eido deportivo se manterán década tras década.

A lei tampouco establece hoxe ningún requisito para garantir infraestruturas deportivas dignas e seguras para mulleres e nenas. Todas as mulleres que practican deporte, que practicamos deporte, sabemos que hai moitas infraestruturas inadecuadas, vestiarios inadecuados ou directamente sen espazo para mulleres. Polo tanto, necesitamos unha reforma legal, porque ninguén pode estar discriminado se quere practicar un deporte.

Tamén necesitamos medidas para visibilizar as mulleres nos medios de comunicación e formación obrigatoria en igualdade para técnicos, árbitros ou directivas de clubs deportivos, porque, se non están na lei, quedan á vontade política do Goberno, e iso pode facelos ser ou desaparecer, ou garantir ou non garantir estes dereitos. Por iso, defendemos que a reforma debe incluír isto: medidas claras, criterios de avaliación e un observatorio que supervise o cumprimento desta normativa.

Tamén necesitamos unha lei de deporte que garanta os dereitos do colectivo LGTB, eliminando calquera forma de discriminación e garantindo un deporte seguro, diverso e respectuoso coa identidade de cadaquén e que contemple unha regulación específica para o acceso ao deporte das persoas trans, que é unha realidade que, ao final, está ao arbitrio de cada unha das federacións e dos clubs, o que está a ocasionar moitos problemas.

Outro pilar importantísimo é o deporte inclusivo, entendido como aquela práctica que incorpora as persoas con discapacidade de maneira real e non simbólica. Hai que establecer mecanismos para integrar as modalidades de deporte adaptado nas federacións correspondentes, garantindo representación, voz e voto, e hai que abrir as portas ás persoas con discapacidade, porque isto non só é bo para elas, senón que enriquece o deporte enteiro, facéndoo máis plural e máis xusto.

Cómpre tamén, por outra banda, reforzar a cohesión territorial e social, especialmente en zonas rurais ou despoboadas. Non pode ser que unha persoa non teña os mesmos dereitos, o mesmo acceso ao eido deportivo segundo o territorio no que viva. O deporte é un encontro comunitario, e iso ten que garantirse con instalacións axeitadas. Así, polo tanto, teñen que evitarse —como dicía— discriminacións por razón do territorio.



E moitos outros aspectos deberían actualizarse nesta lei. Por iso digo que esta reforma foi moi pequena, foi unha oportunidade perdida. Podo continuar dicindo outros aspectos, como a participación da cidadanía na vida das entidades deportivas para facela máis plural e participativa, ou o respaldo ás federacións.

As federacións realizan un gran labor e son responsables dos éxitos dos nosos deportistas porque levan apoiando e apostando por estes dende o seu inicio, dende o deporte base. E claro que nós defendemos que dentro das federacións exista unha xestión que cumpra principios como a transparencia, o bo goberno e o control económico responsable. Pero cremos que as súas propias regras xa pasan por garantir isto, e que non se pode criminalizar dende a Administración autonómica; nin criminalizar, nin responsabilizar, nin sinalar, como fixeron vostedes, señorías do Partido Popular.

O obxectivo non pode ser limitar, senón garantir; garantir unha xestión estable, profesional e orientada ao interese público, como veñen facendo dende a maioría das federacións. Ter unhas federacións fortes e abertas é un motor para que o deporte creza con garantías, e, na actualidade, non é así, porque a realidade é outra. A realidade é que, dende o Goberno galego, se fala do impulso ás federacións, pero as achegas económicas da Xunta de Galicia ás federacións deportivas nin sequera alcanza o doce por cento dos seus ingresos totais. ¿E iso que é? Pois que, con cifras tan limitadas, resulta imposible falar dun verdadeiro impulso ao deporte e dunha aposta decidida pola súa proxección.

Dentro do que nós botamos de menos nesta modificación legal, tamén está o respaldo ás persoas deportistas. O respaldo ás persoas deportistas pasa tamén por un estatuto da persoa deportista, que defina claramente os dereitos e deberes; que recoñeza as particularidades das diferentes figuras, tanto as profesionais como as non profesionais, os deportistas ocasionais ou incluso os de alto nivel, e que garanta tamén unha protección unha vez rematada a carreira profesional, e unhas garantías para poder compaxinala cunha actividade profesional, ou para poder ter un apoio económico no momento en que remate esta carreira profesional. Trátase dunha visión que pense no longo prazo e que respecte a dignidade de quen dedica a súa vida ao deporte.

E, finalmente, botamos de menos unha modificación que realmente poña o foco no deporte. No deporte como ferramenta de convivencia, de paz e de loita contra a intolerancia. Vivimos un acontecemento o ano pasado moi triste e que deixou en evidencia que falta moito control no eido do deporte no que se refire á violencia. Foi un pouco a escusa, o que motivou esta modificación legal, ¿non? O Goberno galego sempre pon parches publicitarios ante os problemas reais, así pasa o que pasa. Regúlao de forma escasa, mal e sen contar co sector, e a consecuencia diso foi esta lei. Intentamos facer que facemos algo cando xorde un feito terrible, e así quedamos cubertos; tapamos así e facemos un envoltorio bonito e queda como que a Xunta fai e a Xunta actúa. Pero a realidade que está detrás non é esa, porque, para promover valores de cooperación e xogo limpo, para facer políticas para combater a violencia, o racismo ou a xenofobia, tanto dentro das instalacións deportivas como fóra, fan falla outras medidas máis drásticas.

Non pasa isto unicamente por engadir estes tres artigos, permitindo, en primeiro lugar, que a Xunta se persoe como acusación particular nos procesos penais —cosa que eu creo que



xa podía facer por ser unha Administración autonómica e ter a competencia no eido deportivo—; non está mal que se garanta por lei, pero non vén a mudar moito a situación. Tampouco pasa por permitir a concorrencia de procesos, que, ademais, xa non só se podía vir facer, senón que a regulación inicial non contemplaba tampouco todos os procesos, porque deixaba fóra os disciplinarios. Ou tampouco pasa por endurecer os prazos de prescrición, porque isto é dar máis oxíxeno ao que logo falarei do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Necesitaríase, para loitar contra a violencia no deporte, unha reforma máis ampla e unha resposta axeitada á violencia no eido deportivo. Isto pasaría por optar por medidas como, por exemplo, regular axeitadamente o Comité Galego de Xustiza Deportiva. ¿Que actuación —á parte do que vén prescrito na lei, que todos o sabemos— fai realmente este organismo? Porque vostedes apelan á transparencia, pero o comité de violencia no deporte é o primeiro exemplo de opacidade. Non só carece de financiamento suficiente, porque non sabemos moi ben canto financiamento recibe e é imposible averiguar que partida recibe e canto financiamento anual ten este organismo, senón que ata descoñecemos a súa composición. Gustaríame a min que me dixesen por quen está formado este comité de violencia no eido deportivo. ¿Iso é transparencia? Non, ningunha. E o funcionamento é ineficaz totalmente. ¿Iso que ocasiona? Que a maioría dos procedementos caducan —por iso falaba da prescrición— e as resolucións que saen fano con tanto atraso que xa non son efectivas.

Outro déficit grave é a ausencia de protocolos, da aplicación de protocolos. Vostedes, a raíz de todo isto, encargaron ás federacións deportivas a elaboración dun protocolo de protección das vítimas no deporte. Aínda temos que ver como o van aplicar e a súa efectividade.

No ámbito da dixitalización, tamén sería necesaria unha modificación legal; Galicia continúa á cola do Estado. A modernización non pode ser só un slogan, debe materializarse en plataformas, infraestruturas e recursos reais e, ata o de agora, non os hai.

En resumo, o que quero dicir é que perdemos unha oportunidade de modernizar o sistema e de facelo máis igualitario, máis accesible e máis humano; de acadar unha lei de consenso —non só falo de consenso entre os grupos políticos, senón tamén con todos os axentes do eido deportivo— e que enténdese o deporte como aquilo que sempre debe ser: un espazo de encontro, de saúde, liberdade, oportunidades e convivencia, un instrumento de cohesión territorial e un motor de inclusión, diversidade e progreso. Pero vostedes, señorías do Partido Popular, como sempre fan, impoñen o seu criterio propio e arrasan con todos os demais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e todas as que nos acompañan.



Eu hoxe quería comezar a intervención citando un ilustre deste Parlamento, un dos ilustres de verdade. E voume permitir mencionalo porque creo que as súas palabras definen perfectamente o que supón esta modificación lexislativa e os efectos que pode ter. Decía o señor Santalices na apertura da XII lexislatura directamente isto: «Quero animar as señoras e señores deputados a primaren a vertente cualitativa sobre a cuantitativa, malia que esta última resulte sempre tentadora. Refírome á importancia de elaborar boas leis, no canto de producir moitas leis».

A min, non sei, paréceme que, dende o Partido Popular, teiman en non facerlle caso ao señor Santalices, pero é que, se non, parece imposible atopar explicación para este sensentido que foi esta modificación da Lei do deporte, que o único que xerou foron problemas, foron leas e foi tempo perdido que ben se podería aproveitar, por certo, para mellorar esa lei do ano 2012 que si precisa actualizacións en moitos outros eidos que, neste caso —como anteriormente se viu— decidiron non tocar.

E isto que digo queda claro —vese eu creo que directamente— se ollamos o elevado número de autoemendas que o propio Partido Popular tivo que incluír para remediar un pouco ese problema que eles mesmos e elas mesmas fixeran. É algo que dá boa conta do erro de raíz que supón esta modificación de lei.

Falamos dunha lei que xa comeza a estar anticuada, que require unha actualización, pero eu creo que —como cae de caixón e creo que incluso todos e todas aquí coincidiremos— esa hipotética modificación terá que ir consensuada co sector. Se un goberno quere modificar lexislativamente algo que afecta a *equis* sectores terá que falar con eles antes. É o mínimo, jeh!, é o mínimo. Máis concretamente, por poñelo xa máis descritivo, eu creo, e desde o BNG cremos, que un simple golpe na mesa do señor secretario xeral para o Deporte non pode valer para comezar a lexislar sen dialogar nada, porque non resolve nada; ao contrario, crea e creou un problema que non existía e que agora vostedes tiveron que resolver. Só que neste caso se deron máis présa que para flexibilizar a moratoria do eucalipto, que aí chegaron un pouco tarde. Por esta razón volveron demostrar —e non sei cantos volumes ou capítulos van— que o Partido Popular só acerta cando recúa, cando rectifica e, sobre todo, cando o sector manifesta o seu descontento, como boamente fixeron.

Vaiamos tamén ao que falta. A lei seguirá sen facer mención ningunha en máis de cen páxinas —que xa son abundas— ao deporte feminino após de trece anos desde a súa aprobación. E iso que, desde o Bloque Nacionalista Galego, trouxemos hai poucos meses aquí ese proxecto de lei para mellorar e garantir os dereitos das deportistas galegas, e o Partido Popular non quixo nin lelo. E isto non é un dicir, porque, cando se chegou aquí ao debate, case nin se aludiu a nada do que aparecía no propio texto. Logo, iso si, cando hai medallas, cando hai galardóns —afortunadamente; que todos e todas os celebramos—, para as fotiños, os primeiros, como sempre se fixo.

E, debido a esta ausencia lexislativa no que respecta ao importante, e despois de incluír as autoemendas, o que nos queda é unha modificación tan pírrica —xa se dixeron aquí os artigos afectados— que, de por si, xa é bastante cómico o tema. Xa é bastante cómico, pero máis aínda se lle engadimos o factor de que isto tivese que tramitarse por urxencia. ¿Que



urxencia?, ¿que urxencia había nisto para cambiar o que se cambiou, tendo que autoemendar o que se autoemendou? ¿Por que o fixeron?

Por esta razón volvemos pedirilles: céntrense nos verdadeiros problemas do deporte galego, das federacións; non en cousas sen maior importancia. O prezo das licenzas federativas, a falta de infraestruturas deportivas que se ve en case todos os concellos: eses son os problemas que solventar, e non a limitación de mandatos das presidencias das federacións, que en moitos casos —en todos os casos, evidentemente, pero, sobre todo, nas federacións que son máis pequenas—, xa abondo fan con poder poñerse á fronte desas federacións e facer ese traballo que fan *por amor al arte* e por amor a ese deporte, como boamente fan.

Atrévanse a legislar da man das federacións para o deporte no medio natural e acuático, que desempeñan unha competencia delegada da Administración e unha actividade de interese público, e que o fan na inseguridade xurídica —como tantas veces xa se viu— e con total desprotección pola inacción do Goberno galego.

No relativo á violencia para o deporte —eu creo que aquí moito tivo que ver, ante feitos tan duros e indesexables, ao mellor, o de legislar as présas—, esta modificación non resolverá nada, xa que —como ben se viu— o Partido Popular rexeita as emendas do Bloque Nacionalista Galego neste ámbito, non contempla medidas concretas de sensibilización e educación ante a violencia no deporte, e, coma sempre, pois opta polo máis fácil. O máis fácil é sempre optar polo punitivismo, por moitas cifras de anos de condena, e pensar que así todos os problemas se van resolver. Logo —iso si—, a propia Xunta de Galiza ten ese gusto de facer caducar expedientes sancionadores. Aí xa non hai tanto problema nin tantas présas.

E logo tamén hai casos, como o desgraciado caso de balonmán, no concello de Sanxenxo, en que dos avogados e da atención psicolóxica xa se ten que facer cargo a federación á que lle toque. E así eu creo que non se erradica a violencia no deporte.

O deporte galego queda como estaba. Podemos considerar que un pouco mellor ou un pouco peor, neste caso. Éncheselles a boca dicindo que hai ese exceso de lexislación e propoñen este trámite por urxencia. Como se soe dicir: *para este viaje no hacían falta estas alforjas*. Eu dispoño de máis tempo, quedame bastante tempo por aquí por empregar, pero, ante o escueto desta modificación, non lle quero facer perder máis o tempo aos representantes das federacións que hoxe nos acompañan, porque xa bastante tempo lles fixeron vostedes perder a eles e a elas; polo que, pola nosa parte, a mensaxe que quería traer aquí o BNG queda ben clara: lexislen con cabeza e non vaian a golpe de titular.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Podía dicirlle aquilo de: grazas por ser un bo alumno e atender as recomendacións que se fan. É unha brincadeira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez.



ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

As miñas primeiras palabras necesariamente teñen que ser para enviarlle un afectuoso saúdo a quen hoxe debería estar tomando a palabra no meu lugar para defender esta lei dende esta tribuna: o meu compañeiro o señor Marnotes, Argimiro, que se está a recuperar dunha recente intervención e a quen, polo tanto, desexamos unha pronta e feliz recuperación (*Aplausos.*) para que —utilizando a linguaxe deportiva—, canto antes, poida volver á cancha.

Correspóndeme, polo tanto, a min solicitar hoxe desta Cámara o voto favorable á aprobación do Ditame emitido pola Comisión 1ª Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre a proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, de deporte de Galicia. Quero saudar, por suposto, tamén aqueles presidentes federativos que hoxe nos acompañan dende a tribuna.

Esta é unha modificación que, dende o Grupo Popular, entendemos necesaria, oportuna e valente. Acostumamos escoitar que os cambios lexislativos van sempre por detrás dos cambios sociais, que a lei vai sempre por detrás da sociedade e, polo tanto, nós debemos esforzarnos por acurtar esa distancia e dar resposta canto antes ás necesidades de adaptar a lei á realidade.

No pasado mes de febreiro, o deporte, a sociedade galega, foron sacudidos pola trágica noticia da morte dun home de 68 anos, ao non poder recuperarse das lesións cerebrais sufridas como consecuencia dun fatal empurrón durante o transcurso dun partido de balonmán mentres defendía o seu neto, que era quen estaba a arbitrar o partido. Superada a conmoción e a dor provocada por un comportamento tan afastado da lóxica deportiva, estamos aquí apenas dez meses despois para aprobar unha modificación legal que permite ampliar o catálogo de respostas ante a violencia no noso deporte a través do exercicio da acción popular por parte da Xunta de Galicia nestes casos.

O deporte galego é unha realidade extraordinaria, mais non só polas cifras. Quero emendar o descoido, involuntario sen dúbida, que tivo a señora Castro á hora de enumerar todos eses deportistas ilustres, porque, precisamente en vésperas do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, tamén é importante acordarse do deporte inclusivo e de nomes como Martín de la Puente ou Susana Rodríguez Gacio. (*Aplausos.*)

Polo tanto, o deporte son as persoas, son os valores que representa: a convivencia, o respecto, a igualdade e a solidariedade. O deporte é unha escola de cidadanía e unha escola de vida, e, por iso, cando aparece a violencia na práctica deportiva, non estamos diante dun problema puntual que afecta un evento deportivo; estamos diante dunha ferida que afecta toda a sociedade galega.

A lei que hoxe modificamos foi un fito no seu momento. Por primeira vez, Galicia dotábase dun marco integral para o seu deporte, recoñecendo dereitos e deberes, regulando federacións, clubs, instalacións e disciplinas deportivas, e dotábase tamén dun marco legal para



prever e sancionar a violencia e as condutas contrarias á boa orde deportiva. Facíao creando a Comisión Galega de Control da Violencia, como órgano colexiado de participación dos distintos interesados na prevención e represión da violencia, de análise das súas causas e de exercicio da potestade sancionadora na materia.

Hoxe pretendemos, da man desta modificación, dar un paso máis nesa dirección. Blindar o deporte e os seus valores esenciais na formación da persoa exige illalo de condutas que claramente atentan contra todo o que representa, exige illalo de todo tipo de violencia, e por iso, damos este novo paso: a posibilidade de que, sempre co consentimento da vítima ou do seu representante legal, a Xunta de Galicia poida exercer a acción popular nos procedementos penais por violencia no deporte, co fin lexítimo de actuar contra esta enfermidade do conxunto da sociedade, tamén do deporte, que son os comportamentos violentos.

Somos plenamente conscientes de que unha reforma legal por si soa non vai erradicar o problema da violencia no deporte. Oxalá, oxalá conseguilo fose cuestión dunha reforma legal, oxalá fose así de sinxelo; pero non, non o é. Por iso, entendemos que tampouco abonda para criticar a reforma que propoñemos. A loita contra a violencia no deporte é unha tarefa común que debe ser unha tarefa compartida por todos e, por suposto, tamén polas administracións públicas. A Administración, a Xunta, non pode quedar nunca á marxe da defensa do interese público, e menos ante un problema tan grave coma este.

Pero, con ser esta novidade o xerme desta reforma da Lei do deporte que hoxe sometemos á aprobación deste Pleno, non é a única modificación que contén. É unha proposición de lei que consta de catro artigos, unha disposición adicional e unha disposición derradeira, pero non por estar ante unha proposición de catro artigos estamos ante unha modificación de pouco ou menor alcance. Non deixemos que isto desvirtúe ou faga de menos a relevancia da modificación que estamos a acometer; a súa importancia e alcance cualitativo está moi por riba da súa entidade cuantitativa.

En concreto, a modificación atinxe, no seu artigo primeiro, un novo artigo 55 *bis* referido ao código de bo goberno e o deber de transperencia das federacións deportivas de Galicia. No seu artigo segundo, un novo artigo 128 *bis* referido ao exercicio da acción popular nos casos de violencia no deporte a que me acabo de referir. Nos seus artigos terceiro e cuarto, respectivamente, os novos artigos 165 e 166 regulan, o primeiro deles, a prescrición das infraccións e sancións, e o segundo, a suspensión dos procedementos administrativos nos supostos de concorrencia de procedemento penal.

A esta proposición de lei presentáronse 5 emendas por parte deste Grupo Parlamentario Popular, 6 por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego e 8 por parte do Grupo Parlamentario Socialista; un total de dezanove emendas. Por certo, ningunha delas referida ao artigo 2, referido ao exercicio da acción popular. Un total de dezanove emendas, das cales a ponencia aprobou directamente cinco —dúas delas formuladas pola oposición— e ofertoulles a posibilidade de transaccionar sobre outras tres, tamén das formuladas pola oposición; transacción que finalmente se acadou en dúas delas. É dicir, dun total de catorce emendas presentadas pola oposición, aceptáronse ou acordouse nunha de cada catro. Creo que, polo



tanto, tamén cómpre agradecer, dentro da lóxica e lexítima discrepancia, a disposición dos ponentes para acadar acordos alí onde era posible acadalos.

O primeiro dos artigos —como mencionaba— refírese á nova redacción do artigo 55 *bis* da lei: «o bo Goberno das federacións deportivas». E o primeiro que cómpre deixar ben claro é que esta modificación non vai contra ninguén, non acusa ninguén nin pretende poñer na diana ninguén. Todos aqueles que nalgún momento da nosa vida tivemos relación co tecido deportivo en calquera dos seus ámbitos, como afeccionado, como deportista ou mesmo como xestor, coñecemos da entrega e sacrificio que implica dedicar, en moitas ocasións de xeito desinteresado, o tempo e esforzo propios a xestionar un club ou unha federación deportiva. Vaia o noso recoñecemento e agradecemento, sen excepción, a todos eles polo labor fundamental que desenvolven día tras día. (*Aplausos.*) Constrúen deporte, constrúen sociedade e, en definitiva, constrúen Galicia.

Entón, ¿por que esta reforma? Porque é necesaria. Porque pretende levar á xestión deportiva e á xestión das federacións o que xa está implantado noutros ámbitos da xestión do ámbito público e aquilo que, dende hai anos, xa existe no ámbito comparado, incluído o da propia Unión Europea. O bo goberno no deporte do século XXI é un requisito esencial para o normal desenvolvemento da xestión de organizacións e federacións deportivas. A democracia interna, a transparencia, a integridade, a apertura e a rendición de contas son xa principios de actuación irrenunciáveis na xestión dos fondos públicos. Deámoslle rango de norma tamén no deporte.

Afortunadamente, señorías, son unha inmensa maioría os condutores responsables que cada día circulan polas nosas estradas, mais non por iso deixamos de legislar o tráfico e as normas de circulación. Tamén no deporte son inmensa maioría os xestores responsables, pero, alí onde sexa necesario, as federacións deportivas deben elevar o nivel de exixencia das súas normas de bo goberno a través de principios que garantan a xestión irreprochable dos seus recursos financeiros, de controis para previr os conflitos de intereses ou da duración limitada dos cargos federativos, que tamén se aborda nesta modificación de tal xeito que para ninguén pode resultar traumático: catro mandatos coa opción dun único mandato adicional en atención a diversas circunstancias. E todo co obxecto de garantir a renovación destas entidades de natureza privada pero que exercen funcións públicas e reciben fondos públicos, que, lóxicamente, deben estar condicionados á garantía da existencia e aplicación destas prácticas de bo goberno.

En concreto, a este artigo formuláronse seis emendas, aceptándose dúas delas: unha do Grupo Popular, que dá redacción definitiva aos apartados «d» e «e» do artigo 55 *bis*, que establece a obriga dos cargos federativos de informar sobre a existencia de relacións de carácter contractual, comercial ou familiar con aqueles que tivesen vínculos comerciais ou profesionais coa federación, e a incompatibilidade deses cargos co exercicio de funcións retribuídas por servizos profesionais coa federación. Eliminouse da redacción inicial a prohibición taxativa de relacións comerciais, e, en ambos casos, tamén se eliminou a extensión desa prohibición aos cónxuxes ascendentes ou descendentes desa incompatibilidade, cambiándose por esa obriga de información. A outra emenda, transaccionada co Bloque Nacionalista Galego, deu redacción definitiva á limitación de mandatos, que serán catro con opción



de un máis adicional baixo determinadas condicións: unha única candidatura á presidencia, a aprobación por dous terzos da asemblea xeral, ou cando concorran razóns de interese deportivo. En todo caso, isto coa autorización por parte do departamento autonómico competente.

Como consecuencia desta reforma, enténdese necesario abordar outras dúas, que son a modificación que recollen os artigos 3 e 4 da proposición de lei.

Por un lado, unha delas, aporta maior seguridade xurídica no relativo ao réxime de prescricións e sancións, que finalmente consiste nunha remisión xeral ao establecido na Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público. Preténdese así pór fin a lagoas interpretativas que estaban a provocar certa inseguridade xurídica que non beneficiaba ninguén e que, nalgúns casos, era mesmo incompatible coa periodicidade das reunións do Comité Galego de Xustiza Deportiva. Establécense agora uns prazos certos e inequívocos: tres anos, dous anos e seis meses para a prescrición das infraccións moi graves, graves e leves, respectivamente, e tres anos, dous anos e un ano para a prescrición das sancións moi graves, graves e leves.

Por outro lado, abórdase a reforma do procedemento que se debe seguir en caso de concorrencia de procedementos penais e administrativos, aceptando a emenda presentada polo Grupo Socialista, que finalmente recollerá o teor literal do xa previsto para estes casos na Lei 19/2007 contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. A incoación dun proceso penal non será obstáculo para a iniciación, se é o caso, dun procedemento administrativo, mais non se ditará resolución ata que recaía unha sentenza ou un auto de sobresemento firme na causa penal.

Remato, señorías. O que hoxe tratamos aquí non é unha reforma menor, por moito que afecte apenas catro artigos, non é un simple retoque técnico; é unha aposta clara para garantir que o deporte galego siga sendo o que quere e debe ser: un espazo de convivencia, de educación e de valores, libre de violencia e exemplo de bo goberno. O deporte en Galicia é unha realidade inmensa: centos de miles de licenzas federativas, milleiros de clubs, decenas de federacións, miles de instalacións municipais, autonómicas e provinciais e grandes eventos internacionais que proxectan a imaxe de Galicia. Pero o verdadeiramente importante non son as cifras, xa o dixeran antes; son as persoas, son os nenos e nenas que cada semana participan nas competicións do noso deporte base, son os adestradores, os árbitros e son, por suposto, as familias de todos eles. Entre todos, forman o tecido deportivo galego e transmiten os seus valores. Para todos eses, señorías, é para quen estamos a legislar hoxe.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas presidente, novamente.



Señor Rodríguez, a verdade é que agradezo que na súa intervención non falase vostede do problema persoal do Partido Popular e se cinguise unicamente ao eido deportivo (*Aplausos.*)

E si que ten razón co que dixo no inicio. Tiña apuntado moitos nomes de deportistas galegos —a verdade é que temos, como dicía, moi boa materia prima—, e si que quedaron algúns nomes de deportistas sen citar: Susana Rodríguez, Adi Iglesias, Gustavo Dacal, Manuel Lorenzo e todos os nosos catorce paraolímpicos, os cales, ademais, tamén lle digo que non só hai que nomealos, senón tamén aplicar políticas para que teñan un acceso e unha igualdade real no deporte, (*Aplausos.*) e esta lei non contempla nada nese aspecto, como dicía na primeira intervención.

Quero saudar aquí tamén os presidentes das distintas federacións deportivas; na miña primeira quenda non o fixen porque, como había tantos estudantes, quedáronme no medio e non os vira.

En relación coa modificación proposta polo PP ás emendas que presenta este grupo, nós, os socialistas, defendemos que a regulación do deporte federado sexa algo proporcionado, técnico e xurídico, cunha técnica xuridicamente correcta, respectuoso coa autonomía das federacións e axustado á realidade organizativa. E por iso as nosas críticas a este proxecto de lei. Ademais de en todo o que expuxen xa na miña primeira quenda, e cinguíndome ao articulado, as nosas críticas céntranse niso; céntranse en que introducen cambios que consideramos innecesarios, redundantes ou desaxeitados, porque xa existe un marco normativo neste sentido —hai moitas carencias no marco normativo actual, pero isto si que estaba regulado—, tanto na Lei como en cada unha das normativas de cada unha das diferentes federacións. Ademais, cremos que unha forma de actualizar isto tamén era a vía regulamentaria; non mediante unha modificación legal que incrementa a rixidez.

En materia de gobernanza, entendemos que as federacións deben conservar unha marxe de autonomía para adaptarse á súa diversidade interna, especialmente no tocante á limitación de mandatos, na cal o proxecto de lei se considera excesivamente uniformizador. Son distintas as realidades de cada unha das federacións dos diferentes deportes federados que existen en Galicia, e cada unha ten a súa singularidade. Ademais, é pouco respectuosa esta modificación —coa transacción que fixeron co BNG suavizaron un pouco, pero inicialmente era totalmente pouco respectuosa— coa liberdade asociativa e incompatible ademais coa legalidade e coa lei anterior, porque cremos que, ademais, limitar mandatos escollidos democraticamente non ten sentido, e moito menos que o faga o Partido Popular, que se perpetúa nos cargos —é que ven a palla no ollo alleo e non no propio, ¿non?—.

Vostede fala de que a limitación non é traumática para os presidentes... Non estamos a falar dun trauma para cada un dos presidentes; estamos a falar de inoperatividade para moitas federacións. Porque, ao final, é unha carga presidir unha federación en moitos casos; non podemos pensar que todas son como a federación de fútbol, na que caen millóns do ceo. Hai moitas que constitúen moito esforzo persoal e incluso económico propio para levar adiante e tirar cara adiante cunha determinada disciplina deportiva. E, francamente, creo que, a estas alturas, a ninguén se lle escapa que vostedes o que querían era apartar determinados presidentes incómodos dalgunha federación.



No ámbito das compatibilidades, pois o mesmo. Cremos que a transparencia debe ser o principio reitor e que temos que evitar as prohibicións absolutas; por iso non estabamos de acordo con este artigo. Cremos que as prohibicións absolutas poden facer inviable o funcionamento de moitas federacións, sobre todo das federacións máis pequenas ou incluso en determinados concellos máis pequenos, porque moitas veces se traballa con persoal, ademais, de carácter voluntario, que non recibe ningún tipo de retribución e porque tamén cremos que aplicar criterios de contratación pública propios do sector público, cando a maioría das federacións non dispoñen desa estrutura, pode —como dicía— comprometer a súa operatividade e a calidade das competicións ou do acceso a elas.

O réxime sancionador cremos que tiña problemas de técnica lexislativa e de proporcionalidade; por iso formulamos varias modificacións técnicas, tamén en relación coa concorrencia de procedementos. Incluíamos aquí os disciplinarios federativos, que cremos que deben seguir manténdose se concorren cos penais.

En definitiva, por todo isto —teño que acelerar, porque vexo que non me queda moito tempo—, o Partido Socialista vai absterse. Vai absterse desta modificación por entender que Galicia, con esta modificación, perde o tren cara á modernidade tamén na xestión deportiva, non contemplando aspectos esenciais e non respondendo aos problemas reais existentes ou ás demandas históricas do sector deportivo. Cremos tamén que este proxecto non mellora o marco existente e introduce ademais novos problemas. Imos xustificar así o noso voto, tamén engadindo que, dentro de todas as emendas que presentamos, a admisión foi mínima. A meirande parte foron inadmitidas, aínda que creo que as nosas emendas aspiraban a iso: a unha regulación máis equilibrada, eficiente e adaptada ao funcionamento real das federacións.

Por último, quero dicir que o deporte para nós é unha ferramenta de transformación social, de benestar e de democracia, e unha lei que deixe atrás as mulleres, a diversidade, a inclusión ou a protección das vítimas da violencia pois é unha lei que, en definitiva, o que deixa atrás é o noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente. Nós si que o escoitamos.

Ben, van ter que ser todas as proposicións lexislativas así de insignificantes sempre, porque é o único xeito de que o Partido Popular deixe o argumentario incendiario de Génova. Era tan así que tivo que olvidarse de que Pedro Sánchez á prisión, do BNG e de todas as cousas, e falar do que hai que falar; ¡moi ben!

Eu xoguei afortunadamente ao fútbol case toda a vida e aí eu vin animaladas, burradas e actitudes incomprensibles, espeluznantes, case cada fin de semana, sobre todo polo xeito no



que se normalizaban sen ningún tipo de consecuencia. Por iso —e como falou o Partido Popular de que isto era unha defensa común—, desde o BNG emendamos para melloralala e a actitude foi absolutamente propositiva, a pesar de estar en contra do xeito de moitas das cousas que propoñían e do xeito sobre todo de lexislar.

Pero a min xúrdeme unha dúbida que teño ganas de ver se nola poden dicir. ¿Por que veu todo isto? ¿Isto foi o señor Lete? Hoxe non está aquí, a pesar de que se modifica a lexislación deportiva. Porque eu, ao final —e desculpe por interpelalo—, señor Calvo, creo que o meteu nun problema, porque, de repente, isto chegoulles ao seu gabinete e xeroulles un problema, pero bueno...

Quen resolveu o problema dos mandatos —que falaba tamén o Partido Popular— foi o BNG coas súas emendas, e creo que era tan obvio e tan evidente que o que propoñían producía un problema que apareceu aquí a milagre —case coma se fose un unicornio alado—, de que o Partido Popular se abrise a negociar textos co Bloque Nacionalista Galego. Pensen e imaxinen a milagre que tiña que supoñer isto; xa se vai ver agora no proxecto de orzamentos. E, como falamos de obviedades, pois aínda menos mal que estivo aquí o Bloque Nacionalista Galego para mellorar o texto e, sobre todo, para non coartar e non vixiar tan de cerca as federacións no que ten que ver cos mandatos cunha modificación que non ía supoñer outra cousa máis que problemas; sobre todo —repito— nesas federacións que non son tan grandiosas como a de fútbol, porque, de futbolcentrismo, tamén nas federacións sabemos bastante.

Dito isto, e reincidindo no argumento de que non queremos alongar un debate que eu creo que se podería ter aínda en moitísimo menos tempo pola pouca relevancia desta modificación lexislativa e polo problema que vostedes mesmos crearon a través desta proposta, como este problema se resolveu máis ou menos —gustaríanos que fose máis máis que menos, pero máis ou menos—, desde o Bloque Nacionalista Galego imos optar pola abstención tamén como mostra de que aquí, clarisimamente —hai que repetilo ata a saciedade—, os do «non» están máis na banda dereita.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas presidente.

Bo día de novo.

En primeiro lugar, quero agradecer aos grupos da oposición que esta proposición de lei de modificación da Lei do deporte vaia saír adiante sen ningún voto en contra.

Señor Castro, permítame o símil deportivo. Non, non vou facer referencia ao banquillo porque non sei cal é a causa de que hoxe non nos acompañe o señor Suárez, pero si lle vou dicir que hoxe vostede non acertou co plantexamento do partido. Semella que hoxe a vostede lle



impuxo a táctica a directiva do seu club, marcáronlle o debuxo táctico dende o palco. (*Murmurios.*) (*Risos.*) E así foi, todo apunta a que hoxe lle fixo a aliñación a UPG, e por iso se viu vostede na obriga de vir aquí facer un *catenaccio* en toda regra ou de poñer o autobús, como tamén se di, ¿verdade? (*Aplausos.*) Todo o que fose con tal de non propoñer, todo o que fose con tal de non encaixar. Estrañoume porque, ao longo da ponencia, o señor Suárez si que xogou con algo máis de liberdade, de alegría incluso, (*Risos.*) pero hoxe aquí renunciou vostede a ese estilo, non debeu gustar no palco VIP da UPG que se deixasen querer polo *jogo bonito*, ¿verdade?, (*Murmurios.*) e mesmo chegaron a acordos co máximo rival, co inimigo a bater —en termos estritamente deportivos, porque vostedes, o de «inimigo», son de tomalo á tremenda; ou sexa, que en termos deportivos—. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, está claro que eses acordos nos sentaron ben arriba, e por iso hoxe vén vostede renegar de todo, (*Murmurios.*) mesmo do feito ao longo da ponencia, mesmo incluso case desa limitación de mandatos da que hoxe pretendeu vostede desmarcarse, pero que foi acordada entre vostedes e mais nós. O texto que hoxe vostede critica foi transaccionado polo BNG, e está ben transaccionado, señor Castro. ¿Como non vai estar ben transaccionado se regula a limitación de mandatos de tal xeito que mesmo vale incluso para a súa lideresa, a señora Pontón, que está ás portas xa de cumprir 22 anos de deputada e 10 de voceira de líder da oposición? (*Murmurios.*) ¿Como non van estar a favor desa limitación de mandatos, señorías!, (*Aplausos.*) ¿se están tardando en traspoñelo aos seus estatutos como se fose unha directiva europea! (*Murmurios.*)

Este, señorías, é un problema que obviamente non lle afecta ao PSdeG, (*Murmurios.*) porque ninguén cre que o seu secretario xeral poida chegar a precisar dunha marxe de catro mandatos con posibilidade dun máis, ninguén o cre. (*Murmurios.*)

Señora Castro, eu agradézolle que, á súa vez, recoñcese que non falabamos aquí dos problemas persoais —di vostede—. Eu o que si lle teño que dicir é que teñen vostedes un problema de credibilidade cando soben aquí intentar dar leccións de democracia. ¿Saben por que? Porque vostedes falan, pero, na miña cabeza, o que resoa é a voz do señor Ábalos na moción de censura dicindo: «*No podemos tolerar la corrupción*». E que claro, ¡teñen un problema de credibilidade tremendo, señorías! (*Aplausos.*) Polo tanto, tápanse un pouco, tápanse un pouco cando vostedes queren subir aquí dar leccións de practicamente calquera cousa. Pero, seguindo cos símiles deportivos —xa o dixó antes a nosa voceira—, vostedes están a facer a goma. ¿Saben que ocorre? Que vostedes teñen un problema: non están a facer a goma coa cabeza da carreira, co Partido Popular; están a facer a goma coa cola do pelotón, están nun certo risco de chegar fóra de control, porque a *pájara* que vostedes teñen é tremenda, señorías. É certo que correr para un equipo ciclista patrocinado por unhas saunas e unha empresa construtora que fai de todo menos construír non é o mellor dos escenarios. Fáganme caso, señorías, créanme, porque llelo digo con coñecemento de causa: hai *ruedas* mellores que a de Sánchez. A Galicia vaille moi ben coa *rueda* que segue; non coa súa, señorías, coa de vostedes.

Non concordamos en absoluto, señora Castro —vou rematando—, con que a [...] con rango de norma das federacións deportivas do bo goberno non fose necesaria. A norma non está só para aplicar logo de que as cousas sucedan, está tamén para servir de previsión. Non as vai evitar,



por exemplo, como non evitan tampouco as normas de tráfico os accidentes, nin a lexislación de xénero por si soa evita a violencia sobre as mulleres. Nin sequera vai evitar que a pasada semana houbera quen decidise celebrar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero precisamente exercendo violencia contra outras mulleres simplemente porque traballaban para o Partido Popular. *(Aplausos.)* E seguimos esperando unha condena por parte das mulleres da oposición. *(Aplausos.)* Pero, ¿que feminismo é o que vostedes defenden? *(Aplausos.)*

E logo temos que vir aquí escoitar que toda esta reforma da limitación de mandatos se fai para apartar a determinados presidentes. ¡Home!, xa llelo dixen algunha vez, miren, dos coches aínda apartamos. Ou sexa, que queremos apartar algúns presidentes e dámoslles vinte anos de marxe... ¡É que somos un desastre! Pero, ¿como pode vostede aquí subir e dicir tamaño —con todos os respectos— tontería? É dicir, queremos apartar presidentes e, entón, regulamos unha limitación de mandatos que lles dá o contador a cero en vinte anos por diante.

Remato xa.

Señorías, vostedes pretenderon facer un problema onde non o había. Esta reforma non é só unha resposta a acontecementos recentes pasados, por graves que fosen, é tamén unha aposta no longo prazo e mirando para adiante. É unha nova peza nun taboleiro que combina prevención, educación, disciplina, acción penal e transparencia institucional. Se queremos que Galicia sexa un referente deportivo, non chega con ter éxitos internacionais, non chega con organizar grandes eventos; temos que garantir que o noso sistema deportivo sexa limpo, íntegro, seguro e respectado. Cando un neno ou unha nena entra nun espazo deportivo para practicar o seu deporte, as súas familias teñen que saber que están a practicalo nun espazo seguro. Cando unha federación recibe fondos públicos, a cidadanía ten que saber que se están a xestionar con boas prácticas. E cando se produce unha agresión ao deporte, a sociedade ten que saber que a Xunta de Galicia estará presente para defender o interese xeral.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto lexislativo

O PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación das emendas e do Ditame emitido pola Comisión.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. En primeiro lugar, as emendas números 1 á 6.

Votamos.

Votación das emendas números 1 a 6 do G. P. Socialista de Galicia mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 8; votos en contra, 38; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Votamos agora as restantes emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das restantes emendas do G. P. Socialista de Galicia mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: Agora votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; votaremos, en primeiro lugar, as emendas números 1, 2 e 4.

Votamos.

Votación das emendas números 1, 2 e 4 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantidas ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 24; votos en contra, 46; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O PRESIDENTE: E votamos agora a emenda número 5.

Votamos.

Votación da emenda número 5 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego mantida ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia queda rexeitada esta emenda.

O PRESIDENTE: E votamos agora o Ditame da Comisión.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre a Proposición de lei de modificación da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, comparecencias.

Comparecencia da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por petición propia, para informar sobre o balance das actuacións en materia de vivenda no que vai de lexislatura

O PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra a señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Bo día a todos e a todas.

Grazas, presidente.

Señorías, comparezo, a petición propia, para informar ao detalle do balance das actuacións que estamos a facer en materia de vivenda no que vai de lexislatura e tamén para avanzar cal será a nosa folla de ruta para os vindeiros meses.

Iniciamos a lexislatura o pasado 15 de abril do ano 2024 sabedores xa de que a principal preocupación da nosa cidadanía é acceder a unha vivenda de calidade e que teña un prezo accesible. O problema é claro: hai máis demanda que oferta de vivenda, polo que temos que incrementar o número de vivendas dispoñibles no mercado; hai pouco solo apto para poder construír, polo que temos que urbanizar e incentivar esa urbanización; hai escaseza de man de obra; temos prezos elevados dos materiais de construción; temos inseguridade xurídica nos propietarios, o que provoca que non poñan as súas vivendas á disposición do mercado do alugueiro; temos excesiva burocracia e hai excesiva fiscalidade para construír. Por iso, dende o Executivo galego, conscientes desta problemática, estamos a traballar, dende o primeiro día, cun claro obxectivo planificado, orzado e consensuado co sector e coa Fegamp, e todo a través do Observatorio da Vivenda de Galicia; un obxectivo a seguir no que, por suposto, entran todas as administracións públicas, entra o sector e entra a nosa cidadanía, con políticas responsables e con políticas eficaces en materia de vivenda, porque a vivenda é unha prioridade para a Xunta de Galicia.



Esta folla de ruta clara pasa —como dicía— por incrementar o número de vivendas dispoñibles no mercado. ¿Como? Construindo vivenda de promoción pública, tanto a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo como a través da nosa Sociedade de Vivenda Pública, de Vipugal, desenvolvendo solo onde poder construír; adquirindo directamente vivendas de promoción pública a particulares que as poñan en venda para volvelas cualificar con protección permanente e dispoñelas a través do Rexistro de Demandantes. ¿Como? Adquirindo e adecuando locais que converteremos en vivendas para cualificalos como vivenda pública con carácter protexido e para adxudicalos a través do Rexistro de Demandantes; impulsando novas formas habitacionais, como os aloxamentos compartidos protexidos, pensando sobre todo na nosa mocidade e nas facilidades de emancipación. ¿Como? Incentivando a promoción de vivenda protexida tanto dende un punto de vista privado como dende un punto de vista público, porque temos que ter un parque inmobiliario accesible e protexido para a nosa sociedade; mobilizando vivenda baleira; dando seguridade xurídica aos propietarios; apoiando, por suposto, os concellos para que teñan tamén o seu propio parque público municipal de vivenda; aproveitando parcelas xa urbanizadas aptas para construír vivendas sen necesidade de ter que modificar planeamento; e facendo, por suposto, rehabilitación pública, a través do noso programa Rexurbe. Esta mesma fin de semana entrarán tres vivendas en Betanzos; co cal conseguimos non só crear novos fogares, senón tamén embelecer os nosos cascos históricos e asentar poboación nestes cascos históricos, tamén, por suposto, axudar os concellos a rehabilitar os seus inmoables de titularidade municipal para que se destinen a alugueiro accesible e axudar a particulares para a rehabilitación de vivendas e a rehabilitación de edificios a través das comunidades de propietarios, con novas liñas de axuda —que serán unha realidade no 2026— específicas para os concellos de menos de cinco mil habitantes, que alcanzarán os 30.000 euros por vivenda, axudando tamén á rehabilitación das vivendas que se atopan nas áreas de rehabilitación integral municipais, tamén, por suposto, nos ARI supramunicipais —é dicir, nos ARI do Camiño de Santiago e da Ribeira Sacra— e, por suposto, axilizando tempos, desburocratizando e primando a nosa mocidade para facilitar a súa emancipación.

Señorías, estas son, a grandes trazos, as liñas fundamentais e principais nas que estamos a traballar, que agora paso a especificar con máis detalle. Nesta folla de ruta e como obxectivo principal está, por suposto, incrementar o parque de vivenda, tanto o parque público de vivenda como a vivenda protexida e como a vivenda libre. Máis vivenda pública, por suposto, pero sendo conscientes de que non se trata soamente de que a Xunta de Galicia constrúa; temos que incentivar o sector para que se constrúa vivenda protexida tanto en réxime de alugueiro como en réxime de venda, que terá sempre un prezo taxado. Sodes todos os aquí presentes e os galegos e galegas coñecedores do noso reto; reto de lexislatura que pasa por duplicar o parque público de vivenda e por pasar das 4.000 ás 8.000 vivendas de promoción pública. Estamos a construír novas vivendas, e estámolo a facer en tempo récord. (*Aplausos.*) En ano e medio de lexislatura fomos quen de pór en marcha máis de 3.000 novas vivendas de promoción pública. En 2026 teremos en marcha as 1.000 restantes e comezaremos a entregar xa os primeiros novos fogares na Coruña, en Pontevedra e en Santiago. Estamos construindo en todos os solos que son titularidade da Xunta de Galicia: Valdecorvos, en Pontevedra; Xuxán, na Coruña; O Bertón, en Ferrol; Cambedo da Raia, en Ourense; Navia, en Vigo; Garabolos, en Lugo; e Lamas de Abade e O Castiñeiriño, en Santiago de Compostela.



Pero precisamos máis solo no que poder construír. Por iso, non podo máis que agradecer que haxa concellos que nos estean a ceder parcelas, con independencia da cor política; que nos estean a ceder parcelas de xeito gratuíto, porque estas cesións supoñen construír máis vivenda pública para a veciñanza e tamén asentar poboación nestes concellos. Acadamos acordos de cesión gratuíta co Concello da Coruña, de Pontevedra, de Lugo, de Ames, da Estrada, de Lalín, de Teo, de Mos, de Vilagarcía, de Carballo, de San Cibrao das Viñas, de Arteixo e de Narón, e onte mesmo no Consello da Xunta aprobamos a cesión do Concello de Bueu. En total, construiremos, estamos a desenvolver xa, setecentas novas vivendas de promoción pública en parcelas cedidas gratuitamente polos concellos, (*Aplausos.*) porque ese é o único modo de conseguir o obxectivo: colaborando, indo da man, sen disputas, por riba de cores políticas.

O ano 2026 vai ser o ano do despegue decisivo da vivenda en Galicia, (*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, mostra un mapa de Galicia.*) o ano no que xa teremos en marcha as 4.000 vivendas públicas comprometidas para duplicar o parque público de vivenda no ano 2028. (*Aplausos.*) Vai ser o ano no que entreguemos xa as primeiras novas vivendas de promoción pública. E parte deste éxito teno tamén a posta en funcionamento e a creación *ex novo* da nosa Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, da nosa Vipugal, que é unha sociedade real, con orzamento, con persoal, que está operativa e a pleno rendemento desde principios deste ano 2025 e que ten posto en marcha xa máis de 1.900 novas vivendas.

Señorías, cada luns en Consello da Xunta aprobamos novos fitos, aprobamos novas licitacións de redacción de proxectos, de dirección de obra, de coordinación de seguridade e saúde, de execución de obra, novas cesións que nos están a facer; un traballo sen descanso dun magnífico equipo que temos na Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e ao que, por suposto, quero agradecer nesta Cámara o labor que están a facer. (*Aplausos.*)

É un traballo do noso equipo que se complementa coa imprescindible e fundamental colaboración do sector: arquitectos, arquitectos técnicos, consultoras, construtoras, axentes da propiedade inmobiliaria, promotores... A colaboración público-privada é fundamental, é decisiva. O sector da construción é fundamental, e por iso o Executivo galego declarou, en febreiro deste ano 2025, o sector da construción como sector estratéxico, porque os datos o avalan —o 5,7 por cento do PIB—, xeran emprego, dinamizan a economía e, por suposto, tamén axudan a contribuír a ese reto que temos para dar cumprimento á demanda da nosa sociedade nos compromisos de vivenda. Porque temos que facilitar, non poñer atrancos, temos que axudar, non castigar nin restrinxir, temos que mirar para o futuro, proxectar novas vivendas que habitaremos, as que estamos construíndo, e para iso temos que ir da man do sector. E por iso quero dicir que botamos en falta —e sempre o reitero—, a man e a colaboración do Goberno central.

Nós, dende o Executivo Galego, temos medidas para este incentivo, para incentivar o sector; medidas como, por exemplo, esa convocatoria de axudas con fondos exclusivamente autonómicos para que promotores e cooperativistas constrúan vivenda protexida; fondos que nesta lexislatura axudaron a que hoxe teñamos en marcha 559 novas vivendas protexidas. É unha medida exitosa que como tal fará que no vindeiro orzamento do ano 2026 se triplique



a contía para axudar a promotores e cooperativistas, que alcanzará os 15 millóns de euros. (Aplausos.)

Tamén, da man do sector e tras esa declaración do sector como estratéxico, avánzolle que estamos a traballar nun plan director para o impulso das técnicas industrializadas en Galicia. Formalizamos un convenio co Clúster da construción e coa Fundación Galicia Constrúe; un plan de dirección, un plan de acción no que xa estamos a traballar, creando un mapa de capacidades produtivas que temos en Galicia, con empresas, con tecnoloxías, con profesionais... Temos excelentes profesionais en Galicia que teñen técnicas pioneiras a nivel nacional e a nivel europeo, como, por exemplo, unha fábrica en Galicia única e exclusiva que constrúe con CLT, estrutura que é máis lixeira, máis resistente. Temos que primar o noso sector. Faremos tamén unha guía da construción industrializada e un plan de fomento desa industrialización que, por suposto, ten que pasar polo Plan de formación.

Déixenme dicirlles que dende a Xunta de Galicia temos que predicar co exemplo e por iso xa estamos a construír máis de catrocentas novas vivendas de promoción pública, que están a utilizar estas técnicas industrializadas, que axudan a axilizar tempos, que son máis sostibles e que palían problemas como a escaseza de man de obra.

Galicia ten talento dabondo e Galicia será punta de lanza no eido da industrialización. Polo tanto, estamos a construír vivenda, estamos a axilizar tempo e a gañar calidade no uso destas técnicas industrializadas, pero temos que habilitar solo onde poder construír. Porque sen solo non hai vivenda, e todos os presentes somos conscientes de que existen milleiros de metros cadrados urbanizables ao longo de Galicia que precisan dunha urbanización. Por iso, nunha acción pioneira e única e sen precedentes en España, a Xunta de Galicia, previo estudo daquelas zonas onde existe máis demanda de vivenda protexida, aproba en Consello da Xunta a Estratexia de desenvolvemento de solo residencial que xa estamos a executar. Desenvolveremos solo que permita a construción de 25.000 novas vivendas, das cales 20.000 serán protexidas. (Aplausos.)

Regulamos e creamos *ex novo* os nosos proxectos de interese autonómico residencial, simplificando trámites, reducindo prazos para poder dispor de solo nun tempo récord onde poder construír. Habilitamos solo para, en colaboración público-privada, construír vivendas a curto e a medio prazo. Contaremos así con solo público onde se constrúa vivenda pública, vivenda protexida e tamén vivenda libre. No ano 2028 teremos adquirido solo e estaremos urbanizando, á vez que simultanearemos a urbanización e a edificación.

No día de hoxe, traballamos en once proxectos de interese autonómico en once PIA de dez concellos. Estamos a falar de Vigo —Ofimático e Ramón Nieto—, de Pontevedra —San Mauro—, da Coruña —Monte Mero—, de Ourense —Escorial Vinteún—, de Santiago —Mallou—, de Lugo —Sagrado Corazón—; pero tamén de Arteixo, de Vilagarcía, de Marín e do Porriño.

Unha vez colmatado este procedemento, o oitenta por cento das vivendas terán carácter protexido e tamén o oitenta por cento das vivendas serán protexidas con carácter indefinido, porque este Executivo galego modificou normativa para establecer que todas as vivendas protexidas que se constrúan sobre solo público teñan carácter protexido indefinido. (Aplausos.)



E non me quero esquecer neste punto de que os concellos teñen moito que aportar, e así o están a facer; concellos que están a recorrer ao noso fondo de cooperación, que lles permite financiar sen intereses, sen xuros, a construción de nova vivenda protexida, a urbanización de solo, a posibilidade de adquirir solo onde poder construír vivenda protexida.

Tamén son moitos os concellos que se están adherindo á nosa plataforma de solos; concellos que convenían coa Xunta de Galicia, con esta consellería, onde os seus solos de titularidade municipal que son aptos para construír vivenda protexida serán concursados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, de modo que a tramitación administrativa contractual xurídica a deleguen na Xunta de Galicia, creando así unha ferramenta aberta para que promotores e cooperativistas saiban, por unha banda, onde existe solo público onde poder construír; unha licitación que realizaremos no ano 2026 con concellos xa adheridos. O primeiro foi As Pontes e seguiron Arnoia, Friol, Valdoviño, Valadouro, Ordes e esta mesma tarde firmaremos co Concello da Peroxa.

Ao igual que estamos a construír e a desenvolver solo, temos que recuperar vivenda mediante diversos mecanismos, tanto a rehabilitación como a mobilización de vivenda baleira como tamén o uso de espazos habilitados para iso, que están agora mesmo en desuso. A través da rehabilitación estamos a traballar, cooperando cos concellos na rehabilitación de vivendas nas 79 áreas de rehabilitación integral que temos en Galicia.

Por outra banda, por suposto, seguiremos desenvolvendo o programa de axudas para as áreas de rehabilitación integral no Camiño de Santiago e na Ribeira Sacra, que verán duplicado o seu orzamento no ano 2026.

Seguiremos a axudar aos concellos para que rehabiliten os seus inmobles de titularidade municipal e se destinen a alugueiro accesible da súa veciñanza; axudas que traerán novidades neste ano 2026 e que pronto daremos a coñecer.

Tamén, por suposto, seguiremos a apostar pola rehabilitación de axudas a nivel de edificio e a nivel de vivenda, sen esquecernos do noso programa Rexurbe, polo cal adquirimos inmobles nos cascos históricos mediante unha oferta pública de adquisición, que estamos a rehabilitar e a pór á disposición da veciñanza dese concello mediante alugueiros accesibles. Traballaremos na Coruña, en Betanzos, en Ferrol, en Mondoñedo, en Ourense e en Ribadavia, entre outros.

Queremos tamén contribuír a asentar poboación, e por iso poremos en marcha unha nova liña de axudas no ano 2026, que financiará as obras de rehabilitación nas vivendas que se atopen en concellos de menos de cinco mil habitantes. A subvención alcanzará o 75 por cento e un máximo de 30.000 euros por cada vivenda rehabilitada. *(Aplausos.)*

Outra medida moi importante é que temos que axudar a mobilizar as vivendas que están baleiras. Sabemos que son moitos os inmobles baleiros que non se poñen no mercado do alugueiro, por unha banda, pola necesidade de facer pequenas reformas, pero, por outra banda tamén, pola inseguridade xurídica dos propietarios polo medo á denominada «inquiokupación». Por iso, a mediados deste ano 2025 creamos un novo programa denominado



Fogar Vivo, polo cal axudamos a realizar reformas nos inmobles, axudamos á compra de electrodomésticos, axudamos co pago do seguro multirrisco do fogar e axudamos co pago do seguro do impago de rendas, e fomentamos que posteriormente se axude á mocidade cunha axuda complementaria de 2.000 euros ao alugueiro; axudas que alcanzan os 16.000 euros e que tiveron un grande éxito. Son catrocentos os inmobles que solicitaron adherirse a este Fogar Vivo. Tivemos que incrementar nun millón de euros as axudas nesta anualidade 2025. E por iso no vindeiro ano 2026 temos preto de 3 millóns de euros para seguir a mobilizar vivenda baleira, dando seguridade xurídica aos propietarios. *(Aplausos.)*

Máis medidas a través do aproveitamento dos espazos en desuso. Todos, cando camiñamos polas nosas vilas, polos nosos pobos, vemos locais, baixos, que están lóbregos, en desuso, que viviron mellores tempos. Son locais baleiros que supoñen unha carga para os seus propietarios e que afean as nosas vilas, os nosos pobos e as nosas cidades.

Por iso, xa neste ano 2025, facilitamos a conversión de baixos en vivenda, pero este ano 2026 damos un chanzo máis. Desenvolveremos un programa piloto en Ourense, faremos unha oferta pública de adquisición de baixos na cidade de Ourense para rehabilitalos, convertelos en vivendas de promoción pública, destinalos a alugueiro e inscribilos no Rexistro do Demandantes. Todas esas vivendas xurdidas deses baixos en desuso serán cualificadas como públicas e terán protección permanente. *(Aplausos.)*

Outra medida valente que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro, que está pensada tamén en axilizar tempos e en aproveitar espazos xa urbanizados que están abandonados, é a referida aos dotacionais públicos e privados que están en desuso. Todos coñecemos algún. Pois queremos facilitar a construción de vivenda protexida ou os aloxamentos compartidos protexidos neses espazos dotacionais públicos e privados sen necesidade de modificar planeamento. Axudamos así á construción de vivenda protexida, pero tamén á rexeneración urbana das nosas cidades. Por suposto, todas as vivendas resultantes serán cualificadas como protexidas con carácter indefinido.

Pero temos que escoitar, e así o fixemos. O sector, a cidadanía estannos a pedir axilidade, flexibilidade, desburocratizar. Temos que traballar para simplificar procedementos para as administracións, para promotores ou para particulares, porque o acceso á vivenda, especialmente no contexto no que nos atopamos, require que non haxa tempo que perder. E a desburocratización non significa perda do control nin perda de garantías, senón todo o contrario; significa actualizar, significa modernizar e significa gañar en eficiencia e en eficacia.

Por iso, xa dende o 1 de xaneiro de 2025 adoptamos diversas medidas, como esa cualificación permanente indefinida de todas as vivendas de promoción pública, como esa protección tamén indefinida de todas as vivendas protexidas que se constrúan en solo público e como eses certificados de conformidade municipais, as Eccom, que terán a mesma validez e os mesmos efectos que os informes xurídicos e técnicos municipais, porque queremos aforrar tempo aos concellos e axudar aos concellos con esa simplificación da conversión dos baixos en vivendas, con esa permisión para rematar eses esqueletos que temos ao longo da nosa xeografía, excepcionalmente ata o ano 2028, co compromiso de que, polo menos, o cincuenta por cento das vivendas resultantes deses esqueletos rehabilitados e rematados sexan



vivendas protexidas. Implantamos xa bonificacións fiscais para modificar esas vivendas baleiras, con 500 euros de dedución no tramo autonómico do IRPF ou con deducións de ata o quince por cento dos custos das reformas realizadas e un máximo de 9.000 euros en tres anos. E neste ano 2026 poremos novas vivendas en marcha.

Como lles contaba anteriormente, mantemos unha aposta decidida polas técnicas industrializadas que axilizan a execución das obras. O 2026 será o ano no que aprobemos Xunta de Galicia e Clúster da construción ese Plan director das técnicas industrializadas, pero tamén de medidas para incentivar e axudar a promotores para que constrúan vivenda protexida. Reforzaremos eses apoios ata os 15 millóns de euros.

Tamén premiaremos os desenvolvementos dos solos urbanísticos cando se realicen para a construción de vivenda protexida. Así, e con independencia do que estableza a Lei do solo, poderá incrementarse a edificabilidade nun vinte por cento para aqueles desenvolvementos urbanísticos que alcancen como mínimo o sesenta por cento das vivendas protexidas do ámbito das protexidas.

Permitiremos tamén que as entidades locais realicen eses proxectos de interese autonómico que estamos a facer dende a Xunta de Galicia, tanto de iniciativa pública como de iniciativa privada; iso si, co mesmo compromiso de que o oitenta por cento das vivendas que resulten dese ámbito teñen que ser protexidas. Incrementaremos o número de vivendas públicas mediante a compra directa de vivendas públicas. O IGVS adquirirá directamente todas as vivendas de promoción pública que se poñan en venda en segundas e posteriores transmisións. *(Aplausos.)* Consequimos así ampliar o parque público de vivenda, tendo en conta, ademais, que esas vivendas adquiridas terán protección permanente desde a súa adquisición. Tamén regulamos o dereito de tanteo e retracto para adquirir as vivendas protexidas que se poñan no mercado do alugueiro.

Tamén regularemos os aloxamentos compartidos, que serán protexidos, e regularemos a súa composición e as súas características, porque temos que pasar do piso tradicional e pensar en novas formas de convivencia que nos está a pedir a nova sociedade que temos, que equilibren esa autonomía individual coa vida compartida e que permitan, para quen o desexe, esa relación interxeracional.

E non me podo esquecer da nosa mocidade, dos mozos. Temos un compromiso firme e decidido do Executivo galego coa xente máis moza, para axudar á súa emancipación. Son medidas pensadas por e para este colectivo. Por iso, de todas as vivendas de promoción pública que construíamos e que se destinen á venda, o 25 por cento serán para menores de 36 anos, e, de todas as que se destinen a alugueiro, o 40 por cento serán para menores de 36 anos. *(Aplausos.)*

Ademais, temos en marcha xa unha figura creada neste ano 2025, os aloxamentos compartidos protexidos para a mocidade, que estamos a proxectar en Santiago, en Vigo e en Lugo e que terán obra xa iniciada no vindeiro ano 2026. Reforzaremos as axudas para que os mozos e as mozas adquiren vivenda, para que compren vivenda, con preto de 3 millóns de euros para axudar. Así, serán 15.000 euros de axuda para compra de vivenda en concellos de



menos de dez mil habitantes; 15.000 euros de axuda para compra de vivenda nos cascos históricos; e 20.000 euros de axuda para aqueles mozos que compren vivenda protexida, sen esqueceros, por suposto, do noso Aval Mozo. A Xunta de Galicia garante o compromiso ao cen por cento da hipoteca —o oitenta por cento, a entidade financeira e o vinte por cento, a Xunta de Galicia—, unha axuda que facilitou xa máis de 4 millóns en avais dende o ano 2023. *(Aplausos.)*

Seguiremos coas rebaixas fiscais xa implantadas, esas que permiten que os mozos menores de 36 anos, cando compren unha vivenda usada, nesa segunda transmisión, ese imposto de transmisións patrimoniais se reduza do 8 por cento ao 3 por cento en Galicia e ao 0 por cento cando estamos en zonas pouco poboadas. Tamén os actos xurídicos documentados, que se rebaixan do 1,5 ao 0,5 para mozos. E, por suposto, seguiremos con axudas ao alugueiro. Neste sentido fago saber aquí, nesta Cámara, que neste mesmo mes incrementaremos o Bono Alugueiro Mocidade en máis de 11 millóns de euros, que resolveremos tamén neste mesmo mes e que contamos con que creza nuns 2.000 beneficiarios —que estaban á espera da súa concesión—.

Finalizo xa. Simplemente quero destacar o labor que estamos a facer, que fai que nunca en tan pouco tempo se fixese tanto. Traballamos arreo para dar solucións rápidas en materia de vivenda. Estamos traballando á velocidade de cruceiro, con axilidade nas licitacións, con avance en obras, en rehabilitación de vivendas, con solucións para mobilizar vivenda baleira, para aproveitar espazos urbanizados que están en desuso, para incrementar o número de vivendas de promoción pública, para flexibilizar, para desburocratizar e para axilizar, pero sempre —repito— da man dos concellos e da man do sector e axudando sempre a nosa mocidade.

Queremos máis e mellores oportunidades en materia de vivenda en Galicia, queremos máis vivendas de calidade para esa «Galicia calidade» pola que estamos a traballar todos xuntos.

Grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Empezaremos coa rolda de todos os grupos parlamentarios.

O voceiro do Grupo Parlamentario Mixto indícame que renuncia ao seu turno de intervención.

Ten agora a palabra o representante do Grupo Parlamentario Socialista.

AITOR BOUZA MANZO: Grazas.

Bo día, señora conselleira.

Grazas pola súa exposición.



A verdade é que, despois de escoitala, nos congratulamos de que por fin o Partido Popular chegue á conclusión de que o problema da vivenda —como vostede dixo, nada máis comezar— é que hai máis demanda que oferta. Benvidos, polo menos, ao ano 2014. E vou dicir o porqué de «benvidos, polos menos, ao ano 2014»: se este é o problema que realmente hai en vivenda, non entendo por que o Partido Popular, que ten as competencias exclusivas en materia de vivenda, non fixo nada durante os dezaseis anos que leva gobernando. E dicía o do ano 2014 porque hoxe, que veu aquí a valedora do pobo, se recorremos ao Informe da Valedora do Pobo do ano 2014 (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) —podemos mirar máis, pero é por poñer unha data, despois da súa primeira lexislatura, xa que vostedes van por retos puntuais—, vemos que di xa ese informe: «Nas queixas sobre vivenda e dun modo xeral ponse de manifesto a frustración das persoas ou grupos familiares polas dificultades coas que se atopan ao acceder a unha vivenda» —ano 2014—. No ano 2025, a piques de comezar o 2026, a conselleira de Vivenda, con competencias exclusivas en materia de vivenda, vénnos aquí dicir que a conclusión da Xunta é que o problema é o que xa estaba detectado pola Valedoría do Pobo no ano 2014. Pois benvidos, señores do Partido Popular.

Pero, claro, é que se facemos unha análise dos propios informes da Valedoría do Pobo, vemos cal foi esa evolución. E, casualmente, cando vostedes chegaron ao Goberno, se vemos o informe da Valedoría do Pobo do ano 2010, ¿saben que era o que recollía a Valedora do Pobo? «Outras queixas obedecen a atrasos na entrega de vivendas de promoción pública xa adxudicadas». ¿Saben vostedes por que as queixas son polas xa adxudicadas? Porque realmente o Goberno anterior ao Partido Popular o que fixo foi construír vivenda pública. E vostedes, cando chegaron, o que fixeron foi deixar a vivenda á marxe. (*Aplausos.*) Esa é a realidade, e por iso hoxe nos atopamos na situación da que imos facer agora mención.

Se vemos o propio desglose dos orzamentos da Xunta de Galicia, darémonos conta de que son moi ilustrativos de por que hoxe, no ano 2025, chegamos ata aquí. Chegamos ata aquí porque, como dixen, no ano 2014 xa alertaba a Valedoría do Pobo desta situación e nada fixo a Xunta de Galicia. Pero é que, se seguimos, vemos que no ano 2018 se conclúe: «...a escaseza ou falta de vivenda social en réxime de alugueiro». ¿Que fixo a Xunta de Galicia? Absolutamente nada. Pero é que xa no ano 2020 a Valedoría do Pobo —da que tanto se congratula o Partido Popular de facer caso, de ter en conta, os seus informes— evidencia —o propio informe, e leo literalmente o Informe da Valedoría do Pobo; non do Partido Socialista, da Valedoría do Pobo— que o principal escollo co que se atopa para lograr e cumprir a súa obriga xurídica de facilitar a ocupación dunha vivenda quen o solicite continúa sendo a ausencia dun parque de vivenda público con capacidade suficiente para absorber a demanda existente. Isto é no ano 2020. ¿Que fixo o Partido Popular en todo este tempo? Levan gobernando dende 2009 e, no día de hoxe, vén aquí dicirnos que o problema é que non hai vivenda pública. Claro que é o problema, porque non a fixeron, señora conselleira. Ese é o problema. E o problema está en que namentres a Valedoría do Pobo alertaba claramente de que non existía vivenda pública, de que non podían acceder á vivenda pública, ¿que foi o que fixo o Partido Popular nos seus orzamentos? Pois moi sinxelo: no ano 2009, no último orzamento do Goberno bipartito, estaban orzados 109 millóns de euros. ¿Que fixo a Xunta de Galicia a continuación, nada máis chegar? Reducilo, chegando no 2017 —é dicir, no ano do informe ao que me acabo de referir— a reducir o importe de acceso á vivenda a 3 millóns de euros —e si, digo ben, ¡digo ben!, a 3 millóns de euros—. Iso é indecente.



Por iso hoxe estamos aquí, porque vostedes relegaron a vivenda xa directamente a que non podería ser nin un dereito. ¡É que non estaba recollido nin nos orzamentos! ¡É que deses 3 millóns de euros non executaron nin o cincuenta por cento! (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¡Claro, é que a vostedes lles fai graza!, pero a quen non lles fai graza é a todos eses demandantes de vivenda pública que, no día de hoxe, non a teñen porque o Partido Popular, despois de dezaseis anos, non fixo absolutamente nada. Esa é a realidade.

E a maiores, no ano 2018, a execución do propio Partido Popular —datos oficiais— do Goberno da Xunta de Galicia no programa de acceso á vivenda é do 0,5 por cento. ¡É que é absolutamente indecente! Son os seus datos, señora conselleira, non se sorprenda. Se non coñece os datos, podo facilitarllos. Se quere, entrégolle na segunda intervención o libro da Xunta de Galicia onde vostedes indican que realmente executaron o 0,5 por cento no programa de acceso á vivenda. Esa foi a política do Partido Popular de vivenda pública —si, si—, e a que conleva que hoxe esteamos aquí e que vostede afirme que non hai vivenda. ¡Claro que non hai vivenda, e non hai vivenda porque non fixeron vivenda pública! Esa é a realidade coa que nos atopamos.

E tamén podemos ver os propios datos, só hai que ir á propia hemeroteca: (*O deputado Aitor Bouza Manso le un titular dunha noticia dun xornal.*) «*La Xunta del PP construyó en cinco años 617 viviendas públicas.*» —un 1.425 por cento menos que en dous anos do Bipartito—. É unha noticia publicada, entendo que vostede non a desmente e que non dirá que os datos que se recollen aquí son falsos. Di a noticia —dígoo porque o outro día na comparecencia vostede replicou os datos que eu dei, que veñen desta propia noticia—: «*Entre 2015 y 2019 se construyeron unicamente 20 viviendas públicas en Galicia. Los datos no dejan muy bien al Ejecutivo Popular, que desde 2009 y hasta ahora edificó menos vivienda pública en Galicia que en dos años del Bipartito: 6.300 viviendas en trece años, frente a 7.241 construídas por el Gobierno presidido por Touriño.*». Esa é a realidade, señora conselleira, de que hoxe cheguemos aquí con esa situación.

Pero, a maiores, vostede falou tamén do Bono Alugueiro. E a verdade é que non entendín moi ben o que nos veu aquí anunciar, porque, á parte, aproveitou trinta segundos da súa intervención para falar de algo moi importante. Non entendín o que quere dicir con que se van incrementar os fondos. ¿Vanse incrementar os fondos polo propio orzamento que vostedes xa anunciaron? É dicir, ¿están emendando o propio orzamento que aínda non está aprobado? ¿Van incrementar os fondos con respecto ao 2026? ¿Van empregar os do 2025? Alégrome, pero se van chegar a 2.000 persoas, quedan 10.000 persoas sen poder atender co Bono Alugueiro.

¡É que é a realidade! Vostede ri, pero é a realidade. É que o drama social é que a Xunta de Galicia non dispón dos fondos suficientes e, se aumentan esa contía no ano 2025, quere dicir que xa é insuficiente para 2026. É que vostede vén aquí facer, como sempre, anuncios de pandeireta. Non valen para nada, porque realmente eses anuncios para o único que serven é para ter un titular hoxe, pero as políticas teñen que facerse de maneira útil, e a realidade que temos é que tres de cada catro peticións para as axudas de alugueiro en Galicia quedaron fóra ao esgotarse o orzamento.

Señora conselleira, segundo os datos propios ou oficiais, (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) houbo 16.740 solicitudes e quedaron fóra 12.200. Se vostede hoxe aquí anun-



cia, como se fose un grande éxito, que se van conseguir 2.000 máis, van quedar 10.000 persoas fóra. Polo tanto, non chegan os orzamentos. É insuficiente. A súa política en materia de vivenda é insuficiente porque a política de vivenda non se fai a golpe de titular, a golpe de anuncio, nin nun ano nin nunha lexislatura. Vostedes levan catro lexislaturas, e o único que fixeron foi anuncios, pero a realidade é que hoxe nos atopamos nun drama social, nunha emerxencia social, porque non se fixo o traballo que se tiña que facer.

E mire, xa que di que non vén aquí confrontar —habitualmente é o único ao que se dedican, a confrontar co Goberno de España—, eu dígolle que teño aquí unha resolución que di: «Por estaren as súas solicitudes presentadas con posterioridade ao esgotamento do crédito, quedalles a esas persoas denegada a subvención do Programa de alugueiro». ¿Sabe quen asina esta resolución que se publica no *DOG*? Heriberto García Porto, o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, (*O deputado Aitor Bouza Manso amosa un documento.*) que leva dez anos á fronte do Instituto da Vivenda e Solo, e co que ningunha solución se ve, xa que non se puido construír realmente no ámbito da vivenda. Hoxe vostede comeza a súa intervención dicindo que o problema é que non hai vivenda pública, ¡pois claro que si!, pero tampouco hai axudas públicas e tampouco hai unha política clara para poder dicirlle á mocidade —que tanto está a esperar por unha política de verdade e que hoxe nos escoita— que o que queremos é que o Goberno da Xunta de Galicia asuma as súas competencias, as competencias exclusivas en materia de vivenda, e que diga alto e claro que vai rectificar todos estes anos de goberno ou de desgoberno do Partido Popular en materia de vivenda.

«*El precio de la vivienda. Se nota la subida más intensa en veinte años*». (*O deputado Aitor Bouza Manso le un titular dunha noticia nun xornal.*) É unha noticia de onte. ¿Que vai facer o Goberno do Partido Popular para isto? Porque mentres se poñen enriba da mesa solucións por parte do Goberno de España, vostedes din que invade a súa competencia e recorren ao Tribunal Constitucional, pero á súa vez exíxenlle ao Goberno de Pedro Sánchez que poña solucións. É dicir, cunha man impiden que se poñan as solucións e con outra queren máis fondos. Pois, señores do Partido Popular, díganos, entón, que o que queren.

Vostedes non executan os seus cartos. Vimos como no 2024 executaron o trinta por cento dos fondos; é dicir, que deixaron sen executar o setenta por cento dos fondos de acceso á vivenda. Señora conselleira, ¡iso é un drama! E, no día de hoxe os últimos datos que temos da propia Xunta de Galicia é que levan vostedes executado o cinco por cento no que vai de ano, na metade de 2025 —¡son os seus datos, señora conselleira, non me poña esa cara!, ¡son os datos entregados pola Xunta de Galicia!—; o cinco por cento no programa de acceso á vivenda. Quere dicir que...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

AITOR BOUZA MANSO: ...—remato— o 30 de xuño de 2025 estaba só o cinco por cento e, polo tanto, que o 95 por cento dos fondos están sen executar.

Espero, señora conselleira, que nos poida explicar se van executar os fondos e se realmente van acometer algún tipo de cambio real na política da Xunta de Galicia que demostre todas estas eivas que se produciron durante dezaseis anos de desgoberno do Partido Popular, para



que sexan reais e efectivas e para que poidamos dicirlle á mocidade que nos escoita, ás familias que necesitan unha vivenda, que realmente vai haber unha política pública de vivenda dende o Goberno, que ten as competencias exclusivas en materia de vivenda.

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de dar paso á voceira do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, damos a benvida —e saúdo— aos alumnos e alumnas de sexto de primaria do Colexio de Educación Infantil e Primaria Raíña Fabiola, de Santiago de Compostela. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Ten agora a quenda, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Alexandra Fernández Gómez.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Hai algo que me chamou moito a atención da súa intervención, señora conselleira, e é que estamos practicamente terminando o ano. Iso supón que, ao finalizar este ano, conclúe o período de vixencia do plan anterior, 2021-2025, e estamos a un mes de que entre en vigor un novo plan —do que xa anda por aí pululando un borrador—. Sorprende que vostede nesta circunstancia diga que vén facer balance e non faga ningunha mención deste pequeno detalle, (*Aplausos.*) que é que estamos nun proceso de cambio de ciclo e de plan. Ben, isto o que demostra, primeiro, é o temor a facer un balance real de que supuxo o anterior plan e, dende logo, irresponsabilidade, ao non querer presentar aquí cales son os obxectivos do vindeiro plan. Pero imos facer ese balance.

Primeiro queremos enfocar a análise na situación concreta que vive un cidadán de a pé á hora de acceder á vivenda —xa logo entraremos a verificar ou non o cumprimento dese documento—. O primeiro é sintonizar coa situación actual, e para iso fágolle unha pregunta que agardo que na súa réplica se atreva a responder. Este plan, o de 2021-2025, e as políticas de vivenda dos últimos cinco anos, ¿serviron para mellorar o acceso á vivenda neste país?, ¿si ou non? Non lle pido que me dea títulos de programa, que me dea cifras descontextualizadas. Interpéloa sobre algo moi concreto: se vostedes consideran que a situación no acceso á vivenda dos galegos é mellor ou peor que hai cinco anos. Dende logo, dende a análise do BNG —e creo que é compartido coa maioría da sociedade—, estamos moito peor, e aí están os datos. Primeiro, cada vez é máis difícil acceder a unha vivenda en propiedade. Cando arrancou este plan, o esforzo para comprar unha vivenda era dun 26 por cento do salario para poder pagar un préstamo; hoxe supón o 31 por cento. Aumentou a exposición ao risco financeiro dos 80 puntos aos 94, o que significa que cada vez máis familias asumen un risco financeiro excesivo na compra. Nos últimos anos vemos como sectores que tradicionalmente accedían á vivenda en propiedade mediante a hipoteca xa non poden, non teñen esa vía. Hoxe comprar vivenda é algo que fan maioritariamente as persoas que teñen capital acumulado. O 53 por cento que comprou vivenda fíxoo pagando ao contado, sen hipoteca; por tanto, as súas medidas estrela repetidas unha e outra vez nos orzamentos de rebaixar máis



e máis os tipos na compra de vivenda, dende logo, non están conseguindo ampliar o acceso á vivenda en propiedade. Para a mocidade, de feito, ter unha vivenda ou non é algo que depende cada vez máis da familia onde se nace. Os programas de avais tampouco serviron para mudar a situación.

Por tanto, temos un Partido Popular que fai bandeira de políticas orientadas á compra, en detrimento das que facilitan os alugueiros, pero o resultado é que hai unha parte da poboación que acumula cada vez máis patrimonio en forma de inmobles e outra que nunca, nunca na súa vida, vai aspirar a ter unha vivenda en propiedade. Para todos eses, para os que o alugueiro é a única forma de acceder a unha vivenda, ¿estes cinco anos de vivenda foron para mellor ou para peor? Os prezos dos alugueiros subiron un 36 por cento desde entón, mentres o salario medio bruto ata 2024 subiu un 14 por cento. No caso dos salarios máis baixos, vemos como cobrando un salario mínimo interprofesional nunha cidade como A Coruña non hai unha soa sección censal en toda a cidade onde un teña que pagar menos do 30 por cento do salario para poder afrontar un alugueiro. Por tanto, en todas as zonas está por riba do umbral máximo do que se considera sostible. E a porcentaxe que se vai directa ao alugueiro non para de medrar; hai un volume cada vez maior de recursos económicos que están fluíndo das rendas máis baixas cara aos propietarios, e iso, como vimos, responde cada vez menos a un perfil de traballadores hipotecados.

Todas estas mudanzas no seu conxunto son os indicadores dunha maior desigualdade social, xerada, precisamente, pola propia vivenda, e dun modelo económico cada vez máis volcado no rentismo e menos na economía produtiva, e isto ten consecuencias profundas. As políticas de vivenda —a ver se vostedes o asumen— son políticas de país, e o que fixeron vostedes para este país nos últimos cinco anos foi: maiores dificultades no acceso á vivenda, máis inxustiza social e un mercado inmobiliario cada vez máis especulativo.

Dende o BNG temos que recoñecer que non tiñamos moitas esperanzas —sinceramente— nin grandes expectativas. Cando se aprobou o anterior plan, xa dixemos que o enfoque era inadecuado, que non había unha responsabilidade coa situación e que non se palpaba preocupación real porque non había metas nin obxectivos concretos; eran declaracións de intencións, promesas vagas. A pesar das advertencias que lles fixemos, vostedes dicían que ese resultado ía ser marabilloso, e viñeron aquí e dixeron que ía dar uns grandes resultados, pero os resultados son negativos. Por tanto, alguén terá que dar explicacións por parte da Xunta de Galiza de onde estivo o problema: ¿é que fallaron vostedes enfocando os programas?, ¿acaso non as cumpriron?...

Agora é cando entramos xa na segunda parte desta intervención para ver a que se dedicaron en realidade dende a Consellería nos últimos cinco anos. O primeiro que dicían nese plan —do que vostede non quere render contas— é que se ía facer a promoción de vivenda pública. O plan o máximo que chegaba a detallar era: «Deberán promoverse alí onde exista demanda». Ben, pois con 22.680 persoas inscritas, entregáronse 41 vivendas de promoción pública no ano 2021; 53 no 2022; e 40 no 2023. Cando xa o plan ía pola metade da súa vivencia, no ano 2023, Rueda dixo que se enterara de que non estaban facendo suficiente venda pública e que anunciaba 1.800 vivendas públicas para o 2026; é dicir, para agora, para cando remataba o plan. Conselleira, preguntámoslle: en 2024-2025, ¿cantas se fixeron?,



¿todas as que restan para chegar ás 1.800? Déanos os datos, renda contas, faga balance de verdade, e non me compute —iso si— as entregas de chave de inquilinos como vivendas de promoción pública novas, que é o que fixeron cando viñeron render contas do anterior plan, que demostramos que era un auténtico bulo. Alguén —insisto— terá que render contas da única promesa seria, firme, que se fixo no período de vixencia dos últimos cinco anos, que era que ía haber 1.800 vivendas de promoción pública para o ano 2026. Agora prometen 4.000 para o seguinte, pero é que queremos saber onde están as vivendas que tiñan que estar resolvendo o problema da vivenda neste momento. Déanos a cifra.

O segundo programa do plan era a promoción de vivenda protexida. Aí dicían que ían subir os prezos da vivenda protexida —aí si que cumpriron cos promotores—, e é certo, subiron o prezo da vivenda protexida un corenta por cento, ao punto de que hoxe comprar unha vivenda protexida de tamaño medio está arredor dos 240.000 euros nas cidades, e fixeron imposible que quen cobra menos de 26.250 euros —que debería acceder á vivenda protexida en réxime especial— poida afrontar o pago dunha vivenda que lle supón 200.000 euros. Subiron os prezos ao ritmo que os subía o mercado sen ter en conta cal era o ritmo da evolución dos salarios e expulsaron as rendas máis baixas de poder acceder á vivenda protexida; pero non só, porque aquí expulsaron a todo o mundo da vivenda protexida, ¡a todos!, porque é certo que o obxectivo do plan era..., ningún, non dicía nada... Dicían: «Haberá que facer vivenda protexida», pero non había ningún plan; era difícil fallar —peor que cero é difícil—.

Pero teño que dicirlle cales son os datos concretos: en 2024, cinco vivendas protexidas rematadas, (*Aplausos.*) e no que vai de 2025, ¡tres vivendas protexidas! E vostede acaba de subir aquí e acaba de poñerse moi seria anunciando axudas para a adquisición de vivenda protexida para os mozos como medida estrela para resolver o problema, a bancada popular aplaudindo... ¿E aplaudindo que? ¡Se non hai nada que comprar!, ¡se non hai nada! Tres cualificadas definitivamente este ano. Non sei se era ao que aspiraban ou se considera vostede que fracasaron.

Por certo, outro truco para non defraudar é o que fan agora: prometer 20.000 vivendas protexidas para non se sabe cando: 2050, 2060, 2100... A ver se algún día nos dá a data concreta (*Risos da oradora.*) de para cando van ser esas 20.000 vivendas protexidas. Isto a verdade é que é un truco a nivel experto, ¿non? Porque, claro, cando antes non prometía nada, non tiñan propaganda que vender; e agora está moi ben, porque vostede pode repetir como un loro aquí «vinte mil vivendas protexidas para un futuro incerto» e mentres tanto termínanse tres vivendas protexidas. Esa é a realidade do que está sucedendo coas súas políticas de vivenda.

Os seguintes programas que se contemplaban no plan eran os propios da Xunta, que todos estaban dirixidos a promover a adquisición de vivenda: bonificacións fiscais e axudas para comprar vivenda que tiveron un impacto anecdótico. Por exemplo, concedéronse 42 axudas para comprar vivendas en centros históricos e, dos programas de avais á xuventude, só se executou o 30 por cento do orzamento dispoñible, porque a xente moza non ten a capacidade económica para hipotecarse. E, ¿para que servían todos estes paquetes de axudas á compra de vivenda? Son o paquete de axudas *photocall*, para que unha conselleira vaia un día sacar unha foto con algún beneficiario, pero a realidade é que non transforman en nada as políticas de vivenda deste país.



E había un último bloque dese Plan de vivenda, que era todo o que ten que ver coas axudas do Plan estatal de vivenda e os fondos Generation. Aí é onde está o grosso do único que vos-teses fixeron, que foi converterse nunha especie de ventanilla de tramitación dos programas estatais, e para iso nin tan sequera o fixeron ben. Acaba de denuncialo a propia valedora do pobo; acaba de dicir que vostedes fixeron mal, durante estes anos, as tramitacións, tardando na resolución ou incluso outorgando as subvencións sen concorrència competitiva. Por tanto, ¡ata aí fallaron! Estes cinco anos, mentres a situación empeoraba en materia de vivenda, foron tamén os anos do «non»: non a declarar mercados tensionados; non a limitar os pisos turísticos; non a gravar a vivenda baleira; e tamén os de aproveitar todas e cada unhas das leis de acompañamento para desregular urbanisticamente e para favorecer a especulación, para cambiar as normas para que baixos comerciais sen ventilación, iluminación e privacidade poidan ser vivendas; para os minipisos de trinta metros cadrados, escondidos baixo a fórmula do *coliving*; para desgravacións fiscais a quen compre inmobles enteiros para arrendar; para subvencións a multipropietarios por arrendar, por facer obras de reforma, para pagarlles os seguros ou para cubrilles os impagos... Isto non o deixaron escrito no Plan de vivenda —nada disto—, pero fixérono pola porta de atrás con cada orzamento: máximo beneficio e mínimo risco para quen posúe varias vivendas, todo a custa do erario público, e mentres o que medrou foi o risco financeiro de quen se hipoteca; o risco de que unha familia non poida nin tan sequera pagar un alugueiro cun salario que entra nunha casa. Mentres uns maximizaban beneficios, outros viron minguar a súa capacidade adquisitiva a pasos axigantados por culpa da vivenda. Véñense reducindo as oportunidades de vida das novas xeracións, e ata se nos limitou o espazo físico no que podemos permitírnos vivir as nosas vidas.

En conclusión, as políticas de vivenda da Xunta de Galiza nestes últimos anos crearon máis desigualdade e debilitaron o noso país.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, conselleira, por achegarse hoxe a facer este balance.

Vanme permitir que comece recordando cal é o motivo da comparecencia da conselleira, porque creo que algunha das persoas que me antecedeu se trabucou un pouco no obxectivo. Non era outro que facer un balance da actuación do Goberno en materia de vivenda no que vai de lexislatura, e penso que debería estar claro para todos os que estamos aquí que o que estamos a avaliar é se o Goberno está a cumprir os compromisos que adquiriu cos galegos en materia de vivenda, os compromisos contidos no programa do Partido Popular de Galicia, no programa do PP.



Quero dicilo, porque cómpre lembrar que os nosos respectivos programas de vivenda xa foron avaliados polos galegos nas urnas, e foron os galegos os que decidiron que propostas merecían a súa confianza e que propostas non a merecían. E teño que dicírllelo, señorías —que parece que non o asumiron—: nin gustou a proposta do BNG de vivenda, por expropiación, nin gustou a proposta do PSdeG do modelo Garañón. Non gustaron. Os galegos somos xente peculiar, gústanos que respecten a nosa propiedade privada e gústanos que se constrúan fogares que non teñan que ser demolidos. (*Aplausos.*) ¡Somos así: peculiares! (*Aplausos.*)

Eu creo que se facemos unha análise obxectiva dos compromisos adquiridos por Alfonso Rueda en materia de vivenda durante a pasada campaña electoral, vemos que a conclusión só pode ser unha: Rueda prometeu e Rueda está a cumprir. Porque, señorías, cando aínda faltan algunhas semanas para que se cumpra o ecuador desta lexislatura, vemos que os principais compromisos do Goberno nesta materia están moito máis avanzados do que cabería esperar. Das 4.000 vivendas públicas comprometidas, 3.000 xa están en marcha. O outro día desglosaban aquí as cifras: 1.000 vivendas xa en execución, 1.340 con proxecto de redacción, 312 en proxecto de licitación e outras 307 en distintos ámbitos xa de traballos avanzados. No ámbito da vivenda protexida, xa están en marcha máis de 550 novas vivendas; xa está aprobada a Estratexia de solo residencial para desenvolver esas 25.000 vivendas a través da colaboración público-privada, das cales, o oitenta por cento vai ser vivenda protexida; e xa están en marcha once proxectos de interese autonómico: dous en Vigo, máis os de Pontevedra, A Coruña, Ourense, Santiago, Lugo, Arteixo, Vilagarcía de Arousa, Marín e O Porriño, e en concellos de todas as cores políticas representadas, por certo, neste Parlamento de Galicia.

Ademais de todo isto, a conselleira desgranou as medidas que están permitindo mobilizar vivenda baleira, protexer os colectivos vulnerables, impulsar a rehabilitación de vivenda, impulsar a vivenda industrializada, desenvolver o aproveitamento de baixos comerciais sen uso, implementar novos modelos habitacionais —como pode ser o do *cohousing*— ou eliminar barreiras burocráticas, e, se mo permiten, aínda máis importante, barreiras fiscais de ata o 20 por cento da hipoteca para que os mozos poidan adquirir vivenda; rebaixas en actos xurídicos documentados para a adquisición de vivenda habitual —rebaixouse esa porcentaxe do 1,5, que está previsto, ao 0,5— ou a rebaixa do imposto de transmisións patrimoniais, do 8 por cento ao 3 por cento, e incluso ao 0 por cento naquelas zonas pouco poboadas; medidas fiscais que benefician fundamentalmente esa poboación á que nós chamamos «mozos» e vostedes chaman «ricos». Eu voules pedir, se teñen a oportunidade de reunirse con algún dos mozos que se beneficiaron destas medidas, que lles digan vostedes que foi grazas ao Partido Popular que se está a beneficiar aos ricos, a eles. Porque, claro, a ver que lles responden eses supostos millonarios que, grazas a esas medidas, adquiriron por primeira vez unha vivenda, un fogar habitual no que poder iniciar un proxecto de vida, señorías. (*Aplausos.*)

Sorprende que a oposición critique o Goberno de Galicia por facer o que prometeu que ía facer, e igualmente sorprende que insista na aposta por políticas que foron maioritariamente rexeitadas polos galegos. As propostas do BNG e do PSdeG en materia de vivenda son sobradamente coñecidas: criminalización dos construtores, criminalización dos promotores, criminalización dos propietarios, inseguridade xurídica, improvisación, subas indiscriminadas de impostos e, por suposto, unha permanente negativa a asumir calquera responsabilidade política nesta materia. Pero, señorías, resulta evidente que a Xunta ten competencias



en materia de vivenda, por iso comparece a conselleira responsable e por iso está a explicar a súa xestión. Pero se a única responsable da vivenda é a Xunta, ¿para que existe un Ministerio de Vivenda? ¿Para que temos unha ministra de Vivenda? ¿Para que existen departamentos de urbanismo en cada un dos concellos? Eu creo que é evidente, señorías, que as competencias de vivenda son concorrentes e que cadaquén debería asumir a súa cota de responsabilidade, como está facendo a Xunta. Pero, cando falamos de vivenda, a esquerda prefere dividir ao seu tempo entre impoñer políticas que fracasaron alá onde foron implementadas e inventar responsables aos que culpar deses fracasos.

Falaba o señor Bouza —entendínlle— de anuncios. En 2018, Pedro Sánchez anunciou que ía rematar coa burbulla da vivenda en propiedade. Desde entón o prezo medio da vivenda en España incrementouse nun 41 por cento. (*Murmurios.*) Anunciaba en maio de 2023 —e aprobaba, ademais, a primeira Lei de vivenda, seguro que o recordan— (*O deputado Alberto Pazos Couñago mostra un documento cunha imaxe.*) que limita a subida dos alugueiros. Dende entón, o prezo medio do alugueiro en España incrementouse un 24 por cento. Outra das medidas desa lei era blindar os inquilinos fronte aos propietarios malévolos, e, a consecuencia diso, os impagos do alugueiro están hoxe detrás do 77 por cento dos desahucios; algo que debe ter con ese fenómeno da *iniquiokupación*, que vostedes tanto se empeñan en negar.

Pero, señoría, a esquerda nunca busca solucións. Pero tampouco nunca lle faltan culpables, ¿verdade? Os culpables de todo isto, ¿quen son? Os culpables son os especuladores, por suposto, e o libre mercado, aínda que levemos anos de estrita regulación; os culpables, por suposto, son as políticas neoliberais, aínda que levemos sete anos de Goberno progresista; os culpables son os fondos voitre e os grandes tenedores, aínda que, segundo o Banco de España, o 92 por cento do parque de vivenda estea en mans de pequenos propietarios; e, por suposto, son culpables as comunidades autónomas, sobre todo —por suposto— dende a debacle electoral que sufriu nas autonómicas o Partido Socialista. A culpa é das comunidades do Partido Popular, que teñen a competencia en vivenda —segundo o señor Bouza— en exclusiva —non sei de onde sacou o dato—, aínda que, iso si, foi o Ministerio, o Goberno de España, quen se reservou o cen por cento dos fondos europeos —por certo, co apoio de Vox, non se esquezan disto—, en contra do criterio unánime das comunidades autónomas, que pedían unha coxestión real deses fondos. Porque a competencia é das comunidades, pero os cartiños queda Sánchez con eles. Este é o modelo socialista, ¡vivir para ver! (*Aplausos.*) Todos culpables, absolutamente todos; todos, agás aqueles que todo o prometeron e todo o incumpriron sen máis explicación que a habitual de recorrer ao comodín do bulo ou ao comodín do cambio de opinión —supoño, ¿non?—.

En fin, creo que afortunadamente hai formas distintas de gobernar, e a Xunta que preside Rueda optou por alonxarse desas máxicas promesas baleiras de contido que tanto lle gustan á esquerda e centrarse no diálogo, na colaboración institucional e na planificación dos recursos. E por iso a Xunta dedicará 350 millóns de euros á política de vivenda, dos cales, 163 millóns serán para construír vivenda pública, cun duplo obxectivo: que os galegos poidan usala como fogar e que a ministra de Vivenda o poida usar como *photocall*. Porque, dado que ninguén é capaz de atopar as vivendas que prometeu o señor Sánchez —polo menos en Galicia—, pois, polo menos, que a ministra poida posar diante das vivendas que impulsa a conselleira de Vivenda da Xunta de Galicia, que hoxe si compareceu para dicir onde está a construír esas vivendas. (*Aplausos.*)



Pero este é o estilo socialista: presumir de vivendas que fan outros e de financiamento que aportan outros. Doulle o dato que xa lle deron o outro día e que esqueceu, señor Bouza: o orzamento do IGVS do 2026 é o 62,4 por cento de fondos propios da Xunta; o 17 por cento son fondos do Estado e o resto son fondos da Unión Europea, eses que reservou o señor Sánchez para si. A nós gustaríanos, pois... —non sei—, atopar noutras administracións que vos tedes gobernan o mesmo talante colaborador, dialogante e rigoroso que caracteriza a Xunta. Pero a esta altura do conto pois a verdade é que xa non cabe facerse falsas ilusións.

Miren, presumiron aquí de compromiso. O BNG, por exemplo, en lugar de ceder solo para construír vivenda pública, preferiu facer caixa con cinco parcelas en Santiago, ¿verdade?, porque é máis importante ingresar que construír vivenda pública. Ou como fixeron en Pontevedra, que o dedicaron a aparcamento, que iso é moi útil. Eu non sei como definiría vostede esa actitude, señoría. Eu hoxe non trouxen o dicionario dos BNG, pero ben podíamos poñer un par de entradas. Igual isto é o que vostede denominou o outro día «turboespeculación» ou actitude «hiperespeculativa». ¡Hai que recoñecerlles unha facilidade para a creación de neolinguas que é admirable! Que lástima que despois non sexan capaces de aplicalas a si mesmos, corrixir estas cuestións e facer co solo o que corresponde: poñelo á disposición para que se poida facer vivenda e non caixa, que foi o que elixiu a súa alcaldesa en Santiago. Si, señoría.

O PSOE é máis do modelo vigués; aínda esta semana dixo: «Exixo á Xunta que constrúa miles de vivendas públicas en Vigo xa». Iso si, ao mesmo tempo, as quince vivendas públicas que tiña o Concello na rúa Rosalía de Castro vendeunas, porque tamén é máis importante facer caixa con esa vivenda que poñela á disposición dos vigueses.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Estes son os modelos, señorías. Estes son vostedes, e por iso non teñen nin a máis mínima credibilidade para vir hoxe criticar a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Miren, os galegos teñen perfectamente claro que, tras esta comparecencia, cada un continuará a facer o que vén facendo. Nós continuaremos a traballar para solucionar os problemas reais dos galegos e vostedes continuarán no que mellor saben facer, a política do non: «non» a facilitar solo para vivenda pública; «non» a axilizar licenzas, «non» a bonificar o acceso á vivenda, «non» a ceder vivendas da Sareb ás comunidades autónomas...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...«non» a habilitar vivendas en baixos comerciais, «non» aos aloxamentos compartidos, «non» a dar seguridade xurídica aos propietarios e «non», por suposto, a perseguir a «okupación» ou «inquiokupación».

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: E aínda se preguntan por que os chaman «os do non». *(Aplausos.)* Sigan investigando, señorías, e boa sorte. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López):

Réplica da señora conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.

Señorías, vou comezar como rematei porque nunca se fixo tanto en tan pouco tempo.

Mire, señor Bouza, vostede está anquilosado no pasado, volve ao 2014. No 2014, o principal problema da cidadanía era o paro, era o desemprego. Volta coas mentiras, como fixo na comparación de orzamentos. As competencias non son exclusivas das comunidades autónomas, están compartidas cos concellos; a Lei reguladora de bases do réxime local, que é unha lei estatal, así o establece. Pregúntello ao Concello da Coruña ou ao Concello de Vigo, que están a construír vivendas de promoción pública.

Fala vostede de 109 millóns de euros no Bipartito. Acaba de dicirlle o señor Pazos que son 350 millóns de euros os que temos para o exercicio 2026. Volve outra vez cos datos de execución, que son datos falsos. Eu doulle os datos reais. Na época do Bipartito, a media é do 78,69 por cento de execución; o ano pasado o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o 88,4 por cento. Teño que recordarlle as regras do gasto, ADOK, porque a maioría das subvencións e execucións das obras evidentemente son de carácter plurianual; entón, o dato de execución é cando se compromete o gasto, que é cando se concede a subvención —si, señor Bouza—, cando se concede a execución ou cando se adxudica a obra e se compromete o diñeiro. (*Aplausos.*) E volve mentir outra vez cos datos de execución e de entrega de vivenda. ¡Pero se llo dixen ben claro! Di que dende o 2015 ata o 2019 só se entregaron 20 vivendas. Pero se é que eu persoalmente, que era xefa de área —e o señor Bará saberao—, entreguei —entregamos— 132 vivendas en Pontevedra. (*Murmurios.*) ¿Que me está vostede a dicir? (*Aplausos.*)

Mire, señora Fernández, logo falamos do balance, por suposto, do Plan 2021-2025 e da súa execución en máis dun 98 por cento, que foi aprobado por unanimidade dos membros do Observatorio da Vivenda, onde está representada a Fegamp, o COAG, os cooperativistas, os promotores e os construtores. Logo, se teño tempo, falo diso, e do novo plan, do que, efectivamente, ten vostede un borrador e foi informado favorablemente na pasada sesión polo Observatorio da Vivenda.

Trabúcase vostede se pensa que a solución ao problema de vivenda é o alugueiro. Trabúcase vostede e ten unha falta de respecto absoluto cando di que estamos facendo *photocall*. Non, señor, estamos traballando arreo diariamente; traballando arreo.

¿De verdade cre que o noso compromiso é facer zulos? ¿Iso é o que pensa vostede? ¿De verdade cre que o noso compromiso é especular? ¿De verdade o cre? Ten vostede unha mente moi retorcida. ¡Moi retorcida! (*Aplausos.*)

Mire, teño que dicirlle que nun ano e seis meses fomos quen de pór en marcha 3.000 vivendas novas de promoción pública, para acadar as 4.000 comprometidas no ano 2028; que no



ano que vén entregaremos os primeiros fogares, eses que empezamos a licitar —a redacción do proxecto— o 15 de abril do ano 2024; que estamos a traballar nos proxectos de interese autonómico —si— para 25.000 vivendas; e que o solo estará urbanizado no ano 2028 para que se simultanee a edificación e a urbanización e se poidan empezar a construír esas vivendas no ano 2028 —calcule vostede os prazos de execución das vivendas—, en colaboración público-privada, por suposto, para que aqueles concellos que queiran sumarse, por suposto o poidan facer.

E teño que dicirille que estamos aliados co sector, con todo o sector, e por suposto tamén cos concellos, mal que lle pese; que temos axudas en marcha, valentes, innovadoras, porque a situación excepcional que estamos a pasar así o require; e que mobilizamos vivenda baleira, rehabilitamos no rural, damos novos usos habitacionais a espazos que están hábiles para construír, pero que están en desuso e que desmerecen as nosas cidades.

Nun ano puxemos en marcha o 75 por cento do parque público de vivenda comprometido. Mire, o ano pasado triplicamos o orzamento con respecto ao ano 2024. E no ano 2026 temos un orzamento histórico consolidado do Instituto Galego de Vivenda e Solo: 269,62 millóns de euros; un 22 por cento máis que no ano 2025. Pero é que temos tamén na nosa sociedade vivenda pública, unha sociedade real que funciona, que é operativa, e 77,8 millóns de euros para o ano 2026; é dicir, 350 millóns de euros para políticas de vivenda no ano 2026. E, des-tes, 163 serán para seguir a construír vivenda de promoción pública.

Doulle outro dato: deses 269 millóns de euros do Instituto Galego da Vivenda e Solo, 168 millóns de euros son exclusivamente de fondos da Xunta de Galicia e só un dezasete por cento son fondos finalistas do Estado.

Outro dato. O esforzo licitador da Xunta de Galicia non ten parangón, e así o demostran os datos obxectivos non só da Plataforma de contratos, senón do informe da Federación Galega da Construción, que reflicten que entre xaneiro e setembro de 2025 a Xunta de Galicia liderou a licitación na nosa comunidade autónoma con 395 millóns de euros; un de cada tres euros licitados en Galicia provén da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo licitou en obra 55 millóns de euros de xaneiro a setembro e a nosa sociedade de vivenda pública, Vipugal, licitou 10,5 millóns de euros; é dicir, 65 millóns de euros en obra pública de xaneiro a setembro, aos que hai que sumar 11,5 millóns de euros para a redacción de proxectos, para a licitación, para que proxectistas realicen os proxectos do futuro da nosa Galicia.

¿Sabe cal foi a licitación do Estado en materia de vivenda en Galicia? ¿Sabe cal foi? Cero. ¡Unha vergoña!

Como ben lle dixer, estamos a executar con responsabilidade o noso orzamento. A día 25 de novembro deste ano 2025 imos máis de dous puntos por riba da execución do ano 2024, que foi do 88,4 por cento, mal que lle pese. Na época do Bipartito —que non está mal— foron 78,69, pero é que é dez puntos por debaixo da execución nosa, do ano pasado. E ten o cuajo de falar de fume e de propaganda. Propaganda é a que está a facer o Goberno central cando fala de que entrega miles de vivendas en Galicia e non entregou nin unha soa.



Con respecto ao Pacto da vivenda de Galicia 2026-2030, señora Fernández, efectivamente, rematará o 31 de decembro ese Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025, que fora aprobado por unanimidade de todos os membros do Observatorio de Galicia, porque en Galicia temos un Observatorio de Vivenda de Galicia onde están representados todos os —si, outra vez— axentes implicados. E o grao de execución foi dun 98 por cento.

Non quere datos, pois voullos dar. De todos modos, temos; temos nese informe que amosou: 365 millóns de euros en axudas concedidas, 30.000 vivendas beneficiadas de acceso, de alugueiro, de rehabilitación, e rehabilitación de 42.000 vivendas.

E si, estamos xa a traballar no vindeiro Plan 2026-2030, que entrará en vigor o vindeiro ano 2026, porque foi informado e consensuado con todos os representantes do Observatorio da Vivenda de Galicia. Mágoa que non teñamos o mesmo exemplo dese plan estatal, que tamén remata agora, o 31 de decembro. Galicia ten executado o cen por cento do plan estatal. ¡Mágoa que non sigan o mesmo exemplo!, porque Galicia dixo si dende o minuto un a ese cofinanciamento que vén imposto por parte do Estado e que sobe e crece o corenta por cento. Galicia di si, porque Galicia ten capacidade orzamentaria dabondo para facelo. Si a multiplicar por cinco as aportacións que fixemos, que teremos que facer. De feito, xa o temos reflectido no 2026. Xa reflectimos esa suba que nos está a solicitar o Goberno do Estado.

Mire, o Goberno do Estado trabúcase. A solución non está na prohibición, a solución non está en trabar os prezos do alugueiro, a solución non está en facer fume e propaganda, a solución non está en falar de sociedades pantalla que non existen. E, para mágoa, agora, ademais, as vivendas da Sareb —que recordo que todos reclamamos por unanimidade nesta Cámara a súa cesión gratuíta— vemos que se ceden a SEPES e vemos que o Goberno central vai licitar por 55 millóns de euros a xestión do servizo dos alugueiros; 55 millóns de euros das arcas públicas. ¿Non lles sería máis fácil cedérllelas ás comunidades autónomas, que cualificamos...? (*Aplausos.*) Cualificaríamolas como vivenda de promoción pública. Aquí, en Galicia, terían protección permanente, que non a teñen noutros sitios. Aquí si que terían protección permanente, aquí adxudicariámosllelas aos nosos inscritos no Rexistro de Demandantes. Pero non, prefiren gastar 55 millóns de euros de fondos públicos para privatizar, porque iso que tanto critican chámase privatizar ese servizo a inmobiliarias e portais inmobiliarios.

A min o que me chama a atención é que me comentaban que a semana pasada o Partido Socialista se abstivo nesa votación que se realizou sobre solicitar de novo a cesión gratuíta das vivendas da Sareb. ¿Por que agora cambian de opinión? Porque lle recordo que fora unha reclamación unánime no debate do estado da Autonomía. ¿Por que o Partido Socialista de Galicia agora cambia e muda de opinión?

Mire, eu só lle podo dicir que o que teñen que facer, se así o desexan, é sumarse ao sentidiño, sumarse á planificación, sumarse a ter orzamentos, porque é a única vía para poder facer algo; sumarse á escoita, sumarse ao diálogo. Se realmente queren buscar unha solución conxunta, arrimen o ombro. Nós, dende logo, estamos a traballar, con cooperación e coordinación, con todas as partes implicadas, e así o seguiremos a facer.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, o señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: Grazas.

A verdade é que pensei que cando se prometía ou xuraba o Estatuto de autonomía os deputados do Partido Popular, señora conselleira, coñecían o seu contido. Polo tanto, como vexo que non, polo que se acaba de dicir aquí, vou lelo:

«Artigo 27. No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en...» Estou lendo literal. Non sei se é que non hai comprensión lectora, auditiva ou cal é o problema. ¿Están negando vostedes o Estatuto de autonomía de Galicia? Fala da competencia exclusiva en vivenda, señora conselleira. Pono claro o Estatuto de autonomía. ¡¿Pero que están vostedes dicindo, por favor?! (*Aplausos.*) Non queden aquí en evidencia do que están vostedes a dicir.

Pero, mire, nada falou da vivenda baleira. ¿Por que non falou? Porque, ao final... (*Murmurios.*) Non, non, non falou da vivenda baleira. No ano 2009 había 60.000 vivendas baleiras e, no día de hoxe hai 500.000 vivendas baleiras. Esa é a súa xestión, a do Partido Popular. É que, claro que hai que comparar, porque o que pasou no 2009, no 2014 e no 2025 está relacionado, porque a súa política leva a que, no día de hoxe, haxa 400.000 vivendas baleiras máis pola súa culpa, pola súa xestión e pola súa propia negligencia na política de vivenda. Porque se xa era unha crítica a que facía o Partido Popular do señor Núñez Feijóo de que houbese 60.000, ¡mamáña querida! ¿que diría o Partido Popular habendo 506.000 vivendas baleiras en Galicia? Esa é a realidade, no día de hoxe: a súa falta de xestión. (*Aplausos.*) E vostede está preocupada pola cesión da Sareb, que son 1.000 vivendas, 1.700 vivendas, cando hai 500.000 vivendas baleiras coas que non se fai nada.

Pero mire, señora conselleira, respecto da Sareb, agradézolle moito que traia este tema hoxe aquí, porque xa saben aquela frase, do señor Balseiro, que dicía: «*La Xunta construyó menos vivienda pública por los okupas*». Aínda non lle escoitei a vostede que condenase estas afirmacións, nin tampouco lle escoitei que condenase as do señor delegado de Lugo de «*El edificio más ecológico es el que no se hace*» —en perfecto castelán—. Agardo que hoxe aproveite para condenar esas afirmacións, ou para rexeitalas, polo menos, como conselleira de Vivenda. Xa vimos como este senador do Partido Popular, no día de hoxe, fixo unhas declaracións nos medios de comunicación nas que afirmaba a política do Partido Popular en España respecto da cesión da Sareb e tamén votaba unha cuestión no Senado —¡vaia!— respecto da cesión das vivendas ás comunidades autónomas. ¿A que non saben o que votou o Partido Popular? ¡En contra! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡En contra! Pois si, señorías do Partido Popular, rían, porque a verdade que a súa incoherencia é absoluta. Veñen aquí pedir unha cousa e en España piden a contraria. (*O deputado Aitor Bouza Manso mostra un documento.*) Votaron en contra, en contra de ceder as propias vivendas da Sareb. (*Aplausos.*) Esa foi: traspasar a título gratuito, e voto en contra do Partido Popular, do señor Núñez Fei-



jóo, no Parlamento de España tamén...; ¡vaia!, no Congreso. Tamén votou en contra o señor do Partido Popular de traspasar a título gratuito á Xunta, *(O deputado Aitor Bouza Manso le un documento que mostra.)* así como a calquera outra comunidade autónoma... Voto en contra do Partido Popular e do señor Núñez Feijóo. ¿Pero vostedes que veñen aquí dicir?

Nós somos coherentes, seguimos defendendo o mesmo, a cesión, que non ten que ser da titularidade, señora conselleira; seguimos defendendo o mesmo, claro que si. Fagan vostedes o mesmo que fixo Cataluña, convenien co Ministerio. Teñen as ferramentas, poden facelo. Xa van con atraso. *(O deputado Aitor Bouza Manso mostra novamente o documento.)* Dende o mes de outubro nos 13.000 pisos da Sareb en Cataluña: *(O deputado Aitor Bouza Manso le o documento.)* «...saldos de banco malo de complejo y gestión...» Xa están conveniados. ¡Fagan o seu traballo! É que dende o mes de outubro xa está feito noutras comunidades autónomas. ¡Claro que se pode facer! O que teñen que facer é poñerse a traballar, sen intentar confrontar permanentemente dentro desas —si— competencias exclusivas que lles marca do Estatuto de autonomía.

Pero nada dixo... Corrixa vostede, entón, polo tanto, os datos. Vostede fala da execución do IGVS. Pero, señora conselleira, eu estoulle falando do Programa de acceso á vivenda. ¿Vostede cre que os datos que eu lle dou son falsos? Vostede acusoume aquí de mentir. ¿Está vostede recoñecendo que os datos que facilita a Xunta de Galicia son falsos, que son mentira? Imos preguntalo por escrito, porque, xa que vostedes facilitaron uns datos que vostede veu aquí dicir que son falsos, imos preguntalo por escrito para que vostedes confirmen se os datos que dá a Xunta de Galicia son falsos, e se os que están facilitados polo Partido Socialista —que non son máis que a propia execución orzamentaria— o son. Polo tanto, o que evidenciaremos é que a Xunta de Galicia di que os seus propios datos son mentira.

Eu non falei en ningún caso da execución do IGVS, falei da execución do Programa de acceso á vivenda. Son datos da Xunta de Galicia. Falei do Programa de acceso á vivenda: 451B. A execución no ano 2025 é do cinco por cento no 30 de xuño deste ano. Esa é a realidade. Vostede pode contar aquí o que queira, pero eses son os datos que vostedes facilitaron. Polo tanto, eu non minto, señora conselleira. Non sei se vostede o que está intentando é manipular os datos para intentar ter a razón, pero os datos son eses, os que vostedes facilitaron.

E nada dixo do número de vivendas. Se os datos que temos dende a oposición son falsos, son mentira, diga aquí, na súa comparecencia, canta vivenda pública fixo o Partido Popular ano a ano, dende o ano 2009 ata o ano 2026, cantas foron as vivendas públicas feitas polo Goberno da Xunta de Galicia. Eu agradeceríalle que nolo dixese. Seguramente...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señor Bouza.

AITOR BOUZA MANSO: ...nolo exemplifique e poidamos estar todos máis contentos e contentas desa gran xestión que fixo o Partido Popular. Namentres, quedamos cos datos que están publicados, que son os datos reais.

Polo tanto, señora conselleira, nós o que pedimos é que haxa un cambio de rumbo nesta política, que deixen vostedes a confrontación, e, a partir de aí, que comecemos a traballar todos



e todas xuntas por que realmente a política de vivenda sexa unha política prioritaria para o Goberno, que si ten as competencias exclusivas na materia.

Grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Fernández.

ALEXANDRA FERNÁNDEZ GÓMEZ: Ben, fíxenlle unha pregunta bastante simple: se estamos peor ou mellor que hai cinco anos, e vostede é incapaz, como conselleira de Vivenda, de nin tan sequera responder unha pregunta así. Foi incapaz de facer balance do resultado e do impacto desas políticas dos últimos cinco anos e nin sequera deu os datos sobre vivenda pública vivenda protexida. O único que fixo foi intentar escorrer o vulto falándonos de que se executara un 97 por cento do previsto. Vostede estame falando do 97 por cento da execución de axudas que, fundamentalmente, veñen do plan estatal, pero non me está incorporando nese dato cal foi a execución da vivenda pública protexida. Eu recórdolle que tivo que ser a Valedora do Pobo quen lle reclamase os datos de vivenda pública, que nos ten que dar dunha vez por todas os datos de vivenda pública nesta Cámara.

Vostede di que nunca se fixo tanto en tan pouco tempo; eu creo que nunca se fixo tanta propaganda con tan pouco feito, que é distinto. (*Aplausos.*) Alguén terá que dar contas de por que medrou o Rexistro de Demandantes de Vivenda ata os vinte e dous mil galegos e galegas. Neste momento, conseguir unha vivenda a través deste rexistro é imposible. O 84 por cento dos demandantes dese rexistro pide vivenda de promoción pública. Insisto: en 2023 entregáronse corenta vivendas de promoción pública; isto é inaceptable. E vostedes fálannos agora de duplicar o parque de vivenda, e vemos que esas promesas tampouco están avanzando a bo ritmo. En tres anos conseguiron licitar mil —menos de mil— en construción, e vostedes, cando falan de «vivendas que están en marcha», dicindo que «temos tres mil en marcha», é un xogo de palabras; consideran estar en marcha ter movido algún papel dentro da Consellería, pero realmente en construción hai menos de mil vivendas neste momento. Non van chegar a cumprir esas promesas.

Por tanto, a situación real é que hai 19.000 familias nese rexistro que piden vivenda pública que van ter que esperar anos a ver se se acaba algunha desas mil vivendas que hoxe teñen contrato de obra dentro duns anos. Mentres, non hai nada, e por iso vostede négase a darnos nesta Cámara os datos de execución de vivenda de promoción pública de 2024 e de 2025. ¡Sexa valente e dea os datos, para que non lle teña que reclamar a Valedora do Pobo! Vostede ten que render contas, e de onde están as 1.800 vivendas de promoción pública que vostede prometeu para 2026, porque esas tiñan que estar xa practicamente acabadas e non están. Vostede pasouno totalmente por alto e non quixo responder sobre esta promesa.

Denunciamos —insisto— a manipulación e que realmente a maioría destas nin sequera están en obra. Non avanza a bo ritmo; o plan novo de vivenda é puro continuísmo, ademais, do plan anterior; ademais, non queren desenvolver a compra de vivenda pública, e nós cremos que iso é un instrumento eficaz. Vostedes, de cara ao próximo plan, o que tiñan que



estar facendo é escoitar as propostas do BNG e incorporar políticas de adquisición pública de vivenda, o que nos permitiría ampliar o parque público de vivenda, empezando por comprar vivenda protexida.

Porque aquí hai unha situación moi crítica en canto á vivenda protexida: hai case sesenta mil vivendas protexidas en Galiza que nos próximos anos se van converter en vivenda libre; nos próximos cinco vanse descualificar catorce mil e en apenas quince anos o 95 por cento do actual parque de vivenda protexida vai desaparecer e vai pasar a ser vivenda libre a prezos de mercado. Por tanto, a Xunta de Galicia o que ten que facer é comprar esa vivenda protexida cada vez que se venda. Se vostedes dende o ano 2010 practicasen esa compra de vivenda protexida, terían adquirido sete mil inmobles novos, que se incorporarían ao parque público de vivendas. ¿Saben cantas veces exerceron ese dereito de tanteo e retracto sobre vivenda protexida? ¡Cero! (*Aplausos.*) Nunca quixeron exercelo, e agora temos as consecuencias.

En canto á vivenda de protección autonómica, o rexistro está colapsado, hai 3.000 solicitantes e termináronse en 2024 cinco vivendas protexidas en toda Galiza. Vostede tampouco quixo facer referencia a estes datos, que é a realidade. Asubiou para arriba cando se lle puxeron os datos reais da execución de vivenda protexida e vén aquí repetirnos que hai 20.000 prometidas, para non se sabe cando. Díganos a data. Fálenos de por que está habendo un problema coas cualificacións definitivas de vivenda protexida, que non hai, que non se cualifican. Explíquenos que está fallando, claro, porque unha cousa que poderíamos facer —se vostede non sabe como facer para incentivar a vivenda protexida— é seguir as ideas que lle damos dende o BNG.

Por exemplo, declare mercados tensionados, porque a declaración de mercados tensionados co próximo Plan estatal de vivenda vai significar que os promotores de vivenda protexida poidan recibir cen euros por metro cadrado máis que se non estivesen nunha zona declarada de mercado tensionado. E vostedes, cando boicotean as declaracións de mercado tensionado, o que están boicoteando é que chegue o financiamento para desenvolver esa vivenda protexida. Porque vostedes están ao servizo do que lles manda Feijóo coa súa política de negación das políticas de vivenda. (*Aplausos.*)

¿Queren ideas? Aquí teñen ideas para promover a política de vivenda pública. O problema é que a súa política é a nada máis absoluta e a propaganda baleira, e por iso non se atreven a dar datos nin a facer balance. O único que teñen é repetirnos, unha e outra vez, promesas que nunca, nunca, cumpren; o único que saben facer é unha fuxida cara adiante permanente con esas promesas que nin cumpren nin das que nunca renden contas.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidenta.



Eu, conselleira, non quero que marche cun mal sabor de boca de aquí; non se preocupe; isto é habitual. O outro día veu o máximo responsable do IGVS, detallou todas as actuacións, deu as cifras exactas. A actitude sempre é a mesma, porque non hai máis xordo que o que non quere escoitar, pero o que si deberíamos ter é un certo rigor nas cousas que se din aquí.

(O deputado José Alberto Pazos Couñago amosa a folla dun xornal.) «El Senado pide al Gobierno que ceda a la Xunta casi tres mil viviendas de la Sareb. El PP apoya la propuesta del BNG para impulsar el acceso a pisos protegidos». (Murmurios.) Señorías, eu, de verdade, empezo a sospeitar que hai xente que ten un déficit de comprensión lectora preocupante, porque, se non, hai cousas que...

Mire, veu aquí unha señoría a facer unha comparativa de datos do Bipartito e da Xunta, e eu non sei se os descoñece, se os manipula ou se é que —como fan ultimamente— os colleu de AliExpress. Pero está publicado: a execución da Xunta é notablemente máis alta da que tiña o Bipartito. Pero xa sabemos como funcionan vostedes nisto da estatística. ¿Que non lles gusta o que votan os españois? Pois poñen un Tezanos no CIS. ¿Que non lles gustan as previsións de PIB? Pois cambian toda a cúpula do INE. ¿Que non lles gustan os datos de vivenda baleira? Pois modifican o sistema de cálculo e simplemente inclúen todas as ruínas que hai espalladas por España e nas que non se metería a vivir ninguén. Ese é o modelo socialista. Igual o que pasa é que le a estatística igual que le o Estatuto. (Murmurios.)

Artigo 27: no marco do presente Estatuto, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas seguintes materias; apartado terceiro: «Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda». ¡A ordenación, señoría! Se o coñece vostede, que parece que só leu un tal, no artigo 25 da Lei de bases de réxime local, no apartado 2, dise: «O municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, as seguintes materias: urbanismo, planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, protección e xestión do patrimonio histórico, promoción e xestión da vivenda de protección pública». Ese día non debeu ir a clase, señoría. (Aplausos.)

Eu entendo que hai que facer o que sexa para salvar o soldado Sánchez, pero, ¡home!, eu, se quere, fágolle un resumo dos grandes *hits*. Miren, dende que chegaron vostedes ao Goberno, 38 por cento de subida de alimentos, 69 por cento de subida na vivenda, 45 por cento de incremento en vivenda nova, 45 por cento máis nos alugueiros, tres puntos máis de presión fiscal, 23.000 millóns máis recadados por IVA, 70.000 millóns máis por IRPF, 60.000 millóns máis de cotizacións sociais, primeiro país de Europa en pobreza infantil e o cuarto con maior número de traballadores en risco de pobreza.

Claro, hoxe mesmo o señor Sánchez declaraba: «Desde el punto de vista personal, Ábalos era un desconocido para mí.» Pero ¿como vai coñecer o país quen non coñece a quen compartiu con el goberno, partido e Peugeot durante meses? (Aplausos.) Pero se calquera día esperta na Moncloa e vai dicir: ¡Ui!, ¿quen é esta señora que está durmindo ao meu lado? Pero, de verdade, é que o seu é unha especie de broma de pésimo gusto.

Nos anuncios, miren, o último foi este, este foi fantástico: (O deputado José Alberto Pazos Couñago mostra un documento.) 047. Este tamén é un artigo, neste caso da Constitución, que tamén



explicita cales son as responsabilidades do Estado en materia de vivenda. A min encantoume, porque eu, que xa vou tendo unha idade —entendo que vostede é máis novo ca min—, acordeime: esta é a versión dixitalizada destoutro. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago mostra un documento.)* ¿Recórdano? Esta era dunha ministra socialista, Trujillo, a das solucións habitacionais: que os novos, para buscar vivenda, pois, en vez de darlles o vinte por cento da hipoteca que avala a Xunta de Galicia, ¿que fixo? Pois regalar zapatillas, as *Keli Finder*; ¡oe!, pateo a cidade, pois agora máis comodamente chama ao teléfono. *(Aplausos.)* Estes son vostedes.

Á señora Fernández, pouco que dicirlle. Eu, sinceramente, fágome unha pregunta. Voulle facer unha pregunta, unha que me fixo vostede a min: mire, ¿vostede viviría nunha nave industrial? ¿Vostede viviría —pois non sei— nunha fábrica de conservas? ¿Vostede viviría nun baixo?, que nolo preguntou tantas veces. Pois, ¡home!, eu dígolle: eu si, despois das oportunas reformas, despois de habilitalo, despois de deixalo en condicións.

E mire, voulle dicir un, que é outorgar unha licenza —para que non me poña baixo sospeita— unha alcaldesa do BNG, mire, ¿que lle parece isto?: *(O deputado José Alberto Pazos Couñago mostra un documento.)* «Outorgan licenza para cambiar baixo baleiro por unha vivenda de cinco dormitorios con vestidos». Teñen unhas fotos aquí cunhas calidades que eu creo que ata vostede se metía a vivir, vostede, que é tan reticente a este tipo de cuestións.

Mire, a cuestión non é canta xente está nesa lista de espera para acceder á vivenda, non, non, non, a cuestión é que facemos cada un de nós para mellorar a vida desa xente. ¿Canta xente menos habería? Imaxine vostede que o Concello de Santiago, en lugar de vender esas cinco parcelas destinadas á vivenda pública, as tivese posto á disposición para construír vivenda pública. ¿Cantas familias menos estarían nesa lista de espera? ¿Cantas familias menos estaría na lista de espera se o Concello de Vigo non estivese...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Remate, señor Pazos.

JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO: ...vendendo as vivendas da súa propiedade en lugar de poñelas á disposición da xente que ten dificultades? *(Aplausos.)* ¿Cantas, señoría?

E así seguiremos, señoría, vostedes salvando a cara do soldado Sánchez, que non ten competencias pero manexa todos os fondos europeos, grazas a vostedes, e ao señor Abascal, e nós traballando, poñendo os recursos propios da Xunta de Galicia para que cada vez sexan máis os galegos que, efectivamente, poden exercer o seu dereito a ter unha vivenda digna, que non será grazas a vostedes.

Máis nada moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Dúplica da señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, presidenta.



Mire, señor Bouza, creo que non é este o lugar onde falar ou explicar cal é a repartición competencial constitucionalmente establecida, pero o artigo 148 da nosa Constitución é claro, e as competencias en materia de vivenda son exclusivas das comunidades autónomas, o que non obsta para que existan máis administracións, á parte do Estado e a Comunidade Autónoma, que son as administracións locais. E, como moi ben acaba de ler o señor Pazos, o artigo 25 da nosa Lei reguladora de bases de réxime local outorga a competencia aos concellos para promover e xestionar vivendas de promoción pública. Entón, non minta.

Señor Bouza, ¿de verdade cre que non intentamos conveniar coa Sareb? ¿De verdade o pensa, que non me reunín persoalmente coa ministra para facer o que fixo con Cataluña? O que pasa é que Galicia non é Cataluña e, para o Ministerio, Cataluña vale e ningunea a Galicia, porque o Goberno central non quere formalizar eses acordos con Galicia.

Por suposto que formalizaríamos os acordos da cesión gratuíta; fixémoslo no ano 2015; no ano 2015, cando a Sareb non estaba participada maioritariamente co Estado, a Xunta de Galicia e a Sareb conveniaron e a Sareb cedeu en usufruto vivendas, vivendas que cando chegou a participación maioritaria do Estado tivemos que comprar dende a Xunta de Galicia para garantir a estancia deses inquilinos, porque, se non, a Sareb botábaos. Esa é a política do Goberno central. *(Aplausos.)*

Señora Fernández, de verdade, vostede é técnica e debería saber cales son os tempos da construción de vivenda. Que en ano e medio teñamos en marcha 3.000 novas vivendas de promoción pública e 1.000 delas xa en construción moi avanzada que empezaremos a entregar no vindeiro ano 2026 denótao. Licitación da redacción de proxecto, coordinación de seguridade e de saúde, dirección de obra, execución de obra, os tempos de tramitación contractual... Estamos a traballar nun tempo récord e a velocidade de cruceiro. Acabo de dicirllor: en dez meses, en nove meses, licitamos 65 millóns de euros de execución de obra pública e 11,5 millóns de euros en redacción de proxectos. Iso é traballar.

Fala de que non compramos vivendas de promoción pública e de que non exercemos o dereito de tanteo e retracto. Acabo de dicirllor que nesta modificación normativa que entrará en vigor o 1 de xaneiro recollemos a adquisición directa das vivendas de promoción pública polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e o dereito de tanteo e retracto —léase a modificación normativa— de toda a vivenda protexida; algo que, por certo, non fixeron vostedes no Bipartito. Polo tanto, prediquen co exemplo. *(Aplausos.)*

Fala do mercado residencial tensionado, ¡menuda teima! Ten os efectos contrarios aos desexados, jéstao a padecer xa A Coruña! ¿Como di que poñemos trabas? Temos declarado Coruña como zona de mercado residencial tensionado a pesar de estar totalmente en contra. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Fala de falta de vivenda protexida. ¿Sabe por que deixaron de construír vivenda protexida? Porque o Goberno central non axuda en nada á construción de vivenda protexida. Desapareceron as axudas para a construción de vivenda protexida. E quero recordarlle que foi este Executivo galego quen estableceu a protección indefinida de todas as vivendas de promoción pública e a protección indefinida das vivendas protexidas que se constrúan en solo público



—algo que non fixo o Bipartito—. Temos que falar claro: ¡o esforzo que estamos a facer é inmenso!

Para o ano que vén non só estamos falando de proxectos. Fala de mover papeis, ¿como mover papeis? Estamos falando de proxectos que están xa redactados, que estamos tramitando cos concellos, ¡non é mover papeis! Mover papeis é o que está a facer o Concello de Santiago cando licita parcelas que quedan vacantes, volve licitalas, pedímolas, non nolas dan... Iso é mover papeis. Nós estamos traballando. No ano que vén entregaremos fogares reais xa dos cales empezamos a construción nesta lexislatura. No ano que vén teremos en marcha as 4.000 vivendas comprometidas ata o ano 2028 para duplicar o parque público de vivenda. Temos 4.000 e queremos pasar a 8.000 vivendas públicas. Entregaremos os primeiros fogares en Santiago, en A Coruña e en Pontevedra, porque estamos a traballar nas grandes cidades e nunha vintena de concellos.

Pregúntolles, para que, se poden, respondan: ¿pódese dicir que en España algunha comunidade autónoma ten o compromiso que estamos a ter dende Galicia?, ¿pódese dicir que alguén en España ten un compromiso tan firme como este? Dígollo: ¡non! E, dende logo, o Estado, o Goberno central non o ten, (*Aplausos.*) porque —repito— a licitación de vivenda do Goberno central é cero euros, cero euros; ¡as vivendas entregadas en Galicia polo Goberno central son cero! Porque o Goberno central si que fai anuncios, si que fai propaganda, si que fai fume.

Nós creamos e está operativa Vipugal, a nosa sociedade de vivenda pública, unha ferramenta propia que non perdeu un só día de traballo dende que entrou en funcionamento. 1.900 vivendas en marcha, o cal non é mover papeis, señora Fernández, aquí no hai sociedades pantalla. Galicia fixo o que non fixera antes. Temos proxectos de interese autonómico. Escoite a data: estámolles dicindo que no 2028 teremos aprobado xa esa figura de proxecto de interese autonómico, teremos adquirido o solo, estaremos urbanizando, concursando as parcelas para simultanear a edificación e a urbanización. Polo tanto, no 2028 teremos xa vivendas en construción que terán os seus prazos de execución —pois 18, 24 meses, depende do proxecto—, porque non é igual —e vostede sábeo moi ben— un edificio de cincuenta vivendas que un de dúascentas vivendas. O oitenta por cento desas vivendas terán cualificación protexida, e todas as que sexan protexidas, sexan públicas ou privadas, terán protección permanente.

Isto é planificar e isto é gobernar. Planificar é ter un orzamento sen precedentes: 350 millóns de euros para o ano 2026. O esforzo licitador que estamos a facer non ten precedentes tampouco. Colaboramos co sector —si, co sector—, co que conveniamos ese futuro plan que servirá para Galicia para os vindeiros cinco anos e que nós si que aprobaremos e entrará en vigor no ano 2026; non como o do Estado. Acabamos de declarar o sector da construción como sector estratéxico porque é fundamental para acadar este obxectivo, e tamén é fundamental a colaboración dos concellos cos que estamos a conveniar, con independencia das cores políticas. Todos están conveniando con nós, todos se están adherindo ás nosas solicitudes —hai algún que non o fai pero, bueno, non o quero mencionar—. Todos os que así o desexan están adheríndose á plataforma de solo pola cal concursaremos no vindeiro ano 2026 os seus solos de titularidade municipal, que son para construír vivenda protexida, para que promotores e cooperativistas coñezan a dispoñibilidade deses solos.



Temos medidas valentes, innovadoras, que pretenden axilizar. Non estamos perdendo garantía nin moitísimo menos, como vostede pretende insinuar. Mire, dende o Executivo galego témolo moi claro, porque isto non se trata de discutir, non se trata de bloquear. O que temos que facer é construír vivenda, o que temos que facer é habilitar solo, o que temos que facer é conveniar co sector e o que temos que facer é dar respostas reais á cidadanía.

Polo tanto, invítoos, de verdade, señores da oposición, a sumarse a un diálogo construtivo, á escoita, á colaboración, á unidade, porque a vivenda é o futuro, e Galicia está a garantir ese futuro. Súmense á Galicia calidade en materia de vivenda pola que estamos traballando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Tendo en conta a evolución nos tempos nos que se foi desenvolvendo a sesión desta mañá, e contrastado cos voceiros —creo que o Grupo Mixto non estaba, imos comunicarllo tamén—, estades todos de acordo en adiantar o reinicio da sesión da tarde, que estaba prevista para ás 16.30, e retomarase ás 16 horas.

Bo proveito a todas e a todos.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Boa tarde.

Reanudamos a sesión coa moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta moción non se presentou ningunha emenda.

Para defendela, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe traemos desde o BNG esta moción co obxectivo de poñer luz onde o Partido Popular só quere sombra. Son unha batería de propostas para saber que é o que está a acontecer nas residencias de maiores de Galiza diante dun goberno na Xunta que está a obstruír —cando non directamente a impedir— o acceso á información pública relevante neste sector, no que viven milleiros de persoas dependentes en Galiza. A Xunta está ocultando información e



mesmo remitindo datos falsos a este Parlamento. Explícome. Continúan sen publicar o Plan de inspección de servizos sociais para 2025 e a rendición de contas do ano 2024. Están incumprindo as súas obrigas —como recollemos na nosa moción—, e eu, a verdade, introducín daquela este punto e tiña certa esperanza de que envellese mal, de que chegásemos aquí e xa estivese publicado... Estamos a día 2 de decembro e continúa sen publicarse no *Diario Oficial de Galiza* o Plan de inspección de política social do ano 2025 e a rendición de contas do Plan de inspección do 2024 —insisto—, aínda que é a obriga legal da Xunta de Galiza facelo.

Ademais, o Partido Popular está vetando o acceso a actas e informes de inspección das residencias clausuradas o pasado mes de outubro, tanto en Amoeiro como en Xinzo de Limia; tamén está vetando o acceso a actas e informes de inspección noutras como a DomusVi de Monforte, que leva sendo denunciada durante anos por familiares de persoas usuarias, dados os incumprimentos e a vulneración de dereitos das persoas usuarias. Diciámolo na propia interpelación hai quince días: cos poucos datos que nos subministra a Consellería de Política Social só nos anos 2019, 2020 e 2021 houbo oito denuncias de familiares e a apertura dun expediente sancionador. Cando preguntamos por que, aí calan.

Pero é que, ademais de ocultar información, o Goberno do Partido Popular na Xunta está remitando documentación falsa ou datos falsos, porque non coinciden nin sequera os datos da propia Xunta de Galiza dunhas respostas a outras, e explícome. Levamos anos —saben— solicitando documentación e información en materia de residencias desde o BNG por distintas vías; datos sobre inspeccións, expedientes sancionadores e sancións firmes impostas, porque para o Bloque Nacionalista Galego é prioritaria a garantía dos dereitos fundamentais das persoas usuarias en centros residenciais. Pois ben, hai quince días (*A deputada Olalla Rodil Fernández mostra un documento.*) —eu teño aquí o borrador do *Diario de Sesións* para non trabucarme nas palabras da propia conselleira— dicía a señora García aquí, no Pleno, que «entre 2019 e 2024 suman máis de 9.000 visitas de inspeccións e 430 expedientes resoltos»; repito, 430 expedientes resoltos no período 2019–2024. En resposta ao Bloque Nacionalista Galego —por outra vía— sobre os datos do Servizo de Inspección e os expedientes sancionadores abertos para ese mesmo período, (*A deputada Olalla Rodil Fernández mostra un documento.*) o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza, falaba de 476 expedientes firmes, aos que había que sumar 88 expedientes abertos en 2024. Falamos de 564 expedientes, non de 430. ¡Eu non sei quen mente, se a conselleira no Pleno ou a conselleira no papel!; (*Aplausos.*) que non é un ou dous, nin tres nin catro. Falamos de máis de 100 expedientes que se volatilizaron, supomos.

O mesmo nos datos de 2017 a 2020, que tamén pedimos dende o Bloque Nacionalista Galego por distintas vías. Nunha das respostas (*A deputada Olalla Rodil Fernández mostra un documento.*) que se remite ao Grupo Parlamentario do BNG, dísenos que se impuxeron —nese período 2017–2020— 16 sancións firmes. Nunha resposta remitida por outra vía a este grupo parlamentario, (*A deputada Olalla Rodil Fernández mostra un documento.*) fálase de 39 sancións. Pero é que se vostedes van consultar as memorias públicas da Consellería de Política Social —que a Consellería publicaba ata 2022, e que se deu conta de que as liamos—, nese período 2017–2020, verán que as propias memorias públicas da Consellería de Política Social (*A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento.*) falan de ¡76 sancións! ¿Quen mente?, ¿a



Consellería nun papel?, ¿noutro papel? ¿O Partido Popular son dous gobernos en si mesmo? ¿Non se falan entre consellerías? ¿Ou é todo isto un compendio de artimañas do Partido Popular para intentar ocultar a realidade que viven as persoas usuarias das residencias de maiores en Galiza? ¡É que non din a verdade no Partido Popular nin por equivocación! Converteron vostedes, señorías do Partido Popular, a mentira nunha forma —na súa forma— de facer política. (*Aplausos.*) E, insisto, non falamos de quilos de alquitrán nunha carretera, falamos da garantía ou non garantía da vulneración de dereitos fundamentais de persoas dependentes, que en moitos casos non teñen nin familia e que teñen como única garantía dos seus dereitos básicos a Administración pública.

Por iso, desde o BNG defendemos hoxe nesta moción dúas propostas —unha batería máis ampla, pero que sintetizarei en dúas propostas— para deitar luz, insisto, onde o Partido Popular só quere sombra e garantir o dereito das galegas e dos galegos a saber que é o que está acontecendo nas residencias de maiores. En primeiro lugar, que se remitan de maneira inmediata as actas e os informes de inspección das residencias de Amoeiro e de Xinzo de Limia. Non pode ser que neste país pechen dúas residencias de maiores nun mes; que haxa máis persoas das que teñen autorizadas prazas nunha, como aconteceu en Xinzo de Limia; que haxa persoas desnutridas e sen asear, como se deu en Amoeiro; e que aquí non se remitan nin sequera os informes e as actas dos corpos inspectores da Xunta de Galiza para saber que foi o que viron os inspectores de Política Social un mes antes de que se clausurase, por exemplo, Amoeiro. Eu sigo facendo a mesma pregunta: ¿estaba todo ben? Se non chega a entrar en Amoeiro a Inspección de Traballo —que, para quen non o saiba, depende doutra Administración, que é o Estado— e se non chega a chamar ese inspector de traballo a Garda Civil, ¿Amoeiro seguiría funcionando? ¿Que poñen as actas de Inspección de Política Social? E ¿que propoñían os inspectores e o Servizo de Inspección da Xunta de Galiza facer en Amoeiro cando entraron pola porta, no mes de setembro, e un mes máis tarde tivo que entrar, como o sétimo de caballería, a Garda Civil e cerrar o centro? Pecharon e clausuraron o centro e reorientaron ou recolocaron esas persoas usuarias noutros centros do país, ou directamente volveron ás súas casas. A xente deste país —a comezar polas persoas usuarias das residencias e as súas familias— teñen dereito a saber que é o que fixo a Xunta, que ten a obriga —independentemente da titularidade e do modelo de xestión deses centros— de velar pola garantía dos seus dereitos fundamentais.

E, en segundo lugar, propoñemos que as actas de inspección ordinaria sexan públicas e accesibles por lei. ¿Como? A través do Portal de transparencia da Xunta de Galiza, igual que acontece no día de hoxe no Goberno de Navarra. Poden vostedes consultar a web de transparencia do Goberno navarro e verán como se publican diariamente os informes de inspección anuais e as actas de inspección ordinarias que se realizan cada ano nos centros e servizos sociais dependentes do Goberno de Navarra. E, ademais, propoñemos que se faga o que leva anos facéndose en Alemaña, que é a obriga de pendurar na porta dos centros residenciais —sexan públicos ou privados— un documento que sintetice a puntuación obtida por cada residencia nos servizos de inspección en materias tan importantes para os dereitos fundamentais das persoas usuarias como a *ratio* de persoal de atención directa, a alimentación ou a atención especializada, en casos de enfermidades neurodexenerativas.

En definitiva —e con isto remato—, é evidente que o Partido Popular está ocultando e manipulando información para protexer as empresas. E no BNG temos claro que o máis im-



portante son os dereitos das persoas usuarias. Foi pensando nelas que fixemos esta moción, pero sobre todo quero dicir que as propostas que hoxe defendemos xa as recollíamos —lembrarán vostedes— na lexislatura pasada, na Proposta de lei galega de residencias que o BNG defendemos nesta Cámara e que tamén, para sorpresa de ninguén, o Partido Popular negou mesmo que se puidese tramitar.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

ARMANDO OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Nas localidades de Cerval, no concello de Amoeiro, e de Cima de Ribeira, en Xinzo de Limia, pasou o que seguramente todos vostedes xa coñecen, que houbo que cerrar dúas residencias de maiores —polo que de momento sabemos pola prensa, porque o curioso é que sabemos o que pasou alí ou o que se nos contou pola prensa—. Nun caso estaban exercendo labores profesionais persoas que non tiñan a debida capacitación profesional, nalgún caso incluso con problemas de nacionalidade —que tivo que ser Estranxeiría quen detectase, tras unha denuncia, esa situación—; había problemas no número excesivo de persoas residentes no centro, máis alá das que estaban permitidas —nun caso—; había tamén problemas de alimentación, problemas das infraestruturas... Lembramos que o Servizo de Inspección ten a obriga de inspeccionar non soamente no momento en que empeza a desenvolverse o labor nesos centros de inspeccionar o estado das instalacións, senón de facer inspeccións periódicas para comprobar que todo se axusta á documentación que debe obrar en poder da Xunta de Galicia; que están en vigor os seguros, coas coberturas pertinentes; que se desenvolve o labor por parte de profesionais cualificados; que se cumpre a *ratio* de atención, do número de persoas que deben ser atendidas por cada un deses profesionais; que eses profesionais traballan con todas as condicións laborais que se lles exixen etcétera.

E, claro, volvo repetir, de momento, eu non sei vostedes, pero eu, polo menos, só teño coñecemento deses feitos polo que transmitiron os medios de comunicación. O lóxico sería que tivéssemos constancia —polo menos os membros desta Cámara— das actas de inspección. Xa digo, o verdadeiramente preocupante é que esas inspeccións se realizasen —polo menos nalgúns casos— tras unha denuncia. Xa sabemos que as inspeccións poden ser ordinarias e deben ser executadas sen previo aviso, como é lóxico; o que pasa é que ultimamente isto das filtracións está moi de moda no país en varias cuestións, e un xa empeza a desconfiar de se esas sospeitas que desde algúns ámbitos se levantan son porque existen avisos previos, chivatazos previos ás inspeccións. A ver, claro, un non quería pensar esta clase de cousas, pero un ve filtracións por parte do fiscal xeral do Estado, ve filtracións da identidade dunha muller tras unha denuncia por acoso sexual, e cousas así, e, claro, un xa empeza tamén a desconfiar de que esa clase de cousas, que serían inadmisibles, puidesen suceder.



Desde logo, o o que non pode ser é que, concretamente, estas dúas da provincia de Ourense, nos concellos de Amoeiro e de Xinzo de Limia... O outro día falouse aquí tamén dun caso grave, porque, ademais, todos nos comentan —persoas que coñecemos— que en Monforte, efectivamente, tamén pasa algo similar, que pode estar pasando algo similar nunha residencia. Esas inspeccións, á parte de ter que desenvolverse cunha periodicidade frecuente e, desde logo, de xeito non avisado á xerencia, loxicamente, deben estar feitas con todas as garantías, coa presenza da persoa responsable, deixando constancia nas actas pertinentes de todo o que se ve alí e dando opción, desde logo, como ten dereito a xestión do centro, a facer as alegacións oportunas etcétera. Pero despois tamén debería ser lóxico que tivésemos coñecemento deses feitos por vía máis oficial que as noticias de prensa. Loxicamente, todo está previsto nese plan de inspección, que, por certo, o lóxico é que se renove e que se actualice polo menos cada ano para que poida ser incorporado ao plan de inspección e para que se poida aprender de cousas como esta. Ou sexa, non se pode ter un plan de inspección obsoleto. O lóxico é que de todas estas cousas que sucedan se aprenda algo e que nos sucesivos deseños dun plan de inspección se teñan en conta.

Aquí parece que fallaron, desde logo, os labores de inspección. Polo que din as persoas do sector, fan falta máis inspectores. Eu non sei se hai que duplicar, triplicar ou quintuplicar. A cuestión está en que, dada a gran cantidade desa clase de centros por toda a comunidade autónoma —por outro lado, moi necesarios, porque o envellecemento da poboación progresivo vai incluso facer necesario, no futuro, máis deses centros—, o labor de inspección é fundamental, porque estamos ante unha cuestión moi sensible, e xa se sabe que, onde non hai control, xa sabemos o que pasa, ten que haber esta clase de inspeccións, con todas as garantías, executadas por profesionais que non se vexan desbordados no seu traballo; polo que dicimos, efectivamente, que haberá que incrementar o seu número.

Loxicamente, haberá que depurar responsabilidades pertinentes, e non soamente nestes dous casos que me están ocupando agora, que son os de Cerval, en Amoeiro, e os de Cima da Ribeira, en Xinzo. Son lugares que coñezo pero que nunca, ao pasar por alí, podía estar imaginando que puidese estar pasando o que, ao final, parece ser que estaba pasando. É inadmisíble, como digo.

Os labores de inspección teñen que mellorar para que non se repitan estes casos. Téñense que depurar responsabilidades, caia quen caia —como adoita dicirse—, porque tamén está aquilo de: ¿quen vivía o vixiante? Ou sexa, tamén o labor de inspección ten que ter a súa parte de control por parte dos responsables pertinentes a nivel político, a nivel de consellería ou do que sexa, porque haberá que depurar todas as responsabilidades.

E, ben, loxicamente, isto terá que supoñer cambios normativos, probablemente. Desde logo, que o centro, especialmente os centros privados, teñan que poñer un determinado papel na porta ou no taboleiro de anuncios informando destas inspeccións e tal terá tamén que supoñer un cambio normativo previo, porque todos estes centros, especialmente os centros privados, van acollerse ao que lles exixa a lei estritamente, non ao que se lles diga de repente desde a Xunta de Galicia sen un respaldo normativo, porque iso incluso xeraría unha especie de inseguridade xurídica. Todo o que se lles vaia exixir que sexa previa elaboración da normativa pertinente, cumprindo todos os trámites; e, efectivamente, pois sería interesante



que esa información figurase no taboleiro de anuncios de todos eses centros. Eu, que teño a miña nai nun destes centros, vexo lóxico que poida haber, nun taboleiro de anuncios, as inspeccións realizadas e o grao de cumprimento por parte do centro das exixencias normativas detectadas nesas inspeccións.

E nada máis. Moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Non hai política social digna sen control público real, iso é así. E tanto os que estamos aquí, na oposición e no Goberno, na parte lexislativa, como os que están no Goberno efectivo da Xunta de Galicia, deberían sabelo e deberían telo gravado a fogo. Porque basicamente son, neste caso, os nosos maiores os que nos trouxeron ata aquí, e moitos deles moi posiblemente sen familia ou sen un ámbito cercano que vele por eles, polo menos neste caso que estamos aquí vendo.

Hoxe volvemos falar dun tema que a Xunta do Partido Popular leva anos tentando agochar baixo a alfombra, que é a transparencia e o control real nas residencias de maiores e nos servizos sociais de Galicia en xeral. Como dicía, non hai política social digna sen ese control real. É unha moción que, aínda sendo moi sinxela —porque realmente o que se piden aquí son cousas moi sinxelas—, provoca eu creo que auténtica urticaria no bando do PP, porque pide basicamente que se poña o foco sobre un problema real. Isto non é un tema para falar de estratexias en xeral, este é un problema real que leva anos —como xa se dixo aquí— afectando diferentes servizos da Xunta de Galicia, e a propia Xunta de Galicia leva anos intentando non falar del, ata que, como vemos agora, xorden estes temas escalofrantes, desde calquera punto de vista, e absolutamente inadmisibles para unha administración pública.

O que pide esta moción son cinco puntos que entendo son ben sinxelos, e a quen lle compete proporionalos non ten máis alá que poñerse. O primeiro son as actas, os informes e os expedientes, e algo tan revolucionario como perigoso, que é dar a coñecer e empregar as actas de inspección das dúas residencias das que xa se falou aquí: Xardín, de Amoeiro, e San Gabriel, en Xinzo de Limia. Xa se relatou aquí o escenario dantesco que se apreciou en cada unha delas. Ninguén lles pide unha novela inédita, o que se lles pide é basicamente estas actas, que teñen que estar dispoñibles e que deberían estalo sen que o Parlamento tivese que andar detrás da Xunta, pedindo por favor que as entreguen. Quero dicir que esa é unha cousa que non cabe na mentalidade de ninguén que se teña por demócrata neste sentido. E, sobre todo, trátase dunha transparencia básica, aínda que é verdade que, cando se trata de achegar eses papeis, a velocidade do Goberno é mínima, por así dicilo, se é que é.

A segunda é publicar ese Plan de inspección 2025 e a avaliación do 2024. Isto é algo que é unha contradición en si mesma. O segundo punto que se pide é publicar no *Diario Oficial de*



Galicia o que o propio decreto do PP pide e que está obrigado a publicar. É dicir, vostedes fan unha lexislación onde vostedes mesmos se obrigan a presentar estes plans de inspección, que, por outra parte, non presentan. Fan a lei e non a cumpren. É un exercicio de coherencia admirable neste aspecto; pero non sabemos se o feito de anunciálo nalgún medio ou de falar nunha especie de comisión ou pleno duns informes ou duns números que, como ben se dixo aquí, nunca cadran... Cando un comproba un papel con outro papel, ve que —e non só aquí, senón tamén noutras cuestións que teñen que ver con servizos sociais— eses números nunca cadran.

O terceiro é a publicidade dos resultados das inspeccións nun espazo web; nada que non se poida facer mañá mesmo no Portal de Transparencia; nada que non se poida dar, que son os resultados obtidos nesa inspección; nada que non teñan vostedes neste momento. É dicir, poderíamos saír de aquí e mañá pola mañá poderían estar na web do Portal de transparencia. Obrigaría a explicar por que hai inspeccións que nunca derivan en sanción, cousa que parece estraña porque, das miles de inspeccións que fan todos os anos, pouquísimas teñen unha sanción, porque hai centros privados que están cheos de deficiencias que seguen funcionando coma se non pasase nada, ou porque as inspeccións se fan, como xa denunciou a Asociación de directores das residencias, con cita previa; é dicir, avisando que tal residencia vai ter unha inspección.

O cuarto punto é un cadro resumo visible para as familias. Non se trata dun cadro de cualificacións, trátase dunha puntuación na que simplemente se dean datos obxectivos, non soamente coa boa vontade clara de penalizar ou de que quede penalizado o comportamento desa residencia, senón para que as familias o saiban e para que tamén haxa oportunidades de mellora. Quero dicir, se aquel centro ten unhas deficiencias concretas, o que se vai procurar con ese cadro de cualificacións é que, na vez seguinte ou no prazo seguinte que dea esa inspección, esa oportunidade de mellora exista. É dicir, en ningún momento esta moción está pedindo nada que sexa estrambótico, nada que non estea na lei e nada que non beneficie o propio sistema de servizos sociais desta comunidade autónoma, que, entre outras cousas, ten que ser fiable e moito máis crible para a familia dos propios usuarios que están dentro do sistema.

Así que desde o Partido Socialista —insistimos— non nos parece para nada unha moción que non poida estar resolta, nin sequera que non a poidan apoiar vostedes mesmos, porque tería sentido que este tipo de melloras puidesen, ademais, beneficialos a vostedes mesmos como xestores que son.

E, por último —e eu creo que aquí está a pedra angular desta moción—, hai que duplicar polo menos o número de inspectores que hai dentro dos servizos sociais, porque ata hai un ano aproximadamente parece que se incrementaban en dez inspectores máis, pero, no día de hoxe, non sabemos, deses novos inspectores, cantos están vencellados a unha residencia e cantos están vencellados ás escolas infantís ou a outros servizos que teñen que ver co eido dos servizos sociais. É dicir, se hoxe queremos facer unha *ratio* de inspector por residencias ou por usuarios de residencias, non saberíamos dar a cifra exacta; non saberíamos se estamos cunha *ratio* que pode ser admisible ou se estaríamos moi por debaixo e teríamos que pedir máis inspectores para esa poboación, aínda que todo fai indicar, evidentemente, que estamos moi por debaixo do que sería estimable para unha dignificación dos servizos sociais.



Así que esta moción non é nin radical nin é revolucionaria nin é rupturista, é algo absolutamente normal; e cun só sentido común democrático, que son a transparencia, a avaliación e a inspección. Son os eidos que pedimos que se cumpran a través desta moción e que, ademais —volvo insistir—, lle darían credibilidade ao propio sistema de servizos sociais.

E non quería deixar de que tivésemos na cabeza —porque aquí falamos de normas e de regulación— ese cadro dantesco que tivemos que escoitar ou que ler cando —como se dixo aquí— a Garda Civil entrou nestas dúas residencias, que foi un dos motivos que deron lugar a esta moción. Eu quixera que vostedes se puxesen na pel non só das familias, senón dos propios usuarios. ¿Como pode un acabar os últimos días da súa vida con ese tipo de circunstancias nun mundo no que se trata de que sexamos o primeiro mundo? ¿Como pode ser que isto aconteza no século XXI entendo que cun goberno que está satisfeito dos seus servizos sociais?

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señora Rodil, dígolle, unha vez máis —bueno, para empezar, a todos—, que non estamos falando de residencias cando falamos de Amoeiro ou de Xinzo, estamos falando de vivendas comunitarias. Son centros con características distintas pero iguais garantías de atención aos usuarios que alí se atopan; son centros distintos. (*Aplausos.*)

E, miren, non é certo que en Amoeiro se pechase porque entrou a Inspección de Traballo e a Garda Civil. Non temos ningunha constancia da Garda Civil. Foi a Inspección de Política Social quen foi unha vez, viu irregularidades, e un mes despois volveu. As irregularidades continuaban, e non só continuaban, senón que se fixeran máis grandes, por iso se pechou.

Respecto das actas das inspeccións, quero dicirlles a todos os grupos —porque todos insistían nisto— que o artigo 14.1, nos seus apartados e) e f) da Lei 9/2013, de transparencia, establece «a posible limitación de acceso á información pública, entre outros supostos, nos casos de prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios; e tamén as funcións administrativas de vixilancia, inspección e control». Isto é o que di a lei.

Respecto dos datos, señora Rodil, non confunda mentira con distintas interpretacións. (*Murmurios.*) Se o número de inspeccións difire, é porque están referidos a períodos temporais diferentes. A ver se lle vai pasar como co Centro de Autismo de Friol, que veu dicindo que aínda nin sequera se contratara e tivo a conselleira que ensinarlle unha foto de que estaba xa... ¿Non o vira? ¡Non, é que mire, iso vese facilmente, só hai que pasar por Friol! A vostedes,



que din que están tanto no territorio, ¡vamos!, a ver se con isto lle vai pasar o mesmo. (Aplausos.) Porque o que pasa é que hai unhas que son firmes e outras que están en tramitación, e esas pequenas variacións cambian cada día e poden variar segundo o período temporal do que esteamos falando. ¡Un pouco de seriedade!

¿Sabe o que pasa, señora Rodil? ¿Sabe que estou pensando eu? Vostedes saben moi ben que pasa, e nós tamén o sabemos. O que pasa é que ao BNG lle importa moi pouco, en realidade, a calidade de vida dos maiores e dos máis vulnerables. Porque, se de verdade lle importase, vostedes hai moitísimo tempo que terían rachado..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señora Rodil, co Goberno central. Porque, mire, Sánchez lévalles mentindo e enganando aos galegos —tamén neste campo— todo o tempo, e vostedes séguenos apoiando. E a vostedes, se de verdade lles importase tanto a calidade de vida dos maiores e dos máis vulnerables, non meterían nas súas emendas aos orzamentos reducir os gastos de funcionamento das residencias públicas de Galicia. ¡Un pouco de seriedade!

Porque, ¿sabe o que pasa? ¿Sabe o que me parece a min e o que están notando as galegas e os galegos? Que o BNG, en realidade, o que quere é fiscalizar, o que quere é o control totalitario de toda a actividade que se faga en Galicia, tamén dos inspectores de servizos sociais. O BNG, a través da CIG, o que pretende é entrar, controlar e manipular os centros de maiores, os colexios, os hospitais e as rúas. Pero o que queren os galegos, o que queremos os galegos, é ser libres e ter servizos de calidade. Os galegos non queren ter unha sede da CIG nin do Bloque Nacionalista Galego en cada residencia, en cada centro de día ou en cada colexio. Por iso, os galegos unha vez e outra e outra e outra e outra votan o Partido Popular; levan vinte anos —¡vinte!— dicíndolle «non» á señora Pontón. (*A deputada Raquel Arias Rodríguez mostra un cartel do BNG no que pon: «Non».*)

Porque, miren, o obxectivo da Xunta é que en todos os centros de Galicia, sexan da titularidade que sexan, ofrezan unha atención de máxima calidade. Para iso a Xunta dispón dun equipo de inspectores que decide as inspeccións que son necesarias, señora Longueira. Claro que eses dez inspectores están traballando e se están incorporando. E son os inspectores, sen ningunha inxerencia por parte de ningún político, os que deciden que inspeccións facer en cada momento. E son tamén os que revisan e avalían a situación dos centros, indican como mellorar e, cando é necesario, a Xunta impón sancións. A Xunta actúa con contundencia, chegando incluso a pechar centros, se é preciso, como se dixo aquí, como o de Amoeiro ou o de Xinzo. Pero iso, moi a pesar da señora Rodil, moi a pesar da señora Longueira, é moi diferente da imaxe que vostedes queren dar de mala calidade dos servizos públicos de Galicia. É moi diferente, porque o que pasa é xusto o contrario: a Xunta, o Partido Popular, pero tamén a poboación en xeral, confía no bo facer dos inspectores. E tanto os usuarios como as súas familias teñen esa garantía.

Señores da oposición, dubidar deste labor dos funcionarios públicos, dubidar deste labor dos inspectores, é unha irresponsabilidade tremenda; unha irresponsabilidade que vostedes usan a conciencia co único obxectivo de xerar inestabilidade, buscando alboroto, ruído e malestar.

E, si, imos falar da Residencia DomusVi de Monforte. Aquí un deputado do BNG dixo que había un brote de sarna, que estaban mal nutridos e que, ademais, estaban mal atendidos.



Demostrouse que as tres cousas eran falsas, e mesmo o noventa por cento dos traballadores asinaron un escrito pedíndolle a ese deputado que diga que esas palabras son mentira, porque realmente son mentira. (*Aplausos.*) Estamos esperando que pidan perdón por sementar esa dúbida entre os familiares.

Vostedes enganan os traballadores e as traballadoras de servizos sociais, dicindo que é culpa da Xunta que non estea aprobado un novo convenio colectivo, cando saben que o convenio colectivo o asinan entre as empresas e a parte social; e a Xunta o que pode facer é mediar, e estao facendo. Nós estamos de acordo con que hai que renovar ese convenio colectivo. Díganlle á CIG que se esmere, que menos mobilizacións e máis traballo para conseguir que ese convenio colectivo se aprobe. (*Murmurios.*)

E, miren, vostedes, a través do seu brazo sindical, pretenderon bloquear o SAF de Ponteareas, interromperon os plenos, ameazaron a alcaldesa e mesmo foron ao xulgado. ¿E que lles dixo o xulgado? Que non tiñan razón. E fixeron todo isto, señorías, cando as condicións das traballadoras e dos usuarios do SAF son moitísimo mellores que eran cando unha alcaldesa do Bloque —que hoxe está sentada aquí, no Parlamento— (*Aplausos.*) era a que tiña a responsabilidade do SAF en Ponteareas.

¿Saben o que pasa? Que o drama do BNG é que renunciou a traballar en beneficio dos galegos para renderse ás ordes da UPG e que deixaron de escoitar os veciños para seguir as consignas da CIG. E isto é tan escandaloso, tan escandaloso, que o BNG, a través da CIG, aproveitou o 25N, o Día da Loita contra a Violencia de Xénero, para atacar as traballadoras da sede do Partido Popular en Santiago, e tamén a prensa. ¿Iso é o que lles importan tamén a vostedes as mulleres? De verdade, teñen tan pouca consideración, despois de aprobar a lei do só si é si, despois de non criticar, nada máis que polo baixiño, as pulseiras que non funcionan...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: A vostedes dálles igual todo. Danlles igual os maiores, danlles igual as mulleres; dálles absolutamente igual todo.

Miren, señorías —xa remato, presidenta—, simplemente quero dicir que hai uns días dende o Partido Socialista se nos dicía que se maquillaban os datos. Pois eu dígolles unha cousa: non hai maquillaxe suficiente nin en Galicia nin en España para dar tapado a vergoña que supón que vostedes sigan apoiando un goberno corrupto; un goberno que está utilizando...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...cartos públicos para pagar compañías femininas, mentres nos nega os cartos que necesitamos en Galicia para atender a dependencia e os nosos maiores.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para o turno de peche, a autora da moción, a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu, antes de máis, quería agradecer o apoio do Partido Socialista e mais do Grupo Mixto, do señor Ojea, á moción.

¡Vaia barullo, señora Arias, para non falar do que trae hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego!, que son as condicións nas que están as persoas usuarias das residencias e a garantía dos seus dereitos fundamentais.

E eu marchó aínda máis preocupada e escandalizada despois de escoitalle dicir que un mes antes entrou pola porta o Servizo de Inspección de Política Social en Amoeiro, viu como estaban e aínda esperou a que entrase Inspección de Traballo cunha inspección policial para pechar ese centro. (*Aplausos.*) Viron o que estaba pasando e as condicións nas que estaban esas persoas e tardaron un mes en volver alí. ¿Pero en mans de quen estamos? ¿En mans de quen estamos, señora Arias? Eu marchó —e o Bloque Nacionalista Galego— con máis razóns aínda para seguir insistindo en que se teñen que remitir ao Parlamento as actas e os servizos de inspección dos últimos cinco anos de Amoeiro e de Xinzo de Limia, pero tamén da DomusVi de Monforte. Aquí non mente ninguén, ¡eh! Eu insisto na resposta oficial da Consellería de Política Social. Houbo oito denuncias de familiares e un expediente sancionador entre 2019 e 2021, señora Arias; ademais dos expedientes que puidemos consultar deputadas e deputados deste Parlamento —o señor Tabarés e mais eu— cando estivemos en San Caetano consultando documentación que afectaba directamente as condicións de traballo e as condicións das persoas usuarias da residencia DomusVi de Monforte.

¿E que é o que nos está intentando dicir o Partido Popular, tanto a conselleira, a señora García, como hoxe a súa deputada portavoz, Raquel Arias? Que paremos, ¡que paremos! Iso é o que nos está dicindo o Partido Popular: que miremos para outro lado, que deixemos de preguntar; que deixemos de pedir documentación e que miremos para outro lado, cando o que se está xogando aquí son as condicións de vida e os dereitos fundamentais de persoas usuarias de residencias de maiores.

E non imos parar, señora Arias, señorías do Partido Popular, imos seguir reclamando documentación relevante sobre a situación na que se atopan persoas tremendamente vulnerables sobre as que ten unha responsabilidade directa a Xunta de Galiza, independentemente de se é unha vivenda comunitaria, unha residencia e de se é pública, se é privada, se é concertada ou é mediopensionista.

A Xunta de Galiza ten a obriga, a través dos servizos de inspección, de velar polos dereitos laborais das traballadoras e polos dereitos fundamentais das persoas usuarias.

E, insisto, están tapando, están impedindo, a través da ocultación de información, que saibamos que é o que pasa nas residencias e nos demais servizos sociais.



Sacou o SAF. Eu non traía nada do servizo de axuda no fogar, pero, quen garda, sempre ten. Miren, nós, que queremos saber como traballa o Servizo de Inspección no servizo de axuda no fogar, que detecta a Xunta de Galiza en irregularidades como as que vimos no Concello de Ponteareas —que non lles pagaban ás traballadoras, señorías do Partido Popular—, pedimos en outubro de 2025 un informe a través do artigo 9 no que se recollese o número de denuncias presentadas polas traballadoras do SAF diante das empresas prestadoras dos servizos, dos concellos ou da propia Xunta de Galiza sobre vulneracións dos dereitos. A resposta foi escueta, como sempre, —¡non vaíamos gastar papel!—: «No Departamento de Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade non consta ningunha denuncia do persoal traballador do Servizo de axuda no fogar». Eu teño unha carta —que conseguimos grazas ás traballadoras e á súa representación sindical— da Xunta de Galiza, do Servizo de Inspección de Política Social, do mes de agosto. *(A deputada Olalla Rodil Fernández mostra un documento e leo.)* «En relación co escrito presentado ante o Servizo de Inspección no que solicitan información sobre como proceder ante a comunicación por parte da entidade xestora...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...da suspensión de dous servizos de axuda no fogar por risco grave para as auxiliares, informámoslles de que...» *se lo resumo:* teñen que seguir entrando pola porta dese domicilio cada día.

Señora Arias, fixeron da mentira, da ocultación e da trampa a súa forma de facer política. *(Aplausos.)* Pero é que están poñendo en risco a vida e os dereitos fundamentais de miles de persoas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: ...maiores e dependentes neste país.

¡Non imos parar e imos seguir reclamando o que a sociedade galega merece! *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta iniciativa presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.



Débese substituír o punto 1 da parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Entregar o plan de ordenación de RR.HH. de atención primaria, unha vez elaborado, aos grupos políticos deste Parlamento, inmediatamente despois de entregárllelo aos sindicatos. Conforme aos acordos asinados entre a Consellería de Sanidade e os sindicatos. Incluindo:

- Cargas de traballo*
- Novas categorías profesionais necesarias*
- Ratios por categoría e centro*

Definición de postos de difícil cobertura e incentivos dos mesmos

- Medidas a curto, medio e longo prazo para mellorar a atención primaria».)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a iniciativa, ten a palabra a señora Carreira Pazos.

IRIA CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Agora que xa estamos en decembro, afloran os calendarios de advento, e pronto as redes sociais empezarán a encherse de publicacións recapitulando o que foi o ano 2025 e facendo un balance precisamente deste ano. Así que, aproveitando ese espírito prefestivo e que xa é Nadal no Corte inglés, podemos facer un balance honesto do que fixo o Partido Popular pola atención primaria galega.

Porque, claro, xa comentou o señor conselleiro no pleno anterior, rasgándose as vestiduras —supoño que despois a portavoz do Partido Popular tamén o enumerará—, o gran número de cousas que fixeron. Pero xa di Bad Bunny que *«lo mejor nunca se sube»*. Porque nada di o Partido Popular das medidas que foi adoptando cando volveu ocupar as cadeiras do Consello da Xunta, hai xa máis dunha década, e comezou a lexislar para deteriorar a sanidade pública galega. Porque é importante remarcar que non chegamos aquí dun día para outro ou pola acción e decisión dun conselleiro ou dun xerente; son anos de políticas do Partido Popular as que nos trouxeron ata aquí.

A primeira, na fronte: a desaparición das xerencias de atención primaria, roubarlles a capacidade de xestión de organización e poñer a atención primaria supeditada aos hospitais, restándolles autonomía e restando orzamento; orzamento, por certo, que recortaron durante anos e que, no día de hoxe, continúa sen ser suficiente. Ademais de insuficiente, ademais de estar lonxe das recomendacións da Organización Mundial da Saúde, constátase, de xeito reiterado, como o orzamento que a Xunta de Galicia destina á atención primaria é dos máis baixos de todo o Estado. Digo dos máis baixos porque aí compiten cos seus colegas en Madrid para ver quen lidera o *ranking*.



Orzamento que xa non é só o que figura no papel que está, no día de hoxe, a debate nesta Cámara, orzamento que é necesario analizar tendo en conta todo, como se executa ao final de ano, porque vemos tamén como, dos fondos inicialmente consignados para a atención primaria —que, reitero, consideramos insuficientes—, parte deles acaban noutras partidas, contribuíndo así a deteriorar un pouco máis a atención primaria.

Tampouco fan valer agora as súas políticas durante anos no Goberno galego nos que estiveron sen convocar todas as prazas formativas de Medicina Familiar e Comunitaria que tiñan acreditadas, ata que en 2018 se lles empezou a mudar o xenio. E ¿terá algo que ver que cambiase o acordo o Goberno estatal e deixase de estar á fronte un descoñecido M. Rajoy?

Nin fan mención vostedes a todos eses anos acumulados negándose a mellorar as condicións laborais do persoal, a desenvolver as carteiras de servizos profesionais, a incorporar novas categorías profesionais, cuestión que, por certo, aínda, no día de hoxe, seguen negando.

Todo isto ideado e planificado por mentes pensantes, que foron desde a exconselleira Rocío Mosquera, e o seu facer máis con menos, ao agora alcalde de Baiona, Jesús Almuiña, que lles recomendaba ás médicas que se queixaron un pouco menos, porque así era moi difícil atraer facultativos. Desde o exconselleiro de Sanidade, agora deputado do Partido Popular, que emprendeu a creación das prazas FEAP e que logrou a unanimidade absoluta para demandar a súa retirada, ao actual conselleiro, que non coñece a diferenza entre a saúde e o orgasmo e que pensa que as intervencións de cataratas non compensan para a xente que non le a diario.

E así chegamos a situación que temos, no día de hoxe: persoas que agardan días e semanas para ter unha cita coa súa médica de cabeceira; médicas de cabeceira que teñen axendas de corenta, cincuenta, sesenta pacientes día tras día; categorías profesionais, como a das matronas, que continúan cun sistema retributivo dos anos noventa e cunha *ratio* profesional por paciente totalmente desigual entre áreas sanitarias e lonxe da media da OCDE; outras categorías, como a de fisioterapia, que son practicamente anecdóticas dentro da atención primaria; por non falar xa das que non existen: nin psicólogas nin podólogas, nin ópticas e optometristas. (*Murmurios.*) ¿Non é unha categoría anecdótica na atención primaria? ¿Fisioterapia? Se quere, despois debatemos. (*Murmurios.*) Se quere entrar no debate de sanidade, fale dentro do seu grupo para ver se hai un cambio de posición. (*Aplausos.*) Pero esas son as súas decisións, que é relegar unha categoría profesional... (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

IRIA CARREIRA PAZOS: ...a unha posición anecdótica.

E así temos —reitero— os PAC e os servizos de urxencias colapsados de xeito crónico, centros de planificación familiar que subsisten na inanición absoluta, listas de espera na atención primaria e listas de espera na atención hospitalaria, listas de espera para cirurxía, para consultas, para probas complementarias.

Esta é a súa gran política sanitaria, esta é a súa folla de resultados: poñer a atención primaria nunha situación límite e esnaquizar o sistema público de saúde.



Porque vostedes poden seguir negando a realidade ou seguir minimizando todos eses casos puntuais, que, segundo vostedes, son puntuais, que traemos a este Parlamento, pero o certo é que a atención primaria é quen sostén o sistema sanitario; do seu funcionamento, do seu bo funcionamento, depende o resto do sistema.

Por iso os datos que publicou hai unhas semanas o último barómetro sanitario son tan preocupantes, porque, segundo iso, a metade das persoas que en Galiza tenta coller unha cita coa súa médica de cabeceira tarda unha semana ou máis en poder ir a consulta. A espera media para estas citas coa médica de cabeceira sitúase en 7,59 días. Barómetro sanitario que tamén pon de relevo algo que nós temos denunciado: que a falta de consultas, de accesibilidade na atención primaria co que remata é con que a xente vai consultar ou ás urxencias ou á medicina privada. Todo isto son pezas dun dominó perfectamente engraxado e que vostedes cada vez teñen máis ansia por ver caer.

E, ante esta situación dantesca, urxen medidas e urxen solucións, e estamos a demandalo desde o BNG, pero é que llo están demandando as organizacións sindicais, estanllo demandando as sociedades científicas, estanllo demandando os profesionais directamente, demándano todas as persoas que día tras día sofren a súa mala xestión e que continúan saíndo á rúa mes tras mes, en Catoira, en Valdeorras, en Compostela ou as que sairán este xoves en Vigo.

Nós traemos a este pleno catro propostas que poden axudar a mellorar a nosa atención primaria, e permítanme mencionalas, porque despois ao mellor hai quen non entende que estamos facendo aquí e que é o que se vai votar.

A primeira, retirar de xeito inmediato a categoría de FEAP —e inmediato quere dicir inmediato, non dentro de catro anos—, unha categoría que recibiu un rexeitamento unánime, a pesar de canto nos criticou o Partido Popular, porque desde o BNG non a apoiamos, e, ademais, que non serviu en absoluto para atraer novas profesionais á atención primaria galega. Convocar as prazas vacantes que existen, no día de hoxe, na atención primaria galega. Incrementar o orzamento destinado á atención primaria ata acadar o 25 por cento do orzamento sanitario, tal e como recomenda a Organización Mundial da Saúde. E desenvolver as carteiras de servizo de atención primaria e potenciar e incrementar novas categorías profesionais, como a de psicoloxía, óptica e optometría, podoloxía etcétera.

Agardamos que, por unha vez, o Partido Popular pense na xente deste país, pense nas profesionais da atención primaria galega, nas médicas de familia, nas enfermeiras, nas matronas, nas psicólogas, nas fisioterapeutas e que rectifique; e que rectifique non só polo medo ás folgas e ás mobilizacións, senón que mude as súas políticas para evitar o afundimento do sistema sanitario.

De momento, máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Na quenda do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.



MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Antes de entrar nos puntos que recolle a moción obxecto de debate, gustaríame trasladar desde o Grupo Socialista unha defensa firme, clara e máis que nunca necesaria da atención primaria. Adoitamós dicir que é a porta de entrada da sanidade, porque é onde a cidadanía busca amparo, orientación e coidados, pero tamén é o servizo que máis leva sufrindo os recortes do Partido Popular nos últimos anos, o que máis leva sufrindo a falta de planificación e desatención por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Os e as socialistas temos unha fonda convicción: non hai sanidade forte sen atención primaria forte. Señorías, a realidade é teimuda. Neste Parlamento vimos trasladando día tras día que as axendas dos médicos e médicas de atención primaria están saturadas, que o tempo medio por paciente é insuficiente, que as prazas de profesionais médicos seguen sen cubrirse, que faltan pediatras e que a situación varía do rural ás cidades, e así poderíamos seguir cun grande etcétera. Que moitas persoas tardan máis dunha semana en obter unha cita, outras ven como se derivan a urxencias desde os propios centros de saúde, pero tamén como as persoas enfermas se ven obrigadas a ir a urxencias, saturando estas, cando moitas veces non se trata dunha urxencia.

Pero a ver se por repetilo unha e outra vez somos capaces de arrancar unha concienciación da Xunta de Galicia e do Partido Popular. Porque hoxe ese servizo de proximidade que debe ser a atención primaria non está dando unha resposta áxil á cidadanía. A atención primaria precisa de recursos, pero sobre todo de vontade política. *(Aplausos.)* Tampouco nada disto é novo. Ademais, cun persoal escaso ou moi axustado, dependendo do centro de saúde, calquera urxencia dun profesional ou calquera pico na demanda leva a case un bloqueo. E isto é o que estamos a ver. Hai moitos centros de saúde que teñen entre unha e tres semanas de demora.

E agora, como non quero que o entendan como temas illados, como diría o conselleiro, vou pór datos concretos e corroborados. Hai centros, como pode ser o da rúa Cuba, en Vigo, onde xa colgan na aplicación Sergas Móbil o seguinte cartel —abro comiñas—: «A axenda do profesional non dispón de ocos libres para pedir citas de consulta nos próximos días. Contacta co teu centro de saúde.» —pecho comiñas—. Pero, sen movernos de Vigo, no centro de saúde de López Mora unha analítica pode situarnos en mes e medio. Ou, volvendo á rúa Cuba ou a Pintor Colmeiro, xa derivan sistematicamente todas as urxencias que chegan pola tarde ao PAC, porque non hai suficiente persoal para atendelas.

Son exemplos reais, e supoñemos que, debido á época do ano na que nos encontramos, a situación irá empeorando a medida que avance o impacto da gripe.

Pero esta realidade nada ten que ver coa que o conselleiro transmitiu no pasado pleno, que máis do sesenta por cento dos pacientes teñen consulta en atención primaria en menos de catro días, nin nada ten que ver co que nos transmite a Valedora ou o propio Consello Económico e Social cando sinala a necesidade de reforzar a atención primaria e a saúde mental mediante máis profesionais.



Un apuntamento máis que tampouco é un tema puntual. O luns da semana pasada en urxencias do Cunqueiro atendéronse 580 pacientes, moito máis do que é a media, e seguro que o exceso son urxencias non xustificadas polo non funcionamento da atención primaria. *(Aplausos.)*

E falei de Vigo, pero isto é trasladable a calquera concello da nosa comunidade autónoma ou de calquera área sanitaria. Isto visto desde o punto de vista da afección á cidadanía. Pero, se nos achegamos un pouco á situación dos profesionais, atopámonos cun esgotamento debido á sobrecarga, á falla de planificación e á ausencia de condicións laborais dignas que lles permiten exercer a medicina co tempo, o coidado e a profesionalidade que a profesión levan implícitos. E isto mina os profesionais e fai que os médicos escapen da atención primaria e o fagan cara a outros destinos, ben profesionais ou territoriais. E, de seguir así, seguiremos tendo fuga de talentos, falta de relevo xeracional e desmotivación crecente.

Só esperamos que o recente acordo entre a consellería e os sindicatos sexa o inicio dun tempo diferente, aínda que non existiu acordo co cen por cento da representatividade. Pero sabemos que a intencionalidade inicial da consellería era máis do mesmo e só foi capaz de reaccionar e retirar o plan inicial para primaria tras unha convocatoria de folga, que, como digo, se salvou parcialmente, porque o plan inicial supoñía máis precarización das condicións laborais e unha redución das prestacións sanitarias que recibimos os cidadáns. Aínda que chama poderosamente a atención que o plan presentado pola Xunta non contase cun estudo específico, como o que agora se recolle no acordo.

Comentámolo tamén, creo que noutra intervención neste Parlamento: que para pór en marcha un plan é necesario coñecer a situación puntual de todos e cada un dos centros de saúde da nosa comunidade autónoma. Non nos dicían se o tiñan ou non o tiñan, todo amagaba a que si o tiñan e agora, cando se firma o acordo con algunha das centrais sindicais, dámonos conta de que ese estudo non existía. Isto é absolutamente inexplicable para alguén que os tenta unha responsabilidade política.

Por iso presentamos a emenda de substitución, e presentámola co fin de aportar, porque o punto 1 da moción do BNG, que fala das prazas FEAP, creo que queda recollido perfectamente no acordo firmado cos sindicatos. Polo tanto, non é que non esteamos de acordo con ese punto, senón que queda superado polo acordo cos sindicatos, e o que pedimos é que ese plan que van elaborar sexa entregado a este Parlamento. É un tema que, ademais, o BNG reclamou en varias ocasións. Por iso esperamos que a nosa emenda sexa aceptada.

E con respecto ao resto dos puntos da moción, nada temos que dicir. O mesmo poderemos falar incluso dalgún tema máis puntual cando falemos das listas de espera.

Termino xa reiterando que a Xunta leva ignorando as advertencias dos expertos, das asociacións de profesionais e do mundo sanitario en xeral e, por suposto, dos grupos parlamentarios da oposición con respecto á atención primaria, e non se dan conta, señores do Partido Popular, de que a defensa da atención primaria non é unha batalla partidista.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O Grupo Mixto renuncia á súa intervención.

Na quenda do Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidenta.

Hoxe debatemos unha moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a atención primaria que parte dun diagnóstico totalmente desfigurado e que, unha vez máis, pretende instalar na cidadanía a idea de que todo vai mal, cando Galicia está facendo un esforzo sen precedentes para garantir a mellor atención posible nun contexto que todos coñecen. Faltan médicos en toda España e as comunidades autónomas non reciben ningún apoio por parte do Goberno de España para facer fronte a este problema; un problema que o Bloque e o PSOE insisten en negar, porque lles resulta máis cómodo culpar a Xunta que mirar para Madrid, que é quen ten a competencia exclusiva de decidir cantos especialistas forma cada comunidade autónoma.

E aquí señorías, unha vez máis, hai que falar con claridade. O Ministerio de Sanidade é quen marca o número de prazas MIR que cada comunidade autónoma pode formar. Galicia forma o cen por cento das prazas que o Ministerio lle permite, tanto en Medicina de Familia como en Pediatría. E outro dato irrefutable é que, se hoxe houbera máis médicos dispoñibles, Galicia estaría contratándoos todos, pero non existen, e non existen porque durante anos non se planificou a formación necesaria a nivel estatal.

E, señorías, no ano 2018, antes de que Mariano Rajoy se fose do Goberno, a ministra Dolors Montserrat presentou un informe, no que estaban de acordo todas as comunidades autónomas, de distintas cores, para que isto se corrixira. Sete anos despois e pasados seis ministros, seguimos igual que no ano 2018. Esa é a verdade. Polo tanto, señorías, menos discursos catastrofistas e máis responsabilidade.

Miren, o BNG tiña que ter a valentía de exixir ao Goberno de Sánchez —por iso o apoia— o mesmo que lle exixen todas as comunidades autónomas, teñan a cor política que teñan. Necesitamos máis prazas MIR e unha reforma profunda do modelo de formación sanitaria especializada. Iso é a clave, o resto son slogans. Pero xa sabemos como actúa o Bloque, tan crispado e exixente en Galicia e tan mansiño á hora de reclamar a Sánchez que cumpra con Galicia.

E xa que estamos falando de slogans, permítanme un comentario. A señora Pontón leva tempo mentindo, así con todas as letras, mentindo, cando asegura que en España sobran médicos especialistas e que a Xunta non os quere contratar. No anterior pleno volvemos escoitalo, e iso, señorías, só pode deberse a dúas cousas: ou a un descoñecemento monumental ou a unha mala fe considerable, porque quen fala cinco minutos con calquera profesional sanitario sabe perfectamente que non sobran médicos, faltan, e faltan en toda



España, porque, se realmente sobrarian médicos, Galicia non deixaría un só sen contratar. Pero claro, sempre é máis doado inventar médicos que formalos, evidentemente. *(Aplausos.)*

O único que sobra aquí, señorías, é o relato, e, fronte a ese relato apocalíptico do BNG, os datos son teimudos: o orzamento de sanidade medra en 2026 en 213 millóns de euros respecto ao 2025, un incremento do 3,95 por cento, o maior orzamento da historia da sanidade pública galega, 1.900 millóns de euros por riba dos últimos orzamentos do Bipartito. A atención primaria medra outro 4,74 por cento, acadando os 1.747 millóns de euros, unha subida acumulada do 21,6 por cento dende o 2009. E Galicia destina a atención primaria máis do 25 por cento do seu orzamento sanitario, superando a referencia da Organización Mundial da Saúde. Estes son datos oficiais, pero parece que o Bloque Nacionalista Galego sempre lle interesa repetir un mantra, aínda que non sexa certo.

Hoxe o Sergas conta con máis de corenta e seis mil profesionais, un 27 por cento máis que no 2008, e o BNG vén aquí dicir que non se inviste, que non se reforza, que non hai planificación. O que non hai, señorías, pola súa parte, é honestidade intelectual.

E, xa que falamos de honestidade, en Galicia conseguimos acadar un amplo acordo cos médicos e cos catro sindicatos. ¿Quen non quixo acordar? A CIG, o sindicato do BNG, porque, para eles, canto peor mellor. E a proba da valentía deste sindicato foi o que fixeron o 25 de novembro: un día que debería unirnos a todos contra a violencia machista dedicáronse a violentar as traballadoras da sede do Partido Popular de Santiago, demostrando, unha vez máis, que non están nin do lado das mulleres nin do lado do pobo galego, senón do ruído permanente. *(Aplausos.)* O nacionalismo só quere boicotear, o independentismo só busca facer arder as rúas, ese é o seu lema.

Por certo, aínda estamos esperando que a voceira do BNG se sume á petición, liderada polo conselleiro de Sanidade, instando o Ministerio a dialogar e poñer fin á folga estatal convocada para os días 9, 10, 11 e 12 de decembro; unha folga contra o Estatuto marco que pretende impoñer o señor Sánchez e que ameaza con paralizar ou mermar gravemente eses catro días toda a actividade e repercutir negativamente nos tempos de espera; ese Bloque Nacionalista Galego tan belixerante en Galicia e tan manso en Madrid, onde cala cando están en risco 336 intervencións cirúrxicas, 10.000 consultas e 600 probas diagnósticas —isto só en Galicia—

E vou concluíndo. Se o Bloque Nacionalista Galego quere máis profesionais, aprendan a petar na porta na que deben petar; pídano tamén ao Goberno Sánchez, porque aquí Galicia forma o cen por cento das prazas que o Ministerio autoriza. Sen máis MIR, non hai máis médicos especialistas. Insisto: nós en Galicia convocamos todas as prazas; o problema non é a convocatoria, o problema é que non hai profesionais para cubrilas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Despois escoitámolo, señor, cando veña aquí podémolo escoitar a vostede. Non marchan, non marchan, señoría, non marchan.

Mire, isto non é unha opinión, esta é unha problemática común a todas as comunidades, de todos os signos políticos, é un diagnóstico asumido polo propio Ministerio de Sanidade, pero sobre o que permanecen de brazos cruzados. E está cuantificado nun informe elaborado pola



Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia, que proxecta un déficit acumulado ata 2037, se non se actúa de maneira coordinada no Estado.

E, en canto ás listas de agarda —do que despois falaremos—, estanse reducindo con tecnoloxía, con máis profesionais, con programación extraordinaria e máis recursos que nunca. E aí están os datos: Galicia ten hoxe as mellores listas de espera de España en atención primaria, con máis do sesenta por cento das citas en catro días. E, evidentemente, se contásemos con máis profesionais, poderíamos melloralas.

Pero ¿onde están eses profesionais, señorías? En Galicia fixemos un amplo esforzo por fidelizar profesionais, con melloras laborais, con estabilidade, con actualización retributiva. Tamén se melloraron infraestruturas.

E permítanme subliñar algo especial: Galicia non improvisa, Galicia planifica. A Xunta aplica unha planificación rigorosa dos recursos humanos, baseada nun estudo do Citmaga e da Universidade de Santiago que analiza con métodos estatísticos e matemáticos as necesidades que precisamos de médicos ata 2037.

Señora Carreira, dúas cousas: ¿que sería dos hospitais comarcais se non estivesen integrados nas áreas sanitarias? ¿Como se cubrirían esas prazas de difícil cobertura, se non se aprobase unha lei para dotar estes hospitais de prazas? —por certo, unha lei que vostedes votaron en contra—.

E, señora Carreira, fisioterapeutas en atención primaria hai desde hai tempo, e os médicos de familia só poden mandar e derivar (*Murmurios.*) os seus pacientes aos fisioterapeutas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Mire, o Goberno galego de Rueda vai seguir dialogando cos profesionais, como se demostra co acordo coa inmensa maioría deles, reforzando equipos, mellorando condicións laborais e a estabilidade, porque a atención primaria galega non necesita nin titulares nin discursos para Instagram, necesita certezas, e esas certezas, señorías, están na planificación, no investimento e nas... (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: ...realidades que lle dá o Goberno do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra a autora da moción, a señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.



Señora Amigo, eu entendo que hai veces que no medio do debate, cando alguén dá un dato, pode ser difícil coller a vuelapluma, ás veces non se entende ben, ou pilla a alguén despistado; por sorte, todas as sesións do Parlamento de Galiza quedan gravadas, están dispoñibles ademais na web do Parlamento, está dispoñible no *Diario de Sesións* a versión escrita, por se non lle apetece revisar todas as sesións.

Vir mentir aquí a esta tribuna sobre o que propón o BNG, sobre o que di o BNG, sobre a falta de propostas que nós en ningún momento tivemos neste Parlamento —como fixo, por exemplo, o señor conselleiro de Sanidade no último pleno—, a verdade eu non sei se iso é honestidade intelectual ou que é, pero o que é é unha mentira como unha catedral. (*Aplausos.*)

Falan vostedes de ruído permanente. Eu a verdade botei un vistazo, non o analicei moito polo miúdo, non a vin a vostede na excursión que fixeron, nesa saída, nesa viaxe de estudos desta fin de semana a Madrid, porque ¿iso que era? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Era unha manifestación? ¿Ou era ruído, algarada...?, non sei como a definirían.

¿Por que están tan en contra de que as profesionais reivindiquen melloras para as súas condicións? ¿Acaso pensa que as profesionais non teñen en mente as persoas ás que atenden, as pacientes, no momento en que deciden ou non sumarse a unha folga? ¿Por que poñen enriba dos ombros das profesionais as responsabilidades que son súas, cando elas deciden secundar ou non unha folga ou mobilizarse ou non para mellorar, para exixir melloras?

Vostedes veñen aquí intentar construír un relato que eu alégrome moito dos esforzos que vostedes fan. Vostede di que nós pretendemos instaurar na cidadanía o medo ou a sensación de que todo vai mal. Collín o meu teléfono, accedín á miña aplicación do Sergas —pódena coller vostedes—, eu podo pedir cita para a miña médica de atención primaria neste mes de decembro en tres ocos: o día 10 de decembro e o día 22 de decembro; un, o día 10, que se liberou porque pola mañá non había, e dous, o día 22.

E esta é a situación que sofre (*Aplausos.*) diariamente a poboación galega do noso país, día tras día, que non teñen accesibilidade á súa médica de cabeceira. (*Aplausos.*) ¿Que fai unha persoa cando se atopa nesta situación? Pois agardará ás 3 da tarde e irá ao PAC que lle corresponda, collerá o coche e irá ao servizo de urxencias hospitalario que lle corresponda ou tratará de pedir unha cita nunha consulta privada para poder solucionar o problema de saúde que lle afecta.

Vostedes seguen negando a maior. Señora Amigo, ¿cantas prazas deixou de convocar o Partido Popular desde a Xunta de Galiza antes do 2018? ¿Cantas prazas de MIR deixaron de convocar?, ¿cantas prazas de MIR? ¿Cantos MIR rematan Medicina Familiar e Comunitaria en Galiza cada ano? ¿Cantas fidelizan desas 200? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Ai, si? ¿O noventa por cento están traballando na atención primaria galega? (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

IRIA CARREIRA PAZOS: ¡Que curioso! Porque nos documentos que vostedes presentan en mesa sectorial recoñecen que non fideliza nin a metade das MIR en Medicina Familiar e Comunitaria que rematan. (*Aplausos.*)



Pero, claro, despois tamén temos que escoitar aquí como se alporizan ao dicir que 150 fisio-terapeutas no sistema..., ¿150 dixo vostede que había no sistema público de saúde, para 2,7 millóns de persoas que viven en Galiza? Eu creo que falei dunha cuestión anecdótica, non de que houbera exceso de fisioterapeutas, pero para vostedes parécelles que 150 profesionais para atender a toda a poboación galega é suficiente.

E con isto remato o debate, porque, señor Comesaña, cando queira falamos, porque —non sei— parece que non quedou contento vostede con non estar levando o tema sanitario que sempre ten o as para matar o tres. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Sobre a emenda.

(Murmurios.)

¡Silencio!

IRIA CARREIRA PAZOS: Señora Amigo, tróuxenlle a este Pleno, ao pleno pasado, o testemuño das profesionais que están, no día de hoxe, na atención primaria..., *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que rematar, señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: ...e é que están fartas das condicións nas que as teñen sumidas, que están deixando de traballar na atención primaria galega, que están repetindo o MIR para facer outra especialidade. *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: ¡Ay, Dios mío!, ¡pero é peor que o muñeco do guiñol! *(Murmurios.) (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

IRIA CARREIRA PAZOS: Señora presidenta, ¿non lle pode chamar á orde... *(A deputada Iria Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Señor Comesaña.

IRIA CARREIRA PAZOS: Sobre a emenda.

Señora Espinosa, non podemos aceptar a emenda que vostedes formulan por unha cuestión de forma. *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor.

IRIA CARREIRA PAZOS: Nós estamos a pedir a retirada inmediata da categoría de FEAP, e o acordo que o Sergas subscribiu para comezar o que recolle é unha retirada a partir do ano



2029, xa partindo da base de que esa categoría ía estar só vixente ata o 2027. Polo tanto, non podemos aceptar a súa emenda e agardamos a que o Partido Popular, en consecuencia co que asinou cos sindicatos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Carreira.

IRIA CARREIRA PAZOS: ...vote a favor, cando menos, dese punto e retire a categoría de FEAP. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

(O deputado Julio García Comesaña pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Comesaña? (Murmurios.) Silencio. (Murmurios.) Silencio, por favor.

Dentro do concepto de respecto, que, efectivamente, sempre... (Murmurios.) ¡Silencio, por favor! Dentro do concepto de respecto a que aluden constantemente todos os deputados de todos os grupos políticos evidentemente está respectar o traballo que fai todo o mundo. Entón, é certo que, cando se alude constantemente nos debates, poden pasar estas cousas, iso é evidente. (Murmurios.) Entón, a min non me gustaría... (Murmurios.) Prégolles, por favor, silencio.

¿Pode explicar por que se sente aludido, señor Comesaña? (Murmurios.) Silencio.

¿Pero poden respectar un pouco o turno de palabra dos deputados? (Murmurios.)

Si. Ten vostede a palabra. Diga.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Eu creo que teño tres minutos para falar, aínda que a algún lle pese. (Murmurios.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Si.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Non, pero non vou falar tanto. (Murmurios.) Tranquilos, non vou falar tanto.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor. (Murmurios.) ¡Silencio, por favor!

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Eu normalmente estou aquí caladiño escoitando o que din os deputados do Bloque, (Murmurios.) incluso en materia de sanidade. E hoxe fixo un comentario a señora Carreira —á que respecto moito, e ela sábeo—, dixo unha mentira directamente; xa non é que me mencione a min, dixo unha mentira. Dixo que o número de fisioterapeutas en atención primaria era anecdótico; se lles parece que 150 profesionais é un número anecdótico, pois alá vostedes. Non son anecdóticos. Fixeron no ano 2024, (Murmurios.) —¡por favor!—, no ano 2024 fixeron 800.000 consultas. ¿Parécelles anecdótico



800.000 consultas en atención primaria de fisioterapia? *(Murmurios.)* Ben, pois para min non, para min non, os 150, non. *(Murmurios.)* Pero eu non estou falando para Iria Carreira, estou falando porque vostede me nomeou e, como me nomeou, agora aguántame. Vostede, señora Pérez, tamén..., *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

JULIO GARCÍA COMESAÑA: ...agora aguántame. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¡Silencio!

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Si, si.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ¿Rematou?

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Ben, aclarado este tema, doulle as grazas á presidenta. E de verdade que falo por isto.

Moitas grazas. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Moitas grazas.

(A deputada Iria Carreira Pazos pide a palabra.)

Diga, señora Carreira: ¿para que quere a palabra, señora Carreira? Dígame.

(A deputada Iria Carreira Pazos pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Ben, moitas grazas, *(Aplausos.)* moitas grazas.

Creo que quedou suficientemente zanzado o debate. *(Murmurios.)*

A min non me gustaría ter que chamar a ninguén á orde. Prégolles a todos os señores e señoras deputadas que garden silencio e que deixen intervir.

E imos dar paso á seguinte moción.

(Murmurios.)

Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta iniciativa non se presentou ningunha emenda.



E, para defendela, ten a palabra a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Boa tarde de novo.

O conselleiro de Sanidade compareceu a semana pasada neste Parlamento e, unha vez máis, saíu pola porta sen ofrecer unha soa resposta sobre a situación das listas de espera na sanidade pública galega. E a cidadanía galega merece solucións, non evasivas nin discursos baleiros. Por iso, con esta moción hoxe pedimos medidas concretas, reais e nun prazo razoable para rebaixar as listas de espera, que están fóra de control, pero tamén algo tan básico como a transparencia. Porque os e as socialistas non imos deixar de exixir responsabilidades mentres a Xunta segue recortando, externalizando, ocultando información e non dando resposta ás longas listas de espera.

Queremos que os datos plasmen a realidade que viven milleiros de galegas e galegos que agardan meses, nalgúns casos ata anos, por unha consulta, unha proba diagnóstica ou unha intervención cirúrxica. Xa non vale limitarse a negar a evidencia, volvendo repetir datos falsos, datos maquillados, que non reflicten a situación real. Porque, ao non dar solución, o que vemos é unha Xunta incapaz de garantir unha asistencia sanitaria digna, e non dá solucións porque non hai un plan serio para recuperar a actividade.

Rueda non cumpre as promesas de rebaixar os tempos das listas de espera. Rueda o que fixo foron promesas baleiras, titulares de prensa e propaganda institucional, pero o resultado desde aquel xaneiro do ano 2023 é cero, e vemos que estamos xa cerca do ano 2026 e, tres anos despois xa, a promesa de Rueda ten cero resultados. E, mentres tanto, o presidente da Xunta e o conselleiro de Sanidade seguen instalados na autocompracencia e na manipulación das cifras.

O que está a acontecer non é un accidente nin unha mala racha, é consecuencia directa da falta —como dixen— de planificación, pero tamén da falta dun modelo, que privilexia a cosmética sobre as solucións reais.

O señor Rueda comprometeuse a baixar os tempos de espera e non o fixo. Hoxe estamos peor que cando fixo as promesas. ¿E que fai o Goberno do Partido Popular? Escudarse en listas non estruturais, en argucias estatísticas para maquillar o que calquera paciente sabe: chamar o Sergas, se un non aparece nunha lista de espera, é entrar nun labirinto sen saída, e, aínda estando nunha lista de espera, é entrar nunha carreira de obstáculos que leva moitos galegos e galegas, se poden pagala, a recorrer á sanidade privada, e non o fan por elección, senón por desesperación.

E non se trata de casos illados, como di o conselleiro, porque, se quitáramos só os nomes dos casos que coñecemos, seguro que non nos chegaban as horas deste pleno. E con estas inmensas listas de espera, para os socialistas o que está en xogo é a igualdade de acceso a un dereito fundamental, e non un puñado de votos —como dixo o conselleiro—, desprezando 360.000 persoas que están agardando ser atendidas, (*Aplausos.*) pero tamén faltándolle ao respecto a toda Galicia. E, se o Partido Popular hoxe non apoia esta moción, estará alimentando unha mentira colectiva á cidadanía galega por parte da Xunta con respecto ás listas de espera.



E imos tratar de explicar o punto 5 da nosa moción para desmontar o argumento de perogrullo do señor conselleiro de Sanidade. Decía o conselleiro que, se se cambiaba o criterio, non se podería comparar; si se poderá comparar, porque todas as comunidades autónomas cambiarán o criterio de cómputo. É máis, volvo recordarlles aos deputados e deputadas do Partido Popular que, no ano 2009, pediron que se cambiara o sistema; se vostedes o pedían, agora apoien esta moción porque o pedimos nós.

E o que non pode compararse hoxe —por dicilo de forma fina, quero dicir— é ter listas artificiais, ademais das listas non estruturais, porque sacan do sistema miles de persoas das listas oficiais. Por iso, desde o Grupo Socialista defendemos con firmeza que o Ministerio de Sanidade impulse un novo modelo de rexistro e cómputo de listas de espera; un modelo honesto, rigoroso e homoxéneo para todo o Estado; un modelo que non permita agochar os pacientes —como fai a Xunta de Galicia— nin atrasalos, e que conte a realidade completa e non só a parte que lle interesa á Xunta para construír un relato triunfalista.

E, se é certo o que di o conselleiro, que todo funciona perfectamente, o Partido Popular non debe ter medo a votar a favor da transparencia, porque quen presume da boa xestión debería ser o primeiro en exixir datos claros, verificables e comparables.

Pero remataba a miña intervención daquela interpelación ao conselleiro sinalando que moitas veces o atasco da atención especializada —da que falei ata agora— arranca na atención primaria, da que falamos ademais no punto anterior. Por iso, hoxe na nosa moción tamén queremos poñer o foco nunha cuestión que o Goberno galego leva anos evitando: que as listas de espera de atención especializada non comezan nun hospital, comezan na atención primaria, e negalo só contribúe a manter un sistema colapsado.

É necesario partir da atención primaria, e por iso pedimos dotar a atención primaria dunha verdadeira relevancia, que desde o noso punto de vista pasa por dous plans fundamentais: os recursos e o modelo asistencial. Deberíamos ir a un sistema multidisciplinar onde, apoiando os médicos, se dotara de máis profesionais, pero tamén ampliando as categorías profesionais con máis especialistas e convertendo a atención primaria na verdadeira porta de entrada á sanidade.

Estou mirando o tempo e non me dá tempo, señora Amigo, a replicarlle ao que dixo dos MIR. Pero, ben, moi rapidamente imos sumar e restar, que creo que todos sabemos. ¿Canto tarda en formarse un médico en España? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, depende da especialidade. ¿Falamos de dez ou doce anos? ¿Si? Mínimo dez anos. ¿Estamos de acordo? Si, vale. Vinte e cinco menos dez, ¿cantos son? ¿Quen gobernaba no ano 2015? *(Aplausos.)* M. Rajoy, que foi o que non sacou as prazas de MIR e agora estamos pagando esas consecuencias, señora Amigo.

E —insisto— non me dá tempo, con respecto á folga, tamén lle responderei na réplica. *(Aplausos.)*

Pero —remato xa, señora presidenta—, temos que arranxar a primaria e a especializada, porque os e as socialistas non imos resignarnos a que a sanidade siga deteriorándose día a día da man do Partido Popular. *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea. (*O deputado Armando Ojea Bouzo, do Grupo Parlamentario Mixto renuncia á súa quenda de intervención.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, Galego, a señora Prado.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidente.

Hoxe, señora Espinosa, vai permitirme, antes de que entre no fondo da iniciativa, que faga un par de *otrosí digo*, antes de entrar no meollo da cuestión, ¿non?

O primeiro é que eu lamento que haxa aquí un deputado que, dous anos case iniciada a lexislatura, pois non acaba de darse conta de que non é conselleiro, ¿non?, e que parece que o *lobby* de xefes de servizo vinculados coa docencia, vinculados coa investigación, para entregarlles investigación ás empresas privadas, lle gañaran a man e el pois deixara de ser conselleiro. É que hai que situarse, hai que resituarse, hai que resituarse.

Segunda cuestión. Eu tamén lamento que non estea aquí outra deputada, ben, calquera dos que interveu hoxe, porque veñen co argumentario —aí da igual que se fale de sanidade, que se fale da Lei do deporte—, porque a ver se algún de vostedes me pode facilitar a relación de manifestacións que van facer. Dígoo por ter unha idea, por aquilo de... Porque, claro, aquí viñeron vostedes unhas cantas ocasións exaltados, porque resulta que neste país hai mobilizacións, porque temos moitos problemas e o pobo galego mobilízase, e resulta que iso era o culmen do culmen. E agora resulta que o Partido Popular —Feixóo *dixit*— pide a máxima mobilización contra o Partido Socialista, máxima colaboración e mobilización das estruturas territoriais pedindo que freten autobuses para encher Madrid e dar unha mostra de mobilización social. ¡Ah!, hai mobilizacións boas e mobilizacións malas. Digo eu, é por se nos damos situado, porque nos teñen un pouco confundidos. (*Aplausos.*) Xa sei, xa sei. É que o pobo galego é intelixente, o pobo galego é intelixente e sabe distinguir entre (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a mentira e o bulo e o tal. Pero é que, con tanta confusión argumental, non sabemos que argumento lle toca.

Logo disto Tellado tamén *dixit*: non descarta máis «protestas contra Sánchez. Imos loitar contra eles, imos facelo nas rúas, imos enfrontalos». Só o PP pode unificar a resistencia cívica española. Chamamento á mobilización masiva. Moi ben, moi ben, moi ben *por el Partido Popular*, que entrou en razón. Entrou en razón e resulta que mobilizarse pois parece ser que *no es tan malo*, pero só se se mobiliza contra a parte correcta, e esa parte correcta decide o Partido Popular cal é, non a poden decidir os sectores afectados.

E tamén quero aquí facer un chamamento a unha explicación. Porque resulta que topámonos con que a Televisión pública galega... (*Murmurios.*) Eu agardo que lle digan que escoiten atentamente e que, se non o fan, que non lle dea tres minutos para que expliquen por que non están calados. Porque isto é o que se acaba de facer desde a Presidencia. Pois que calen, ¿non? Escoiten atentamente. E digo que a Televisión galega, sorprendentemente —e sen que sirva de precedente—, dá por bo os datos dos organizadores e resulta que en Madrid dá o dato de que se ma-



nifestaron 80.000 persoas. Ben, 80.000 en Madrid (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para unha convocatoria de todo o Estado é como se aquí en Galiza as concentracións, por exemplo, das traballadoras do SAF son multitudinarias, comparativamente. Pero aquí resulta que a Tele galega dá por bo os 80.000. Sorprendentemente non dá por bos os datos da Policía, que é o que fai sempre, ¿non?, non se dá recolocado, e resulta que, por primeira vez, son bos os datos dos convocantes. (*Aplausos.*) Imos pedir que esta sexa a traxectoria... (*Murmurios.*) ¡Home, claro!, a partir diso como é. Hai que ter amigos. A Tele galega témola que ter ao noso servizo.

E logo outra aclaración. Perdoe, señora Espinosa, pero é que isto é moito.

O PRESIDENTE: Oíu, señora Prado, mire...,

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Outra aclaración. O sindicato...

O PRESIDENTE: ...mire para o reloxo.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Si, si.

Señor presidente, eu miro o reloxo, o meu tempo...,

O PRESIDENTE: Non.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: ...igual que todo o mundo, úsoo como considero oportuno.

O PRESIDENTE: Non, non.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Non me vai dicir agora o presidente que vai marcar o que poden dicir ou non....

O PRESIDENTE: Non.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: ...nesta tribuna, (*Aplausos.*) porque podemos ir ao bar.

O PRESIDENTE: Non.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Se quere, señor presidente, imos ao bar...

O PRESIDENTE: Mire, non.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: ...e miramos os minutos que os deputados do Partido Popular dedican ao seu argumentario.

O PRESIDENTE: Perdoe un momento, non me faga falar, que hoxe non estou en condicións.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Non, non, eu falo, falo, falo.



O PRESIDENTE: Pero voulle dicir unha cousa. Existe no Regulamento un artigo que di...

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: ¡Ah!, vale.

O PRESIDENTE: ...que o presidente poderá chamala á cuestión.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Efectivamente, dun xeito discrecional...,

O PRESIDENTE: Pois eu dígolle: vaia á cuestión.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: ...como é habitual, como é habitual (*Aplausos.*) por parte do presidente.

O PRESIDENTE: Vaia á cuestión.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: Aquí as chamadas son discrecionais, dependendo de quen fai as intervencións.

Eu píddolle ao presidente...

O PRESIDENTE: Non empece comigo agora.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: ...que nesa ecuanimidade da que el quere presumir, pero que non se corresponde coa realidade, teña un pouco de ecuanimidade e mire os tempos que os deputados e deputadas do Partido Popular lle dedican á cuestión e canto lle dedican o seu argumentario, fundamentalmente antiBNG. Entón, *un poquito de ecuanimidad.* (*Aplausos.*)

Ben, indo á cuestión sanitaria, dicirlle á deputada do Partido Popular que, efectivamente, houbo unha convocatoria de folga, máis que xustificada, igual que hai mobilizacións todos os días da poboación, de norte a sur do país, de leste a oeste, porque a situación da sanidade pública neste país, en Galiza, cada día desángrase máis. E o sindicato maio-ri-ta-rio na sanidade pública de Galiza, a CIG, maio-ri-ta-rio, (*Aplausos.*) o máis votado polos profesionais da sa-ni-da-de, seguiu convocando a folga, efectivamente. Dígoo porque aquí tamén para o deputado do Partido Popular dá igual o que se faga, porque eles son aos que máis vota o pobo galego; supoño que esa mesma premisa se lle poderá aplicar ao resto. E a CIG é maio-ritaria en Galiza e na sanidade pública tamén, aínda que lles pese a vostedes. E, efectivamente, mantiveron unha folga porque as condicións —insisto— no noso país son tremendas.

E, claro, dato mata relato. E eu podo dicirlle, e repítolle: mentir é pecado, segundo os canons da Santa Madre Iglesia. E o que non pode é vir aquí continuamente a deputada do Partido Popular mentir, mentir descaradamente, mentir sobre o tema MIR, porque, efectivamente, o ministerio convoca as prazas que habilita cada comunidade autónoma e, se a comunidade autónoma non habilita, o ministerio pois non convoca. E vostede mente aquí máis que fala, continuamente. Repite machaconamente as mesmas mentiras, evidentemente, porque teñen o ecosistema mediático que llas compra. Se estiveramos nun país normal, iso non pasaría.



Pois deixe de mentir, porque a realidade do noso país é de 360.000 persoas en lista de espera. A realidade no noso país é que, no día de hoxe, a sanidade, o orzamento do Sergas medra por debaixo do orzamento do conxunto da sanidade, porque a realidade no noso país é que o orzamento para o ano 2026 aínda ten case 1.800 millóns de euros menos, se contemplamos o aumento do PIB, que no ano 2009. A realidade de hoxe é que a precariedade e eventualidade no Sergas é do cincuenta por cento en persoal facultativo e de enfermería. A realidade é que están convocadas xa tres folgas máis no noso país e unha mobilización en Vigo para este xoves, que aproveito para mostrar o apoio do BNG a esa mobilización máis que xustificada, porque a área sanitaria de Vigo é o auténtico banco de probas de todo o proxecto neoliberal que leva aplicado o Partido Popular na Xunta de Galiza desde o ano 2009, en que volveu.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA MONSERRAT PRADO CORES: E isto non fai máis que empezar, porque a poboación do noso país e os profesionais non van permitirlles que sigan por este camiño de desfeita continuada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ: Boas tardes de novo.

Moitas grazas, presidente.

Imos falar de listas de espera e ímolo facer con datos, con eses datos oficiais que dá o Ministerio de Sanidade. E son datos que, aínda que lles pese a aqueles que cren que en Galicia todo funciona peor, desmenten con contundencia ese falso relato que lle interesa construír á oposición: o relato do colapso; un embuste, señorías, non unha realidade.

Señora Espinosa, moito dramatismo, moito caso illado, moita frase efectista, pero cero rigor, cero solucións. O besteirismo quedou na política do titular e nada máis.

Polo tanto, antes de entrar no fondo, convén deixar algo claro desde o principio.

Señorías, Galicia está entre as mellores comunidades de España en listas de espera, e isto é un feito recoñecido polo propio Ministerio de Sanidade, polo Goberno de España, e ata onde eu sei, en España, en Madrid, goberna o señor Sánchez. Se vostedes non lles cren estes datos, xa é unha cuestión de vostedes.

Vostede, señora Espinosa, criticaba o conselleiro porque daba un batiburrillo de datos. Evidentemente, están molestos, porque os datos desmontan o seu discurso. Díganme: ¿cales destes datos non son reais? Díganme. Galicia é a segunda comunidade con mellores tempos de espera en primeira consulta. Somos a cuarta comunidade en datos de cirurxía. Temos



case cincuenta días menos de espera que a media española; só o 4,2 por cento dos pacientes agardan máis de seis meses fronte ao 20 por cento estatal. E, mentres aquí baixamos tempos, en España soben tempos. Repito, segundo o propio Ministerio de Sanidade do Goberno do señor Sánchez.

E a vostedes, que tanto se lles enche a boca falando de transparencia, saiban que Galicia publica os datos antes ca ninguén e con máis detalle do que exige a normativa estatal. Aquí non hai ocultación, señorías. Ocultar é publicar un venres pola tarde sen comunicar nada, como fixo o Ministerio de Pedro Sánchez, a ver se cun pouco de sorte os españois non se decatan de que as comunidades que peor lista de agarda teñen son aquelas onde gobernan os socialistas ou en coalición cos nacionalistas. E digo eu que os datos terán o mesmo modelo para todo o Estado. E os peores datos de España están precisamente en comunidades gobernadas polo PSOE: Cataluña e Castela-A Mancha. E, como di a señora Prado, dato mata relato. Claro que si, mentres que en Cataluña o 30,3 por cento agarda máis de seis meses, pois en Galicia o 4,2 por cento; mentres que Cataluña sofre unha subida escandalosa en consultas de noventa e oito a cento doce días nun ano, Galicia reduce en quince días.

Así que, señorías, menos discursos moralizantes.

Vostede, señora Espinosa, sinto dicirlle que representa o partido que peor xestiona as listas de espera en España. E isto é obxectivo. *(Aplausos.)* ¿Que pasa en Cataluña, señorías?; ¿que pasa en Cataluña, liderada polo señor Illa, que foi ministro? ¿Que me di vostede? Suponse que, coa experiencia que ten, co bo xestor que di que é, sumados eses tantos médicos que di a señora Pontón que sobran en España, non debería ter listas de espera. Non sei, xa me explicará o que ocorre alí.

Señorías, hoxe en Galicia hai máis actividade que nunca, case 110.000 intervencións cirúrxicas no primeiro semestre, aumentan nun 1,5 por cento, 51.500 consultas máis, en vías rápidas de cancro 13.500 consultas e 6,6 días de espera. Todas as áreas sanitarias, por debaixo dos oitenta e cinco días, e 2 millóns de probas diagnósticas, un 2,8 por cento máis. E Galicia lidera en moitos eidos, dende logo somos privilexiados, temos unha sanidade punteira, que, desde logo, queremos seguir mellorando, evidentemente. *(Aplausos.)*

Miren, nós non nos conformamos con estas cifras de listas de espera, claro que non, e os galegos tampouco esperan que o seu goberno se conforme. Pero, se comparamos xestión e capacidade de goberno, socialistas e nacionalistas sempre, sempre, perden nesa comparación. Dende o Partido Popular estaremos sempre dispostos a facer todos os esforzos posibles e o Goberno de Rueda sempre aposta pola mellor sanidade posible.

Miren, o sábado pasado invitáronos a toda a Comisión de Sanidade, a Comisión 5ª, do Parlamento a visitar o futuro Centro de Protonterapia de Galicia e ver instalarse a primeira peza do ciclotrón. Imos ser a primeira comunidade de España en contar con esa tecnoloxía na sanidade pública, grazas á doazón de Amancio Ortega, que vai permitir tratar con máis precisión especialmente nenos con cancro sen ter que saír de Galicia. Un avance histórico, para celebrar. ¿Onde estaba a oposición? Dende logo por alí non os vin; a pesar de estaren convidados, non apareceron. Iso si, vimos que, xusto en fronte, estaba un voceiro seu, señor Es-



pinosa —non me faga así coa cara—, que tivo tempo para ir ver as urxencias do CHUS e criticar a saturación propia desta época do ano, evidentemente, porque estamos cun impacto da gripe que chegou antes. Para iso si que había tempo. E aí está a diferenza: uns celebramos os avances e outros dedícanse ao desprestixio. *(Aplausos.)*

E miren, non teña a soberbia de reprochar ao Partido Popular a privatización, cando vostedes saben, porque así se constatou nas fiscalización do Consello de Contas, que só o 0,11 por cento das garantías, de tempo, se derivaron á privada; no primeiro semestre deste ano, cero.

¿Sabe onde está a privatización? Na súa cabeza e no seu discurso. Pero, se de verdade lles importa a situación do sistema público de saúde, terían que tomar exemplo do que fai Galicia, reaccionar ante a folga médica, sobre a que xa falamos antes, porque dende Galicia, dende logo con acerto —xa o dixeran antes— o conselleiro instou a ministra a resolver esa folga.

E nós, señorías e señora Prado, non estamos en contra da folga. A Xunta respecta o dereito de folga, claro que o respectamos, pero mire, unha cousa é manifestarse, mobilizarse e outra cousa é a falta de respecto, que foi o que dixeran, do sindicato da CIG co que fixo aquí na sede do PP de Santiago; iso non é manifestarse, iso é faltar ao respecto. Aí está a diferenza. *(Aplausos.)*

E, señora Prado, estou de acordo cunha cousa que vostede dixo aquí. Evidentemente, o pobo galego é un pobo intelixente, por iso nós estamos aquí e vostedes están aí.

Mire, hai unha cousa, que nesa folga que tivo un seguimento dun 6,8 por cento pola mañá e un 4 por cento pola tarde, todos os sindicatos estiveron de acordo, pero, dende logo, a CIG non, porque, claro, mire, coa CIG os acordos son como os cometas, aparecen pouco e duran pouco tamén. E mire, é como cando un quere montar un moble cando non temos instrucións e sempre falta unha peza. Imposible chegar a un acordo coa CIG.

¿Queren axudar a Galicia? Empecen a tomar medidas de impacto estatal para corrixir esa falta de médicos que hai en toda España. En todo o país faltan médicos, porque o Goberno central non forma, non nos permite formar todos os que necesitamos. Galicia fai o que lle corresponde, xa o dixeran antes: forma o cen por cento.

Miren, vostedes intentan desgastar o Goberno galego mentres que calan en Madrid, pero a realidade é moi teimuda: Galicia mellora, reduce tempos, opera máis, atende máis e cumpre máis. Por iso, señorías, menos ruído e menos alarmas fabricadas. Freen esa folga que hai a nivel estatal con diálogo e teñan máis respecto polos profesionais da sanidade pública galega, que cada día demostran, con datos na man, que Galicia funciona.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche da señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señora Amigo, díxenllo o outro día, pero vólvollo repetir: o ministerio non opera, o ministerio non consulta, o ministerio non ten datos, son os



datos que envían as comunidades autónomas, (*Aplausos.*) que o único que fai é pasalos a un formato homoxéneo. Díxenllo o outro día, a propia ministra dixo que non eran datos homoxéneos, que non se podían comparar. Polo tanto, se as outras comunidades autónomas non menten e dan os datos de verdade, ao mellor están por atrás de Galicia, que é a que mente, engana e oculta información. Esa é a realidade.

E mire, de verdade, de verdade, señora Amigo, as listas de espera sanitarias non son unha estatística, por favor, representan homes, mulleres, nenos e nenas que están enfermos e sen diagnosticar. E non me veña con máis escusas, porque, como médico, deberían entender ben. Cando as listas de espera crecen, a calidade asistencial reséntese e aumenta a desigualdade, e iso é o que estamos a padecer en Galicia.

E mire —vólvollo dicir—, antes fíxenlle unha proba con números: quen fixo ou sacou os peores datos de MIR neste país, porque dende que goberna Pedro Sánchez levamos batendo récords de prazas de MIR e de atención de formación especializada, cubrindo os déficits que deixou Rajoy, que deixou esas prazas en mínimos. E ¿por que deixaron vostedes prazas sen convocar en atención primaria, anestesistas, radiólogos? Agora si, agora láméntanse do que fixeron hai anos e queren culpabilizar a quen realmente lle está traendo a solución, que é o Goberno de España.

Pero mire, tampouco me falou da atención primaria, porque necesitamos mudala, necesitamos esa multidisciplinaria real e efectiva e necesitamos máis recursos humanos, porque o modelo non está funcionando.

E, xa que me fala da folga, vou dedicar dous minutos a iso. O Partido Popular amosa preocupación pola folga os vindeiros días 9 e 12 de decembro e con motivo da negociación do Estatuto marco. ¡Home!, alégrome de que lle preocupen as condicións laborais, por iso espero que hoxe aproben esta iniciativa. Se tanto lles preocupan as condicións laborais, apóienas. Nós valoramos moito ese interese que agora de repente lles entra, aínda que tamén botamos en falta que non tivesen ese mesmo interese cando houbo a folga de Galicia. Ou sexa, que son dúas varas de medir. Cando a folga se convoca a nivel estatal, miden dunha forma e, cando se convoca a nivel de Galicia, miden doutra. (*Aplausos.*)

Pero mire, ese estatuto marco leva tres anos negociándose, e vostede, que é médico, sábeo; é do ano 2003 e polo medio pasaron moitos gobernos do Partido Popular que non tiveron a valentía de negociar ese acordo marco e hoxe o Goberno de España estao negociando, leva tres anos e así seguirá ata mellorar as condicións dos traballadores.

Remato xa, pero si antes quérolle dicir unha cousa: dóeme moito que diga que non asistimos a esa inauguración; eu desculpeime persoalmente, pero non pode facerse a invitación catro horas antes para que non poidamos asistir. Esa tamén é a realidade. (*Aplausos.*) Para que non asistan pois convocámoslos catro horas antes, porque, de verdade, nós tamén temos algo que facer, aínda que lles pareza que non.

E agora si que, de verdade, remato, e pídolle ao Partido Popular, pido á Xunta de Galicia acción, rigor e vontade política para arranxar a sanidade, que non a vemos nin nun espello.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das mocións

O PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, sobre o exercicio da función inspectora da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, que non a aceptou.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, sobre a situación actual en que se atopa a atención primaria da sanidade pública galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Elena Espinosa.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, sobre as estratexias previstas polo Goberno galego para reducir as listaxes de agarda sanitarias, especialmente en consultas, cirurxía e probas diagnósticas.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto quinto da orde do día, que son proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que consigne nos orzamentos de 2026 as partidas necesarias para rematar a construción da vía de alta capacidade Costa Norte

O PRESIDENTE: Para formular esta proposición non de lei, ten a palabra o señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Estaba na fin de semana pensando a ver como introducía o tema da VAC Costa Norte, porque falouse tantas veces aquí, durante tantos anos, que xa non se me ocorría como innovar un pouco. Entón ía pola casa, atopei unha foto e entón xa se me ocorreu. *(O deputado Daniel Castro García mostra unha fotografía.)* Aquí estaba, aquí estaba eu cando anunciaron a VAC Costa Norte. Igualiño, ¡eh!, igualiño. É que cando anunciaron a VAC Costa Norte eu tiña cinco anos. Cando anunciaron a VAC Costa Norte, o señor Aznar aínda non nos metera na guerra ilegal de Iraq; cando anunciaron a VAC Costa Norte, aínda non sabíamos nada da súa indignidade e de que era o *Prestige*; cando anunciaron a VAC Costa Norte, seguían e estaban en contra do matrimonio igualitario e en contra do aborto —non sei se seguen agora—; cando anunciaron a VAC Costa Norte, non había redes sociais; e é que, cando anunciaron a VAC Costa Norte, pagábase con pesetas, con pesetas; e vinte e cinco anos despois aquí seguimos, cun mundo totalmente diferente, e na Mariña, cunhas estradas do século XX, e iso é unha absoluta vergonza. *(Aplausos.)*

E non o digo eu só, ¡¿eh?! Pénsao toda a xente, de Ribadeo ao Vicedo, pasando por Mondoñedo e por onde faga falta, de todas as ideoloxías. Para que se fagan unha idea do que pensa *La Voz de Galicia*, tres titulares: «Con infraestruturas tan arcaicas, non podemos competir en igualdade de condicións», asina *La Voz de Galicia*; «*La incomunicación del norte de Galicia lastra su desarrollo y su competitividad*»; «*Sin carreteras ni un plan de futuro para el norte “estamos esquecidos”*».

E traemos hoxe esta iniciativa porque estamos fartos e fartas de agardar, porque non se pode agardar un cuarto de século —¡un cuarto de século!— a cambio de nada. Pero como para todo hai unha explicación detrás, e isto da VAC Costa Norte non foi unha idea que chegase así, da noite para a mañá, e ¡veña, imos tirar con este estilo de vía de comunicación!, a vía de alta



capacidade —que pasaba pola Mariña, Ferrolterra— non é outra cousa que unha compensación aos veciños e veciñas da Mariña, de Ortegal e de Ferrolterra por ese pequeno detalle de que a autovía do Cantábrico —atentos e atentas ao termo, «do Cantábrico», jojo!— se desviase por Vilalba; así, casualmente —eu creo que aí non tivo nada que ver o león de Vilalba, pero iso xa pasou, e hai que afrontar o futuro—. E cada ano pasa a situación e cada ano é máis vergonzosa. Son 110 quilómetros os que tiña que haber construídos —¡Cento dez quilómetros!— e vinte e cinco anos despois están construídos quince —¡quince!, case dezaseis—. ¡É unha absoluta vergonza! Tanta vergonza é que, se seguísemos a este ritmo, teríamos que agardar 165 anos para vela construída, e eu creo que os que estamos e as que estamos aquí non imos vivir 165 anos máis, non a imos ver construída, salvo que cambie o Goberno, evidentemente. (Aplausos.)

Máis datos para que se siga visualizando mellor. A media anual é de 650 metros ao ano —¡paseniño, non vaia ser, *con buena letra*, que non se equivoque!—, e non foi por promesas, porque foi xa no propio Goberno de Fraga, no ano 2001, cando a Xunta de Galiza dicía que ía estar rematada a VAC Costa Norte en 2007 —¡en 2007, ¿eh?!—, e estamos en 2025, cerca de 2026. Ese ano viuse que non chegaba, despois pasou o Goberno bipartito e, despois de que no Goberno bipartito se licitase e se constrúisen parte dos únicos quilómetros que están construídos —que todo hai que dicilo—, optaron por unhas novas datas, aumentaron a aposta e logo chegou esta, a do ano 2011 —poñámonos no calendario—: «*Agustín Hernández dice que el 78 por ciento de la VAC Costa Norte estará acabada en 2015*». Non chegamos nin ao 15 por cento; fala do 78 por cento no 2015 e non estamos nin no 15 por cento.

Pero, por elevar —e imos para arriba—, Feijóo, 2010, titular de *La Voz de Galicia* tamén —tíramos hoxe da Voz—: «*La VAC Costa Norte será la muestra del compromiso de la Xunta con la vertebración territorial*». ¡Caramba!, camiño de 2026 e sen que sirva de precedente voulle dar a razón ao señor Feijóo: para vostedes vertebrar parece que é soamente chegar antes a Madrid. Comunicar vilas e concellos do noso país é secundario, é terciario ou o que lle queiran chamar. E, entón, xa pregunto: ¿como queren que se desenvolva industrialmente a comarca da Mariña, de Ferrolterra, de Ortegal ou o país en conxunto? ¿Como se van implantar industria e empresas nunha comarca que segue tendo unhas vías de comunicación do século pasado?

Porque, ademais, A Mariña sempre foi motor industrial da provincia de Lugo, e desde que o PP chegou ao poder en 2009 eu non vin outra cousa máis que empresas e factorías pechadas na nosa comarca, pero unha tras outra, e se queren dígolles a restra delas que tiveron que pechar desde o ano 2009, en concreto desde o 2010. ¡Pero para isto haberá unha solución!, e, entón, xa lles pregunto se cren que cos catro *milloncejos* que poñen todos os anos se vai resolver este problema, porque fan: control c, control v, todos os anos nos orzamentos. ¡Catro millóns para a VAC Costa Norte!, e cos propios datos da Xunta de Galiza soamente a variante de Viveiro —¿vale?— está valorada en torno a cen millóns. ¡Xa me dirán como se vai rematar esta vía de alta capacidade! ¿A onde imos con iso?, porque non sei canto cren que podemos agardar máis: ¿vinte e cinco anos máis?, ¿cincuenta?, ¿cen?, ¿que se faga soa?...

Por iso lle pedimos que orcen e que cumpran xa para o próximo ano. Deixen de fomentar o de que haxa unha Galicia de dúas velocidades e conciban este país como o que é: un país que



ten que estar conectado e articulado entre as diferentes vilas do país, para que poida desenvolver todo o potencial que ten, que, de verdade, é moitísimo.

E xa por resumilo: eu son de Ribadeo e cada vez estou máis cerca de Madrid, pero igual de lonxe de Viveiro. Queden con iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Non existe un compromiso real por parte do Goberno galego na construción de infraestruturas en vías de altas prestacións e de capacidade. É unha situación que vimos denunciando de forma reiterada. Nos debates de orzamentos repítese ano tras ano a mesma falsidade. Consígnanse cifras mínimas para o ano seguinte que logo non se executan e faise unha proxección de cifras máis altas para anos posteriores, querendo dar a imaxe de que se acabarán executando esas infraestruturas, e, ao ano seguinte, o mesmo, o que significa que non se executa absolutamente nada e que as infraestruturas seguen no mesmo estado. No proxecto de orzamentos para o ano 2026 repítese esta perversa mecánica.

Pódense poñer exemplos das catro provincias onde a falta de compromiso é certamente preocupante: a VAP Tui-A Guarda, en Pontevedra; a conversión en autovía do corredor Nadelá-Sarria, en Lugo; a circunvalación Leste en Ourense; e a vía de alta capacidade Costa Norte, que hoxe nos ocupa e que discorre por dúas provincias, A Coruña e Lugo. É un dos mellores exemplos desa falta de compromiso da Xunta e do incumprimento das promesas electorais do Partido Popular. Mentres se nega financiamento ás infraestruturas pendentes, abóanse 300 millóns ás construtoras para rescatar unhas autovías polas que as galegas e os galegos non pagabamos peaxes. O PP sempre á beira dos que máis teñen e abandonando os que máis o necesitan.

O programa electoral de Feijóo do 2009 —co que conseguiu chegar á Presidencia da Xunta— prometía ter en servizo en 2012 unha autovía duns oitenta quilómetros entre Ferrol e San Cibrao. Dezaseis anos despois só están en funcionamento dous tramos que suman dezaseis quilómetros. Feijóo volveu prometer esta vía e incluíuna como compromiso na súa proposta do Pacto de Estado para Ferrol en 2021. A VAC Costa Norte é unha vía de altas prestacións planificada que conectaría por estrada a zona costeira do norte de Galicia, unindo Ferrol con San Cibrao —municipio de Cervo na costa de Lugo—. A idea naceu como compensación ao cambio do trazado orixinal da autovía do Cantábrico A-8, que finalmente non seguiu o litoral. A VAC ía destinada a evitar que as comarcas costeiras do norte galego quedasen illadas. A VAC permitiría conectar de forma máis directa e segura as comarcas costeiras, como a zona da Mariña, Ortigueira, Ortegal e Ferrolterra con Ferrol, e desde alí coa



Galicia interior e podería funcionar como corredor de longo percorrido, o que facilitaría o transporte de mercadorías e o tránsito turístico pola costa norte. Actualmente a zona costeira do norte de Galicia sofre un déficit de infraestruturas modernas de transporte, o que historicamente obstaculizou o seu desenvolvemento socioeconómico. A VAC é vista como infraestrutura clave para reverter este illamento. Unha boa comunicación pode favorecer a fixación de poboación, evitando o despoboamento, e facilitar o asentamento de empresas ou investimentos en comarcas tradicionalmente marxinadas pola mala conectividade. Substituír estradas antigas con trazados tortuosos e que atravesan núcleos urbanos por unha vía de altas prestacións incrementa a seguridade viaria. O trazado moderno permitiría substituír obstáculos xeográficos mediante viadutos e calzadas adecuadas.

Todo isto non se pode levar a cabo pola negativa do Goberno da Xunta, ano tras ano, negando a construción desta vía. Ás escusas de todos os anos agora engádese un fascículo máis da confrontación permanente co Goberno central. Todo lle vale ao presidente Rueda, e agora a chantaxe de condicionar esta vía á realización doutras infraestruturas. Agora o Goberno galego castiga esta vía e a toda a costa norte para o medio prazo —afirman—, o que na práctica significa o abandono total. *(Aplausos.)*

O Goberno de Galicia debe levar a cabo o compromiso coa costa norte de Galicia, porque, pola contra, será responsable das consecuencias dese eterno atraso. O que se perde mentres se complementa é a persistencia do illamento. As comarcas costeiras seguen con comunicacións deficitarias, o que frea o seu desenvolvemento demográfico, económico e social; tamén a dificultade para atraer investimentos, empresas ou turismo sostible. Fai falta boa conectividade para que haxa oportunidades reais de emprego e iniciativa privada; tamén hai problemas de seguridade viaria, convivencia de tráfico local con tránsito de longo percorrido por estradas non aptas, maiores tempos de desprazamento e desgaste nas antigas infraestruturas; tamén a sensación de abandono e desigualdade territorial respecto a outras zonas mellor comunicadas e que xeran descontento social e político nas comarcas afectadas.

A VAC Costa Norte segue sendo clave e urxente. O Goberno galego non lle pode dar as costas a unha parte tan importante do territorio que se xoga gran parte do seu futuro en que esta infraestrutura sexa acometida de inmediato. A VAC Costa Norte non é só unha estrada; representa unha infraestrutura estratéxica para a vertebración do norte de Galicia, para conectar comunidades costeiras historicamente illadas e para permitir o seu desenvolvemento económico, social e demográfico. A súa finalización contribuiría a mellorar a calidade de vida, a seguridade viaria e a accesibilidade e abriría novas oportunidades de desenvolvemento territorial. O atraso crónico e a lentitude na súa execución lastran estas posibilidades. Durante máis de dúas décadas promesas non cumpridas mantiveron a rexión nunha situación de desvantaxe grave. Se se culminase a VAC, podería cambiar o paradigma de infraestruturas na zona. Por tanto, a VAC Costa Norte segue sendo de vital importancia —posiblemente das infraestruturas máis críticas pendentes en Galicia— e o seu impulso real debería ser unha prioridade urxente para o Goberno de Rueda. Manter a situación actual é castigar a costa norte de Galicia, as comarcas de Ferrolterra, de Ortegal e da Mariña lucense, os seus habitantes e as empresas, e condenalos a non ter futuro.



En suma, os socialistas reivindicamos un compromiso real coa costa norte de Galicia e votaremos a favor desta proposta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Martínez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Pois é unha mágoa, señor Castro, pero eu non atopei unha foto miña de 1993, que foi o ano no que o entón ministro de Transporte, Abel Caballero, prometeu que chegaría o AVE a Galicia. (*Murmurios.*) ¡Xa o sinto! (*Aplausos.*) Pero ben é certo que si que —como ben apuntou vostede— 25 anos son moitos. Mire se son moitos que aínda non estaba a súa voceira nacional no Parlamento. ¡Aínda non entrara, señoría, aínda non entrara!

Pero mire, se vostede quería lembrar cousas que tamén pasaron neses anos —hai 25—, podía lembrarse vostede de dous compañeiros seus, deputados en Madrid, que daquela xa comprometían o apoio aos orzamentos a cambio de dúas cousas: unha delas era o dique norte de Alcoa e a outra era a autovía da Mariña. Dígoo porque cando mire esa foto ao mellor tamén lle pode lembrar ese tipo de recordos, ¿verdade? Porque non é que ningunha das dúas cousas non estivese feita, jé que nin a empezaron!

Miren, a Xunta de Galicia está a traballar tanto no desenvolvemento de novas infraestruturas viarias de competencia autonómica como na mellora das xa existentes, priorizando aquelas actuacións máis necesarias, atendendo a criterios de eficiencia e eficacia dende a perspectiva social, económica e ambiental. E, para todo isto, aposta por ir por unha planificación que as faga viables, avanzando en actuacións por fases que faciliten a súa construción, na medida que sexa factible, con cargo aos orzamentos.

No caso da VAC da Costa Norte, a Xunta está a avanzar no impulso desta actuación, que require de importante investimento. Fíxoo xa poñendo en servizo o treito entre Celeiro e San Cibrao, grazas a un investimento de 50 millóns de euros realizado polo Goberno galego en plena crise económica. E tamén a variante de Ortigueira, tamén en plena crise económica, que supuxo un investimento doutros 50 millóns de euros. No que se refire aos treitos restantes —os que están pendentes de executar—, a Xunta de Galicia presentou un plan de actuación aos alcaldes dos municipios afectados, cunha proposta viable que ten en conta a realidade territorial, con actuacións a curto, medio e longo prazo.

Cómpre sinalar que esta VAC ten dúas funcionalidades complementarias entre si: unha, mellorar a accesibilidade, tanto da Mariña como de Ortegal e Ferrolterra; e outra, ser a alternativa para o tráfico de longo percorrido. Pero, para ambas, e especialmente para o tráfico de longo percorrido, é importante ter unha visión de conxunto consistente e coherente, que



non se compadece co apoio que quen hoxe trae esta iniciativa aquí, en todo momento e condición, pasa o que pase, procesa ao Goberno do Estado. É tal a veneración do Bloque Nacionalista Galego ao Goberno do Estado que recentemente o presidente Sánchez, respondendo a unha pregunta do BNG, afirmou que a A-54 estaba plenamente operativa. Pódese entender a resposta por parte de Sánchez; ao fin e ao cabo, se di que non coñece persoalmente a Abalos, menos vai coñecer se a A-54 está operativa ou non... Pero, o que non se pode entender, é que o deputado nacionalista en Madrid, o señor Rego, asentise coa cabeza ante tamaño bulo, iso é o que non se pode entender. ¡Que grande oportunidade para ser un pouco bravos en Madrid, señorías! Pero ao señor Rego non se lle escoitou nin piar. ¿Que pasou? ¿Tampouco vén a Galicia o señor Rego? ¿Non hai caixa de resistencia para que veña de cando en vez? ¿Ou é que están tan ansiosos no BNG por dicir que lles cumpriron algo daquel pacto de investidura a Sánchez que xa dan por cumprido o punto que dicía «*Finalización dos tramos pendentes da autovía Santiago-Lugo antes do fechamento do exercicio 2024*»? Pois non, señorías, o ano que está rematando é o 2025; e non, a autovía Santiago-Lugo non está rematada. (Aplausos.) O compromiso non está cumprido. Niso pasan os anos, pero non cambia: o Partido Socialista séguelos a estar toleando. (Aplausos.)

E menos mal que non dixo que a autovía da Mariña estaba plenamente operativa, porque igual o señor Rego volvía asentir. Autovía da Mariña que, por certo, non estaba nin nese acordo de investidura. ¿Será que non a consideran tan importante? ¿Ou que é máis cómodo reclamarlle á Xunta? ¡Tan bravos aquí e tan mansos alí! O nacionalismo que máis barato lle sae a Pedro Sánchez, pero máis caro lles sae aos galegos, señoría.

E hai que insistir nisto, non por ganas de sacarles as cores —que tamén—, senón por pura lóxica. Porque a continuidade natural da VAC Costa Norte na provincia de Lugo é cara á A-8, e non hai tráfico de longo percorrido nin conectividade para Viveiro a través da rede de alta capacidade, se non hai a autovía da Mariña, a A-74, que depende do Estado. Pero no día de hoxe esta autovía estatal non ten nin un quilómetro do seu trazado en servizo nin hai tampouco unha previsión de prazos para a súa execución. Os orzamentos xerais do Estado para 2023, primeiro vixentes, logo bivixentes, agora trivixentes e, en breve, tetravixentes, só recollen partidas simbólicas para esta infraestrutura.

Dende o Goberno galego e dende o Partido Popular seguiremos a exixir avances concretos na execución desta infraestrutura estratéxica para a vertebración da Mariña e para mellorar a súa competitividade. E, mentres, seguimos a avanzar nos nosos compromisos coa VAC Costa Norte.

Para a provincia da Coruña, a Xunta optou por actualizar o proxecto construtivo do treito da AG-64, San Sadurniño-A Sanguineira, e a incorporación do enlace coa AG-64, o que suporá un investimento superior aos 40 millóns de euros. O proxecto de construción está actualmente en fase de supervisión por parte dos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas.

Na provincia de Lugo acordouse traballar na continuidade do treito en servizo Celeiro-San Cibrao. Que a variante de Viveiro non avanzase na época na que máis recursos había para estas actuacións foi responsabilidade practicamente única e exclusiva do anterior Goberno municipal de Viveiro. Opúxose á inclusión do enlace de Magazos, enlace centro de Viveiro,



no trazado desa variante, necesario para garantir a súa funcionalidade e para poder dividir a actuación en fases útiles. Ante esa negativa, a Xunta formulou unha nova alternativa dunha ponte sobre a ría. Tamén se opuxeron. E logo rachan as vestiduras e pregúntanse o porqué dalgunhas mocións de censura. Señorías, deixen vostedes de facerse tantas preguntas cara a fóra e fagan algunha de vez en cando cara a dentro. Nas últimas semanas o novo equipo de Goberno interesouse de novo pola variante de Viveiro e ofreceu a colaboración municipal para avanzar. Polo tanto, confiamos en que nos vindeiros meses haberá avances como os que está a haber en case todos os eixos viarios de alta capacidade dependentes da Xunta de Galicia.

Polo tanto, a Xunta está a traballar para desenvolver a VAC da Costa da Morte, coa mesma estratexia de traballo miúdo e constante que está a permitir materializar varios eixos viarios simultáneos de competencia autonómica: a autovía do Morrazo, a autovía do Baixo Miño, a autovía Santiago-A Estrada, a autovía Brión-Noia, a autovía Lugo-Sarria ou a prolongación da autovía da Costa da Morte, entre outras. E grazas —si, señor López Font—, entre outras cousas, a que a Xunta se liberou por fin este ano dunha das últimas mochilas de débedas do Bipartito, a das concesións en sombra. Grazas a iso hai cartos que destinar a estas actuacións. Polo tanto, si, foi un acerto facelo.

E neste traballo que está a desenvolver a Xunta, o grupo propoñente —e remato xa— está sempre a favor da idea, pero sempre en contra de materializala; con posturas incomprensibles, como, por exemplo, opoñerse a que a autovía AG-59 cruce o río Ulla, mentres, ao mesmo tempo, se demanda que a AG-31 atravesese o parque do Xurés. Señorías, podemos afirmar sen asumir moitos risco que falta pouco para ver a pancarta de «Variante de Viveiro, si, pero non así». *(O deputado Roberto Ridríguez Martínez amosa unha fotografía.)* Faralles falta, ¿saben por que? Porque a Xunta está comprometida con sacar adiante os seus compromisos; iso si, pola pancarta da AP-9, que nun mes volverá subir outro cinco por cento, por esa os galegos podemos esperar sentados.

Remato agradecendo todo o recoñecemento e toda a preocupación que dedicaron ao longo deste pleno polas mobilizacións do Partido Popular. Vindo de vostedes, que son os verdadeiros expertos, a verdade é que tomamos nota de todo o que nos teñen que dicir. Pero, iso si, teño que dicirlles que nós introducimos unha innovación para esas manifestacións: nós, señorías, non pagamos a ninguén para que vaia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición, o señor Castro.

DANIEL CASTRO GARCÍA: Eu ás veces digo que teño a sensación de que nos gravan como nestes programas de cámara oculta; logo na Galega non sae, pero grávannos. ¡De verdade!

Señor Rodríguez, ¿que dixo? Ou sexa, ¿que dixo? ¿Que intervención foi esta? Porque eu prefiro rirme por non enfadarme. É unha decisión que tomei hai tempo, porque o visto neste



Parlamento... ¡Xa sei que fago ben! É unha pena, tamén, que a xente que ten certo vínculo con Ribadeo non interviñese neste tema. *(Aplausos.)* E tamén doutros lugares desta marabillosa comarca que é A Mariña. ¡A ver! *(Aplausos.)* ¡Con cariño, por Deus! ¡A ver!

Xa que nos poñemos con datas e rememorandos, cando eu tiña cinco anos o señor Rueda xa levaba cinco anos en política; ou sexa, que aquí hai para todos, de verdade. *(Aplausos.)* Pero ben, imos intentar darlle un pouco de sentido a isto, que eu sei que estivo aquí oito minutos para dicir que votaban que non e que non soase tan forte dicir que votaban que non —salvo que me sorprenda—. Foi o propio Goberno do señor Aznar o que decidiu que a autovía da Mariña non pasase pola Mariña. ¿E que me vén dicindo do 1993 e do señor Caballero e demais? Non, é que, de verdade, temos aquí uns debates que me sorprenden tanto; e, ao final, se nos poñemos serios, esta é unha falta de respecto tremenda á xente da Mariña, de Ferrolterra e de Ortegal, que están vendo como 25 anos despois non teñen o equivalente a unha autovía. *(Aplausos.)* E no que lle respecta á Xunta, quince quilometriños en 25 anos. ¡Home, por Deus! *(Aplausos.)* Ou sexa, eu sei que todo o mundo intenta coar argumentario, pero é que hai ás veces unhas cousas que, mi madriña, ¡de verdade!

E logo, se falamos da autovía da Mariña, da A-74, ¿que pasou con Aznar no período entre 2000 e 2004? ¿Por que non fixeron nada aí? Que agora ao PSOE, vamos, a caña que queiras, porque ata agora non hai nada. E é unha vergonza que non haxa nin unha soa pedra posta. Absoluto. Pero, ¿que pasa do 2011 ao 2018 no Goberno de M. Rajoy? A señora Ana Pastor, ¿que era? ¿Aí non lle quería á Mariña, ou que? ¿Que pasou? ¿Aí non lle reclamaban nada? ¿E saben que pasaba aí? Que o BNG no 2014 ía ao Congreso reclamala. ¿E que votaba o Partido Popular? ¿A que non mo din? ¡Votaba en contra da A-74! ¡Ah! ¡Mi madriña! Home, ¡por Deus! *(Aplausos.)*

E como a culpa aquí é de todos menos do propio Partido Popular, logo caeu no Concello de Viveiro. No Concello de Viveiro que xa non debería entrar niso, que xa tiña un proxecto aprobado, que logo modificaron, pero dá igual. Porque, ¿que pasou? Que houbo unha moción de censura. ¿A cambio de que? Non sei, porque o punto número 1 desa moción de censura era ter a variante de Viveiro construída. ¿E cartos para iso? Non. ¿Que mostra? Que a vostedes dálles igual o que poña no papel, só queren gobernar para reter o poder, e aí van comprando quen se deixe comprar en calquera punto do país, clarisimamente. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Porque o que lles están dicindo aquí é que ese acordo que asinaron lles daba igual, porque están poñendo nos orzamentos, negro sobre branco, que non o van facer. *(Aplausos.)* ¡Non o van facer! E a cidadanía de Viveiro dálles igual, o único que queren é a Alcaldía porque só pensan así. *(Aplausos.)* E, quen di Viveiro, di o Valadouro; e só quedo na Mariña, non tiro para abaixo. Que é unha vergonza, home, por favor, é unha absoluta vergonza. *(Murmurios.)*

Estou eu no turno de palabra, ¡reláxense! Moi ben, moitas grazas. *(O deputado José Alberto Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Pazos, reláxese, por favor. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Murmurios.)*

Silencio. Non estou en condicións eu para...



DANIEL CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Por dar un último detalle, porque xa se acabou, e así pode ser o resumo marabilloso de para que serve este Parlamento. Esta iniciativa, o Bloque Nacionalista Galego de Viveiro levouna a Pleno. O PP alí votou a favor. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Dolores Hermelo Piñeiro e oito deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia da elaboración e avaliación dun estudo técnico respecto das necesidades da comarca do Morrazo en canto aos servizos de atención sanitaria continuada e urxente

O PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento ao convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Moaña en febreiro de 2020, referente ao Punto de Atención Continuada (PAC) no novo centro de saúde e, en concreto, ao establecido no segundo parágrafo da cláusula primeira do dito convenio.»)

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Hermelo.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Na comarca do Morrazo existen dúas áreas sanitarias: Pontevedra norte e Pontevedra sur. Dentro da área sanitaria de Pontevedra sur están englobados os concellos de Cangas e de Moaña, separados entre si por sete quilómetros e unidos por varias vías de comunicación fluídas. Son concellos polos que a Consellería de Sanidade no ano 2018 fixo unha aposta clara e un estudo de necesidades sanitarias coa participación de profesionais sanitarios, doantes, os propios concellos, usuarios e todo tipo de asociacións. En definitiva, señorías, un estudo feito por todos e para todos, un plan funcional que definiría as estratexias e a ordenación de recursos atendendo as necesidades poboacionais. Nunha segunda fase, examinaríase o punto de partida e faríase unha revisión da actividade no curto e no medio prazo, e, nunha terceira, estableceríanse os criterios funcionais e as dimensións, definindo os centros necesarios, as súas capacidades e a súa ordenación.



¿Cal foi o resultado, señorías? Un novo centro de saúde en Moaña e un centro integral de saúde ubicado en Cangas.

O centro de saúde de Moaña está a piques de ser rematado, retrasado —hai que dicilo— pola mala xestión do Goberno local de Moaña, do Bloque Nacionalista Galego; un Goberno local incapaz de executar a acometida de augas necesaria, motivo polo que o novo centro de saúde de Sisalde aínda non está operativo. A Xunta fixo un investimento de máis de 9 millóns de euros e o Concello mantén o novo centro de saúde de Moaña sen auga. (*Aplausos.*) Todos os espazos previstos no convenio están executados, incluso o PAC. Serán os profesionais sanitarios quen determinen os servizos que garantan a mellor asistencia aos veciños e ás veciñas.

Señorías, a sanidade non vai ser nunca unha moeda de cambio para o Partido Popular. A sanidade será para o Partido Popular unha ferramenta pública ao servizo dos veciños e das veciñas; non ao servizo nin da CIG, representada aquí nesta Cámara polo Bloque Nacionalista Galego, nin ao servizo do Partido Sanchista, alias «Socialista», que nada fixo pola sanidade pública nin en Galicia nin en España. (*Aplausos.*) ¡Nada, señorías, nada, salvo empeoralala!

¿É necesario completar este estudo? Si, por suposto, pídeno os profesionais sanitarios e tamén o piden as circunstancias, porque, a estas alturas, segundo as previsións, a comarca do Morrazo xa debería ter un centro de saúde novo en Moaña e un centro integral de saúde en Cangas. E, debido a uns gobernos municipais incapaces e torpes, a Comarca do Morrazo aínda non ten en marcha o centro de saúde de Moaña. ¿E que dicir do CIS de Cangas, do centro integral de saúde? Nin tan sequera o Concello de Cangas foi quen de ceder a parcela ao Sergas. Esa é a realidade, señorías, da comarca do Morrazo. E, por iso, porque ningún dos compromisos adquiridos polos concellos de Moaña e de Cangas se fixo, entendemos que as novas circunstancias deben ser avaliadas.

Xa non serve o estudo feito con anterioridade, porque a casuística é totalmente diferente, porque os veciños e veciñas do Morrazo queren melloras na sanidade pública. E, para iso, señorías, para iso, é necesario que deixemos dun lado as siglas e que traballemos polos veciños e polas veciñas, fartos de que se intente manipular a dor e fartos de pancartas. O que queren é que se traballe para que o Centro Integral de Saúde do Morrazo poida ser unha realidade, como xa vai sela o novo centro de saúde de Moaña cando o Concello teña a ben dar a subministración de auga. O que queren os veciños e as veciñas é que os gobernos municipais do Bloque Nacionalista Galego deixen de bloquear estas novas infraestruturas sanitarias. (*Aplausos.*)

Este estudo, señorías, será un punto de partida para avaliar as necesidades reais e as necesidades futuras —nada de pancartas—, comprometéndonos a que o resultado dese estudo será a ruta das urxencias sanitarias no Morrazo. Se o estudo pide a descentralización do PAC do Morrazo, pois perfecto, que se faga e que se leve a cabo esa descentralización, garantindo sempre a mellora aos veciños e ás veciñas. Se o estudo pide a centralización, señorías, deixemos as liortas e traballemos para que sexa tamén efectiva e para que sexa realmente unha mellora sanitaria para os veciños e as veciñas. En definitiva, o que demandamos na nosa iniciativa é que escoitemos os profesionais sanitarios e que traballemos como deberíamos facer para os veciños e veciñas, porque é deber do Goberno sempre situar os recursos onde máis beneficioso sexa.



Levamos uns anos co PAC centralizado e os datos son claros: tres cuartas partes da atención do PAC son pacientes de Cangas e un cuarto de Moaña. Señorías, esta é a realidade. ¿Podemos mellorar? Por suposto, a sanidade sempre ten que mellorar; cada vez ten máis demandas e ten que atendelas. A Xunta de Galicia reforza o compromiso coa sanidade no Morrazo e faino con feitos, señorías. Feitos como a reforma do Centro de Saúde de Domaio, ampliando tamén o número de profesionais. Feitos como incorporar unha ambulancia de soporte vital avanzado con base en Moaña, que reforza as urxencias. Feitos como manter a partida orzamentaria precisa para executar o centro integral de saúde en Cangas, cando, por suposto, o bloqueo do Goberno municipal de Cangas poida ser superado. Defendemos un reforzo da sanidade pública de verdade.

¿Que se fai desde os gobernos do Bloque e do PSOE en Cangas e Moaña?, ¿que se fai? Manifestacións, riñas, liortas. En definitiva, xestión cero e pancartas todas. (*Aplausos.*)

Unamos forzas, señorías, unamos forzas e consigamos dunha vez que os gobernos de Moaña e de Cangas deixen de facer política coa sanidade, que sexan quen de traballar para os veciños e para as veciñas e que deixen aos profesionais sanitarios que fagan o seu traballo, porque diso vai esta proposición.

O compromiso da Xunta é innegable: 10 millóns de euros de investimento en Moaña. Nunca antes houbera ese investimento. E agora a pelota está no tellado dos concellos do Bloque Nacionalista Galego. O 30 de outubro a Consellería de Sanidade pediu ao Concello de Moaña que desbloquease o remate das obras do novo centro de saúde. Máis dun mes despois, todo segue igual. É incompatible, señorías, falar de defender a sanidade cando o que se fai é enganar e bloquear. Non se pode falar de loitar por Galicia e os galegos e ir en contra da súa sanidade, dos seus profesionais sanitarios. Señorías, deixen de loitar contra a sanidade pública galega e, dunha vez, por favor, aposten por ela.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

MARÍA ELENA ESPINOSA MANGANA: Señora Hermelo, o Partido Socialista fixo nin máis nin menos que a Lei xeral de sanidade de Ernest Lluch, unha lei que foi decisiva para garantir un sistema sanitario público e universal. (*Aplausos.*) Oxalá o Partido Popular fixese algo parecido.

E, mire, antes de entrar, loxicamente, erros cometémolos todos —eu a primeira—, pero supoño que aquí non foi un erro, que foi o subconsciente que a traizoou, porque dixo que estaban empeñados en recortar a sanidade, ou algo máis ou menos similar. Pídlle que revise a súa intervención. (*Aplausos.*)

Pero, ben, imos entrar nesta iniciativa, e, antes de ver os aspectos concretos que o PP trasladada a este pleno sobre a dotación dun punto de atención continuada no novo centro de saúde



de Moaña, creo que é necesario facer algunha referencia á historia. Pero á historia real; non a que aquí nos contaron. É unha historia que non só é dun edificio, senón dun compromiso colectivo coa sanidade pública, coa dignidade asistencial e co dereito da veciñanza de recibir unha atención de calidade no seu propio concello. E isto é o que defendemos dende o Grupo Socialista.

A construción do centro de saúde de Moaña era unha necesidade prioritaria para os veciños e as veciñas de Moaña. O centro de saúde quedara pequeno, insuficiente e incapaz de responder a crecente demanda asistencial. Os profesionais reclamaban máis espazo e mellores condicións para exercer o seu traballo, e os veciños e a maioría dos grupos do Concello insistiron reiteradamente na necesidade dunha nova infraestrutura sanitaria. Non foi un camiño fácil. Tivo que superar atrasos, revisións e compromisos incumpridos; demoras na tramitación urbanística e na definición do proxecto técnico, falta de orzamento da Xunta e un deseño e características que se foron modificando ao longo do tempo.

Agora, o Partido Popular trasládanos aquí un novo episodio, pero é necesario retrotraerse ao ano 2020. O 13 de xaneiro do ano 2020 o entón conselleiro de Sanidade, o señor Almuíña, convoca a unha reunión a alcaldesa de Moaña para avanzar na redacción dun convenio de colaboración respecto do centro de saúde. Dous días máis tarde, o Concello de Moaña recibe un borrador de convenio enviado polo Sergas. Neste, detéctase un problema, dado que non contempla manter o PAC no novo centro de saúde. Textualmente dicía: «Así mesmo, valórase, ao finalizar as obras de construción do novo centro de saúde, a posibilidade de manter un punto de atención continuada no concello de Moaña».

Por mor deste parágrafo do convenio, é cando a Mesa Local da Sanidade pide a súa rectificación no sentido de que debe recoller explicitamente que o novo centro de saúde vai contar cun PAC, polo menos ata que se constrúa o CIS do Morrazo, quedando ao final unha cláusula que recolle a demanda. En concreto di: «Así mesmo, o novo centro de saúde contará cunha zona destinada a punto de atención continuada para prestar este servizo en Moaña mentres non se constrúa o Centro Integral de Saúde».

Xa recentemente viamos como non había avances, ou máis ben todo o contrario. E, desde o noso grupo, presentamos unha iniciativa a primeiros do mes pasado ao detectar que a decisión se retrasaba e que había un afán por parte da Xunta de torpedear. Naquel momento, mesmo chegamos a pensar que a Xunta esquecera o último convenio asinado, por dicilo de forma suave; que se retrotraía ao borrador do convenio —como xa se dixo aquí— e que este era o motivo polo que se falaba de elaborar un estudo de necesidades antes de tomar a decisión de se o novo centro de saúde de Moaña ía contar cun servizo de urxencias ou non. Pero a intencionalidade non era ese erro de ir ao borrador, era outra.

Hoxe o Partido Popular trae aquí unha iniciativa que nada ten de debate, senón que é para pór a venda antes da ferida e para xustificar que ten o apoio deste Parlamento para modificar e cambiar os acordos asinados por un conselleiro. ¿Os convenios, señores do Partido Popular, están para cumprirse ou só para sacar fotos e modificalos cando a vostedes lles conveña? ¿Para que serve un convenio onde hai varias partes firmantes, neste caso dúas, cando logo as modificacións se producen unilateralmente?



Dende o Grupo Socialista, imos votar en contra desta proposta, se non aceptan a nosa emenda de substitución. Porque o que exiximos é un cumprimento escrupuloso do convenio e, por tanto, o que queremos é que o novo centro de saúde conte cun punto de atención continuada. Non parece normal que pidan agora un estudo de necesidades cando antes, cando antes Moaña xa contaba cun servizo de Urgencias e as circunstancias non cambiaron; as demandas non se modificaron á baixa desde o covid-19, e a poboación, señora Hermelo, está estable desde o ano 2019 ata hoxe. Non parece normal que, cando o edificio por fin vai ser unha realidade, a Xunta se pretenda agochar detrás dun estudo, que non é máis que unha escusa para non dotar o centro do persoal e recursos que lle corresponden. Como adoitamos dicir en Galicia, son escusas de mal pagador, porque outras xustificacións xa non valen. ¿Prefiren que digamos que toman as decisións sen ton ni son, sen xeito nin dereito cando un conselleiro asina un convenio?, ¿prefiren que digamos iso? ¿Prefiren que digamos que lles dá igual o que asinen porque despois o van modificar? Pedimos seriedade ao respecto, e pedímolos por máis de vinte mil habitantes de Moaña e porque o estudo de necesidades é un paso atrás inxustificable. Non estamos ante ningunha novidade, non estamos ante unha demanda improvisada; estamos ante unha reivindicación avalada pola realidade asistencial da comarca.

Señores do Partido Popular, Moaña xa ten demostrado de sobra a súa necesidade dun PAC propio. Ningún estudo vai descubrir nada que non saibamos. O último que provoca esta decisión que queren tomar é atrasar e prexudicar a veciñanza, e a sanidade non admite atrasos nin análises que só buscan xustificar a inacción. Por iso, pedímoslles dende o Grupo Socialista que acepten a nosa emenda de modificación, porque non é nin máis nin menos que copiar textualmente o que di un convenio firmado por un conselleiro, aínda que hoxe non teña nin exerza ese labor. Pódese, ademais, falar con el, porque é alcalde dun concello galego e seguro que recoñece a súa firma e a ratifica; xa dubidan ata de que el firmase.

Pero remato xa pedíndolles, de verdade, que fagan o PAC de Moaña, porque o punto de atención de Moaña non é un luxo, senón que é unha necesidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Ríos Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidente.

Señora Hermelo, jexíxolle que retire esta iniciativa e que pida perdón á veciñanza de Moaña polo esperpento que acabamos de vivir aquí! (*Aplausos.*) Pídlle, exíxolle que, de aquí a mañá, retire esta iniciativa e que pida perdón á veciñanza de Moaña, señora Hermelo. Porque é unha verdadeira infamia só ver a iniciativa, e despois, aínda por riba, escoitar a súa defensa. É unha total infamia, despois de todos os anos que leva a veciñanza de Moaña cos problemas sanitarios, que vostedes sigan a rirse dela ano tras ano, día tras día, e que agora veñan coa nova ocorrencia para seguir mareando a perdiz e para intentar facer política partidista da máis noxenta con algo tan fundamental como é a saúde nos nosos concellos, señora Hermelo.



É que esta iniciativa —que ten tempo ata mañá para retirala, por sentido común, por respecto á veciñanza de Moaña e da nosa comarca— é que xa non hai por onde collela, non é nin emendable. Respecto a opción do Partido Socialista, mais non é nin emendable esta iniciativa. Aquí, describenos unha situación idílica, cando di: «Os concellos de Moaña e de Cangas, separados por apenas sete quilómetros e unidos por vías de comunicación rápidas e directas...». Faltoulle dicir que están empedradas de ouro e de flores, señora Hermelo, e que a xente pode ir sen ningún tipo de problema, que non lle custa absolutamente nada, ningunha molestia ter o seu PAC no concello veciño. A verdade é que é realmente lamentable.

Vaiamos á parte resolutiva. A parte resolutiva, basicamente, resúmese en: o PP considera que o acordo ao que o PP chegou co Concello non é axeitado, e pide que o PP lle encargue ao PP un informe que diga o que o PP quere mudar do contrato co PP. (*Aplausos.*) Iso é o que vostedes están aquí dicindo. Vostede quere que se faga un estudo, e vostede na súa iniciativa xa di cal vai ser o resultado do estudo, que contradí o acordo ao que chegou o PP co Concello de Moaña.

Vostedes, xa no ano 2018, non querían que Moaña tivese Urxencias. Queren desmantelar por completo a nosa atención primaria e, por sorte para vostedes e por desgraza para o resto de Moaña, da veciñanza de Moaña, tiveron que cambiar o PAC a Cangas cando chegou a covid. Vostedes xa non querían as Urxencias en xuño de 2018 e tiveron que tragar con Urxencias en Moaña porque xa non podían seguir adiando máis a situación do centro de saúde. Despois chegou a pandemia e dixeron: *esta es la nuestra*; cargámonos por completo as Urxencias de Moaña, mandámolas para Cangas, e, aquí, política de feitos consumados. Nin estudio, nin outro estudo, nin absolutamente nada. Recortamos, deixamos sen servizos a xente de Moaña e que se apañen. ¡Total, xa se acostumarán, se apenas hai sete quilómetros ata o PAC de Cangas! Unha verdadeira infamia, señora Hermelo. É así como vostedes tratan a veciñanza de Moaña e tamén de Cangas.

A min, señora Hermelo, xa me parece o colmo que agora a culpa da situación sanitaria a teñan os concellos do BNG; xa me parece o verdadeiro colmo. Eu era concelleiro no Concello de Moaña cando se empezou co trámite da construción do centro de saúde. As trabas, os paus na rodas que puxo a Xunta de Galicia, o Partido Popular, para que non se construíse o centro de saúde de Moaña foron históricas, e vostedes estiveron, elección tras elección municipal, sen construír o centro de saúde de Moaña, utilizando a construción do centro de saúde de Moaña para ver se gobernaban. E nin así, señora Hermelo. E, cando se deron conta (*Aplausos.*) de que non ían gobernar en Moaña —e, así, vano facer aínda menos— decidiron que xa era hora de que se [...] o centro de saúde. Deron para atrás parcelas, non servían os metros, agora non servía o outro, cando despois, sen embargo, viamos que o centro de saúde que se construíra no concello de Marín tiña aínda menos metros do que se dixerá en Moaña. ¡Realmente, unha falta de respecto, un boicot absoluto do Partido Popular á veciñanza de Moaña durante máis de dez anos! E, agora o problema é que o Concello é vago, non xestiona e demais. ¡Señora Hermelo, por favor, é que non llo cre ninguén, é que non llo cre ninguén! É que a súa acción no Concello de Moaña nos está levando aos peores resultados da historia. Ninguén os cre, ninguén os cre, porque realmente é increíble pensar isto.



E, se imos loxicamente ao grande cabalo de batalla do PP de Cangas para as eleccións municipais do ano 2027, os terreos para o Centro Integral de Saúde da Rúa, ¿sabe quen si ten terreos, señora Hermelo, dende hai máis de quince anos e aínda a Xunta non moveu un dedo? ¡A veciñanza do Hío! ¡O Concello puxo á disposición os terreos hai máis de quince anos (*Aplausos.*) para a construción do centro de saúde do Hío e vostedes non moveron nin unha soa pedra, señora Hermelo, segue alí o terreo a monte! Vostedes non moveron nin unha soa pedra. E agora, claro, o Goberno do BNG leva dous anos na alcaldía, pero é o culpable de toda a parálise dos terreos do Centro de Saúde da Rúa, cando vostede sabe perfectamente a problemática que hai aí neses terreos. Vostede, loxicamente, presentarase ás eleccións dicindo que, se vostede é alcaldesa, o Centro Integral de Saúde do Morrazo vai ser unha realidade, ¡pero vamos, aos dous días! Así como en Ribeira co centro de maiores, máis ou menos como en Ribeira.

En realidade, señora Hermelo, eu creo que a torpeza é importante. ¿Sabe que día é hoxe? Hoxe é 2 de decembro do ano 2025. ¿Sabe que se conmemora en oito días, señora Hermelo? O comezo dos catro anos de mobilización ininterrompida da veciñanza de Moaña polos seus servizos sanitarios, (*Aplausos.*) en defensa da súa saúde, da súa vida; deses que vostedes din que son uns alborotadores, os das liortas, os das riñas. ¡Non se confunda! (*Aplausos.*) En Moaña, non hai liortas, en Moaña non hai riñas; ¡en Moaña, a inmensa maioría da poboación sabe perfectamente quen é o culpable, e é o Partido Popular! (*Aplausos.*) Non hai ningunha riña, porque os seus compañeiros e compañeiras nin sequera aparecen para falar coa veciñanza por aí porque saben perfectamente o que hai.

E, cando o BNG leva iniciativas para a recuperación das Urxencias en Moaña, ¿que fai o Partido Popular de Cangas? ¿Vén co estudo? ¿Din á veciñanza: non, é que imos incumprir o convenio, porque falta un estudo...? ¡Non, vota a favor! ¡Como non vai votar a favor! Hai consenso absoluto en Cangas de toda a sociedade, partidos políticos e colectivos; absolutamente de todo o mundo menos de vostede e da Xunta de Galiza. Bastante triste forma de ir en contra de toda a veciñanza, de todos os colectivos, de todas as formacións políticas representadas no Concello de Moaña.

Señora Hermelo, eu vou facer extensible —porque seguro que non lle vai parecer mal á veciñanza de Moaña— que a convide no próximo domingo á manifestación que vai ter lugar conmemorando os catro anos —máis de duascientas semanas— de mobilizacións continuadas en Moaña. Veña. Non sei se estivo o domingo en Madrid cos seus compañeiros e compañeiras. Así poderá escoitar o que opina a veciñanza e Moaña e, ademais, poderá ver como se monta unha manifestación sen dar pena, sen ser un planchazo, sen ser un fiasco, reclamando dereitos e non prebendas e privilexios noxentos e partidistas. ¡Para iso vostedes collen a pancarta!; para as pancartas en defensa da xente, da vida, da saúde e dos dereitos vostedes non collen nin unha pancarta! En defensa do seu xefe de filas, si. O Comité Central de Génova 13 mandou ir a Madrid, e imos todos a Madrid. E, cando a veciñanza de Moaña leva máis de catro anos mobilizándose, ¿onde están vostedes? Dándolle as costas e traendo aquí infamias como a que trouxo hoxe a este Parlamento.

Está en tempo de retirar esta iniciativa e de pedir perdón. Espero que o faga. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Hermelo.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Grazas, presidente.

Señora Espinosa, vostede non leu a iniciativa e hoxe veu aquí falar do seu libro, si. E que unha socialista fale estrañada de cambios nas decisións..., ¡home!, fale con Junts. *(Aplausos.)*

Señor Ríos, no seu idioma: o BNG firma que marchen as Urgencias de Moaña; porque iso firmou o BNG. Despois, o BNG se manifesta por non ter Urgencias; tamén o BNG. O BNG non abre o centro de saúde novo para defender a sanidade; ese tamén é o BNG. ¡E o BNG se manifesta contra o BNG, señor Ríos! *(Aplausos.)* Ese é o seu idioma. ¡Que vostede, despois dun mes de estar aquí acusándome —todo o seu partido— de golpista e de organizar manifestacións, me veña dar clases, pois non, señor Ríos, non!

O convenio asinado no 2020 entre a Xunta de Galicia e a alcaldesa do Bloque Nacionalista Galego de Moaña di que se centralizarán as Urgencias do Morrazo en Cangas. ¡Firmado polo Bloque Nacionalista Galego, señor Ríos! Non minta, que está firmado. *(Aplausos.)* O que non di ese convenio é que Cangas seguiría neste momento sen o Centro Integral de Saúde, porque está bloqueado por un Goberno pseudoprogresista de esquerdas, señor Ríos, do que vostedes forman parte. Dez anos de bloqueo do Centro Integral de Saúde do Morrazo. Eses son vostedes, un goberno incapaz de pór á disposición da Xunta os terreos para a construción desta infraestrutura.

Fala do Hío. Home, o Bloque Nacionalista comprou, e pagou o Partido Popular, que veu despois. Porque nin iso fixeron. ¡A parcela máis cara da historia do Morrazo, señor Ríos, para nada! *(Aplausos.)* Para que a Xunta invista e faga un centro integral de saúde merecido no Morrazo facían falta uns terreos que non están. Eses son os gobernos nacionalistas e o idioma «benegués». Serven vostedes as siglas e non os veciños nin as veciñas. Coñezo as súas manifestacións; j están os do BNG de Cangas, os do BNG de Bueu e os do BNG de Moaña e catro veciños familiares, señor Ríos! *(Aplausos.)* Coñezo ben a manifestación. Fíxese vostede, e nin sequera me viu señor Ríos.

Moaña firma un acordo de centralizar Urgencias en Cangas e despois se manifestan cada quince días en contra do que firmaron. Esa é a súa realidade, unha realidade na que saen perdendo os veciños e as veciñas do Morrazo, a quen se priva dos servizos sanitarios necesarios. É un Bloque en constante campaña difamatoria contra os profesionais sanitarios, contra a Xunta e contra todo, e un Partido Socialista de Galicia perdido, sen rumbo, coa cabeza nas nubes, como Air Europa, señora Espinosa, *(Aplausos.)* pensando en todo o que vai vir de Soto del Real, do módulo 13. Igual pensan na sanidade de alí, déanlle voltas. Son dous partidos que falan de sanidade e de medidas sociais e que son incapaces de reclamar a Madrid, por exemplo, que cumpra coa Lei de dependencia; dous partidos que queren dar leccións e despois morren polos seus actos. Por exemplo, o Bloque Nacionalista Galego, coa CIG, o seu brazo armado, asaltando de xeito violento, *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* no día da non violencia á muller, de xeito violento. *(Aplausos.)*



(Murmurios.) O Partido Socialista dotando as mulleres de pulseiras compradas en AliExpress. ¡Vergoña, señora Espinosa!

Vostedes falan de sanidade no seu documento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, leo o documento de sanidade do Bloque e do PSOE cando gobernaban. Dícían —en castelán, porque o publicaron en castelán; non confiaban nos sanitarios galegos—: «*Se afirma el carácter supralocal, supramunicipal de los PAC. Es la Administración sanitaria quien determina el número y situación de los PAC, teniendo en cuenta los criterios de número de habitantes y demanda atendida, dispersión geográfica y comunicaciones viarias. PAC rural con una ratio de 25.000 en una isócrona de treinta minutos*», Ríos, trinta minutos. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Iso é o que dicían vostedes. O que pretendían era eliminar PAC e optimizar e centralizar recursos. Vostedes falaban de isócronas e de como reducir o número de PAC primando a centralización. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, voulle pasar unha copia, voulle pasar unha copia. E agora, coma Sánchez, cambian de opinión, non lles consta ou non lembran.

Señorías, señorías, na miña casa aos desmemoriados... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: ...recoméndaselles comer rabos de pasas, así que a iso señorías, a iso; aproveiten, que estamos na época. *(Risos.) (Murmurios.)* Nós seguiremos traballando con rigor e responsabilidade e da man dos profesionais pola mellora do servizo público de saúde do Morrazo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* e vostedes van chegar ao absurdo.

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: En breve, señor Ríos...,

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: ...en breve, manifestaranse contra vostedes mesmos, incapaces de avanzar. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

MARÍA DOLORES HERMELO PIÑEIRO: Señorías, señorías... *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas señora Hermelo, grazas.




Sobre a emenda, entendo que non a acepta.

E a expresión, eu entendina no sentido que hai que entendela. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, perdón, perdón. ¡Non é armado de arma!, *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* así o entendín eu. Moitas veces tense utilizado esa palabra coloquialmente. Ou sexa, quedou claro o que ela quería dicir, non é armado de arma. *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Suspendemos ata mañá.

Suspéndese a sesión ás sete e tres minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

